



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 121

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 16 de setembro de 2015

Presidencia da Excma. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.3 38298 (09/PNP-002788)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co persoal docente e cos centros educativos públicos de ensino non universitario.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 490, do 02.07.2015

5.4 39004 (09/PNP-002849)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de mellorarlle a atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 500, do 31.07.2015

5.5 39404 (09/PNP-002866)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co sector naval galego para impulsar a entrada no sector da fabricación de compoñentes da eólica mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 504, do 10.08.2015

5.6 39686 (09/PNP-002891)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que solicite ao Consello de Europa que no acordo acadado en relación coas tarifas das empresas de telecomunicación se inclúa a anulación de forma sistemática do cobramento do *roaming* aos cidadáns empadroados nas poboacións galegas transfronteirizas situadas na zona estimada de invasión das redes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 02.09.2015

5.7 39789 (09/PNP-002900)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e tres deputados/as máis

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a modificar a lexislación estatal e autonómica para acadar a prevención e a protección integral contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 02.09.2015

5.8 40057 (09/PNP-002919)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 02.09.2015

Punto 6. Interpelacións

6.1 38789 (09/INT-001453)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas aos datos incluídos na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 2014, aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 28.08.2015

6.2 39557 (09/INT-001477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para que os barcos galegos de cerco dispoñan do aumento de cota de bocarte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 02.09.2015

6.3 39592 (09/INT-001478)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio, e catro deputados/as máis

Sobre a aplicación da disposición transitoria terceira, punto 3, da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xuño, de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 02.09.2015

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 40801 (09/POPX-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as demandas da cidadanía de Vigo en materia de atención hospitalaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 9.09.2015

7.2 40864 (09/POPX-000144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co sector leiteiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 9.09.2015

7.3 40880 (09/POPX-000145)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a política sanitaria que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co novo hospital de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 9.09.2015

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 40877 (09/PUP-000214)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo, e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para colaborar na resposta á crise humanitaria que se está a dar na Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 9.09.2015

8.2 38903 (09/POP-003531)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a oferta formativa no Centro Integrado de Formación Profesional Portovello, de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 28.08.2015

8.3 39305 (09/POP-003575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto da denuncia en relación coa discriminación polo uso da lingua galega dunha usuaria do campamento de verán organizado polo Centro Hípico Casas Novas, de Arteixo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 504, do 10.08.2015

8.4 39471 (09/POP-003602)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos avances producidos nos dous últimos anos no eido da protección dos Camiños de Santiago

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 02.09.2015

8.5 39060 (09/POP-003553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados/as máis

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia dos riscos que en materia de saúde pública puido ter para a poboación de Ferrol e os concellos de Ares, Mugardos, Narón e Fene a subministración de auga potable

Publicación da iniciativa, BOPG n° 500, do 31.07.2015

8.6 40845 (09/PUP-000212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e tres deputados/as máis

Sobre as razóns que xustifican os cambios introducidos na licitación para a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG n° 515, do 9.09.2015

8.7 39977 (09/POP-003663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para a recuperación dos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla, O Cabi-do e o Boído

Publicación da iniciativa, BOPG n° 511, do 02.09.2015

8.8 40842 (09/PUP-000211)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre as medidas propostas polo Xunta de Galicia para a saída da situación de emerxencia que sofren as explotacións gandeiras

Publicación da iniciativa, BOPG n° 515, do 9.09.2015

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora presidenta anuncia o debate acumulado de dúas preguntas ao presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 10.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas da cidadanía de Vigo en materia de atención hospitalaria. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política sanitaria que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co novo hospital de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 10.) e Sra. Díaz Pérez (AGE). (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 11.)

Réplica dos autores: Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 13.) e Sra. Díaz Pérez (AGE). (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co sector leiteiro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Jorquera Caselas (BNG). (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Réplica do autor: Sr. Jorquera Caselas (BNG). (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)

Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co persoal docente e cos centros educativos públicos de ensino non universitario. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 19.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Docasar Docasar (S). (Páx. 19.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Pombo Rodríguez (BNG). (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 23.), Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 24.) e Sr. Fariñas Sobrino (P). (Páx. 25.)

O señor Docasar Docasar (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 26.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Hipólito Fariñas Sobrino e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de mellorarlle a atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA). (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 27.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fariñas Sobrino (P).* (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 30.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 31.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 33.) e *Sr. Docasar Docasar (S).* (Páx. 34.)

O señor Fariñas Sobrino (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 35.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co sector naval galego para impulsar a entrada no sector da fabricación de compoñentes da eólica mariña. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 36.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 39.) e *Sra. Sestayo Doce (S).* (Páx. 40.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 41.) e *Sra. Díaz Pérez (AGE).* (Páx.42.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 43.)

Proposición do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Noela Blanco Rodríguez e dous deputados máis, sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que solicite ao Consello de Europa que no acordo acadado en relación coas tarifas das empresas de telecomunicación se inclúa a anulación de forma sistemática do cobramento do *roaming* aos cidadáns empadroados nas poboacións galegas transfronteirizas situadas na zona estimada de invasión das redes. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Blanco Paradelo (P).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 48.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 49.) e *Sr. Ron Fernández (AGE).* (Páx. 50.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse sobre a emenda. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a modificar a lexislación estatal e autonómica para acadar a prevención e a protección integral contra a violencia de xénero. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 55.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 56.) e *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 57.)

A señora Adán Villamarín (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 58.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 61.) e *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 64.) e *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 65.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 66.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e D. Ramón Vázquez Díaz, sobre a realización polo Goberno galego dun plan integral de recuperación dos recursos marisqueiros da ría de Arousa: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego en relación co persoal docente e cos centros educativos públicos de ensino non universitario: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Hipólito Fariñas Sobrino e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de mellorarlle a atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA): *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co sector naval galego para impulsar a entrada no sector da fabricación de compoñentes da eólica mariña: *aprobada por 40 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España en relación coas tarifas das empresas de telecomunicación: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a M^a do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a modificar a lexislación estatal e autonómica para acadar a prevención e a protección integral contra a violencia de xénero: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a M^a do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a modificar a lexislación estatal e autonómica para acadar a prevención e a protección integral contra a violencia de xénero: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a M^a Montserrat Prado Cores e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego en relación coa prórroga da concesión de ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Interpelación de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas aos datos incluídos na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 2014, aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE).* (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero).* (Páx. 71.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE).* (Páx.) (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero).* (Páx. 74.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos e retómase ás catro e trinta e tres minutos da tarde.

Interpelación de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para que os barcos galegos de cerco dispoñan do aumento de cota de bocarte. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 75.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 77.)

Réplica do autor: *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 80.)

Interpelación de D. José Antonio Sánchez Bugallo e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a aplicación da disposición transitoria terceira, punto 3, da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xuño, de costas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S).* (Páx. 81.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle).* (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S).* (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle).* (Páx. 85.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para colaborar na resposta á crise humanitaria que se está a dar na Unión Europea. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero).* (Páx. 87.)

Réplica do autor: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 89.)

Pregunta de D^a Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre a oferta formativa no Centro Integrado de Formación Profesional Portovello, de Ourense. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)* (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)* (Páx. 91.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto da denuncia en relación coa discriminación polo uso da lingua galega dunha usuaria do campamento de verán organizado polo Centro Hípico Casas Novas, de Arteixo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)* (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 94.)

Pregunta de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte do Goberno galego dos avances producidos nos dous últimos anos no eido da protección dos Camiños de Santiago (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)* (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 97.)

Pregunta de D^a Beatriz Sestayo Doce e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración pola Xunta de Galicia dos riscos que en materia de saúde pública puido ter para a poboación de Ferrol e os concellos de Ares, Mugardos, Narón e Fene a subministración de auga potable. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Sestayo Doce (S)*. (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Sra. Sestayo Doce (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 100.)

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Tellado Filgueira (P), que intervén para responder a unha alusión. (Pax. 101.)

Pregunta de D. José Antonio Sánchez Bugallo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns que xustifican os cambios introducidos na licitación para a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 102.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 103.)

Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela e D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para a recuperación dos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla, O Cabi-do e o Boído. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)* (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)* (Páx. 106.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e seis deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas propostas pola Xunta de Galicia para a saída da situación de emerxencia que sofren as explotacións gandeiras. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 107.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)* (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)* (Páx. 109.)

Remata a sesión ás sete da tarde.

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Ocupen os seus escanos, por favor.

Reiniciamos a sesión co punto 7, que é o de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Comezamos coas preguntas acumuladas de don José Luis Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e dona Yolanda Díaz Pérez, portavoz do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas da cidadanía de Vigo en materia de atención hospitalaria

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política sanitaria que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co novo hospital de Vigo

A señora PRESIDENTA: Ten en primeiro lugar a palabra, para formular a súa pregunta, don José Luis Méndez Romeu do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Vostede ten varias débedas con Vigo, ante todo unha débeda de respecto cos veciños que reclaman algo tan sinxelo como non ser discriminados, algo tan elemental como ter a mesma asistencia sanitaria que no resto do país e algo tan básico como non ser enganados polo Goberno. Veciños discriminados cando se lles ofrece unha asistencia diferente á dos demais hospitais ou cando gastando 1.500 millóns de euros non se crea nin unha soa cama hospitalaria nova.

1.500 millóns de euros para un hospital con menos prestacións e con máis limitacións no funcionamento, con menos servizos que outros, iso afirman con coñecemento de causa os propios facultativos dese hospital.

Veciños enganados cando o Goberno promete 1.300 camas e constrúe 800, enganados cando se promete un hospital público e se constrúe un hospital que será privado durante vinte anos. Un hospital onde os traballadores públi-

cos deberán negociar continuamente as condicións de traballo e asistenciais porque se contempla unha dimensión de lucro empresarial dentro do propio hospital que entrará en conflito coa dimensión clínica.

Logo de anos de protestas dos profesionais, desoídas por vostedes, agora son os cidadáns de toda condición os que claman nas rúas contra o espolio da saúde e a resposta de vostede, a única resposta do primeiro mandatario de Galicia, é considerar irresponsable a protesta. ¿É irresponsable reclamar un hospital tan público como os demais e non menos? ¿É irresponsable reclamar un hospital con laboratorio? ¿É irresponsable reclamar un hospital con especialidades de referencia que eviten o traslado a Santiago? ¿É irresponsable reclamar igualdade de trato con outras cidades?

A única irresponsabilidade é a súa cando falta aos seus compromisos e cando impón como prioridade da política sanitaria en Galicia a privatización a ultranza, a privatización ata onde sexa posible coa inestimable axuda dunha conselleira insensible ás demandas sociais.

¿Considera vostede que todos os que levan tanto tempo protestando son irresponsables ou vai cambiar de actitude e escoitar o clamor cidadán? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a súa pregunta, dona Yolanda Díaz Pérez, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Perdón, déanlle voz ao escano da señora Díaz, por favor, que non ten voz no escano.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días, señora presidenta.

Señor Feijóo, realmente vostedes converteron o que tiña que ser unha boa nova nun auténtico pesadelo para o noso país, converten a sanidade pública nun auténtico calvario para a xente de ben.

Eu quero comezar esta sesión formulándolle varias preguntas: a primeira delas é preguntarlle se recoñece estas imaxes, señor Feijóo, son de onte; quero preguntarlle se esta obra foi recepcionada, porque está chovendo dentro e son de onte. E tamén quero preguntarlle se chovendo como está van pagar o canon dos 68 millóns de euros para esa empresa pri-

vada, porque se van pagar ese canon millonario nestas condicións están cometendo unha grave estafa á cidadanía deste país. Poderíamos dicirlle, señor Feijóo, que é unha tripla estafa:

Primeiro, facéndolle tamén preguntas: ¿por que cambian o modelo de financiamento do hospital de Vigo? ¿Por que cometen esa fraude colocando ese contrato de concesión de obra pública cando tiña que ser colaboración público-privada, cando saben perfectamente vostedes que desa maneira evitan o preceptivo informe que ía impedir que privatizaran ese hospital en Vigo?

En segundo lugar, señor Feijóo, outra estafa no que atinxe aos recortes. Pagamos catro veces máis por un hospital, pasamos de 457 millóns a 1.500 millóns cando recortamos o 31 % as camas, o 31 % as camas na UCI, o 45 % os servizos, as salas de radioloxía e cando ademais desaparece o hospital central para, iso si, facer negocio cunha empresa, como ben sabe vostede, vencellada ao Partido Popular e moi próxima á trama Gürtel. Pagamos catro veces máis por moito menos e, ademais, cando están pechando camas nos restantes hospitais da área metropolitana de Vigo.

Pero ademais, señor Feijóo, a terceira estafa é que están incorporando repagos para a cidadanía de Vigo, todo é privado nese hospital agás os profesionais que atenden as persoas que están enfermas; todo é privado, señor Feijóo: o aparcadoiro millonario para seguir facendo negocios; as augas, converteron tamén a auga en privada; os sillóns, señor Feijóo, págase para ter un sillón en condicións dignas.

Unha tripla estafa, señor Feijóo, e se cabe, se me permite, señor Feijóo, unha terrible situación na que vostedes mentiron á cidadanía deste país: si hai *Aspergillus*, señor Feijóo. E a min gustaríame que nos responda por que as denuncias que fan os profesionais do hospital de Vigo non saen á luz e que nos digan se son certas, se é certo que esas mostras do *Aspergillus* foron secuestradas, señor Feijóo,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...se foron derivadas en lugar de aos centros nacionais de referencia, se foron derivadas nun sobre privado á atención dunha amiga persoal da conselleira aquí sentada e aínda non dimitida.

Señor Feijóo,...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...díganos por que segue a atacar a sanidade pública e díganos se vai rescatar o hospital de Vigo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Agrádame moito comezar este período de sesións falando da sanidade pública. Agrádame moito porque estamos, efectivamente, abrindo o maior hospital público que se fixo en Galicia nunca. Agrádame, ademais, porque os galegos fomos capaces de facer o maior hospital público no peor momento económico. Agrádame, ademais, porque levamos vinte anos falando da sanidade pública en Vigo, de que era necesario facer un novo hospital. É a primeira vez que se fai un novo hospital, que se conclúe un novo hospital, e estase neste momento trasladando —a operación máis difícil que se pode facer dun hospital vello, de hai corenta anos— a un hospital novo. E agrádame que poidamos facelo, señorías, os galegos de hoxe para os galegos de mañá. Agrádame moito, señorías, porque este hospital que estamos abrindo co esforzo de todos os galegos é tres veces o Hospital Xeral de Vigo; é dicir, temos un hospital tres veces máis grande que o hospital vello de Vigo.

Señoría, parece que hai galegos aos que lles molesta —políticos, por suposto— que a sociedade galega fora capaz de facer un hospital en plena recesión económica. Parece, señoría, que hai algúns políticos aos que lles molesta que a sanidade pública en Vigo teña a posibilidade de converterse na referencia da sanidade pública en Galicia. A min non me molesta, levo traballando nisto dende que fun deputado a partir do ano 2009; hai outros que foron deputados durante moitas lexislaturas e miraban cara a outros lugares de Galicia, nunca miraron cara a Vigo. Por iso, hoxe, xa era hora de que puideramos abrir un novo hospital público en Vigo.

Señoría, señor Méndez Romeu, lamento que o Partido Socialista no ámbito da sanidade pública sexa tan irrespon-

sable. Digo porque non é a primeira vez, señoría, recordarán vostedes estas declaracións: “*El señor Vázquez dice que el Sergas prima con 30 euros a los médicos por dar altas hospitalarias*”; é dicir, estaban dicindo que todos os médicos daban altas para beneficiar o Sergas. Recordo, señoría, este panfleto da campaña electoral: “O Goberno do PP quere cobrar para ir ao médico –Partido Socialista de Galicia–. Unha consulta, 67 euros; un día de hospitalización, 500 euros; un servizo de ambulancias, 374 euros”. Señoría, isto ten o mesmo de verdade que todas as mentiras que contaron do hospital público de Vigo. (*Aplausos.*) Señoría, lamento que a súa irresponsabilidade na sanidade pública na anterior lexislatura prosiga nesta.

Mire, señoría, hai un total boicot sobre o hospital de Vigo. O Concello socialista de Vigo negou solo para facer o hospital de Vigo; non a solo público para facer un hospital en Vigo. Pero non só negou o solo, negounos o abastecemento de auga, negounos o saneamento, negounos a estrada de conexión, negáronnos as conectividades eléctricas; todo, señoría, simplemente para non poder levantar un hospital público en Vigo. Señoría, todo isto os vigueses teñen dereito a sabelo e eu, dende logo, estou disposto a contalo. (*Murmurios.*)

Señoría, cando vostede me di que este hospital é máis pequeno que o anterior, o anterior ten 55.000 metros cadrados e este 190.000. Cando di, ademais, cheo de satisfacción que temos menos habitacións, o hospital antigo ten 255 e o hospital novo, 567 habitacións; é dicir, máis de 300 habitacións máis que o anterior –é dicir, un 122 %–. (*Murmurios.*) Señoría, este hospital está preparado para 1.465 camas, o número de habitacións individuais cunha cama ou dobres será en función da demanda asistencial, pero este hospital está preparado para todas as camas que comprometemos. (*Aplausos.*) Señorías, deixen de ocultar a realidade.

Mire, señoría, non soamente estamos orgullosos do que a sociedade galega fixo en plena recesión económica, fomos quen de acabar de pagar e de equipar o hospital de Lugo, fomos quen de ampliar por cinco as urxencias da Coruña, estamos sendo quen de facer un novo edificio de hospitalización en Ourense, estamos ampliando o Hospital do Salnés, licitaremos o próximo mes o hospital de Burela.

Señoría, este ano máis do 60 % dos galegos terán un hospital novo ou reformado, cando acabe a lexislatura serán o

70 % dos galegos os que teñan un hospital novo ou reformado.

Señoría, ¿de que se nos acusa? ¿Queren vostedes falar da sanidade pública, desa asociación na defensa da sanidade pública? De acordo. Galicia, segundo esa asociación –que non é sospeitosa de ter unha relación con este partido, si con outros–, ocupa o sétimo lugar nas condicións óptimas da sanidade pública en España; cando gobernaban vostedes no ano 2006 era a número 13, hoxe é a número 7. (*Murmurios.*)

Señoría, ese informe da sanidade pública di que, no ámbito da valoración dos cidadáns sobre a sanidade pública galega, o 73 % dos galegos consideramos que funciona ben ou bastante ben, a cuarta comunidade que mellor funciona en España. No ámbito da atención primaria, a segunda comunidade que mellor funciona en España e no ámbito dos concertos da sanidade privada, a sexta que menos concertos e diñeiro dedica á sanidade privada.

Señoría, as súas propias acusacións da defensa da sanidade pública caen polo seu propio peso.

Señora portavoz de AGE, con todos os respectos, dicir nesta Cámara que cobramos por un sillón para durmir nas habitacións, vostede está mentindo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Vostede está mentindo.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dicir, señoría, que cobramos a auga, ¿a que auga se refire?, ¿á auga que se expende nas máquinas de refrescos e na cafetería? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Señoría, deixe de manipular a xente, deixe de manipular a xente.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Xa lle digo, señoría, que temos un hospital público (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*) exactamente igual que o resto dos hospitais públicos de Galicia.

Señoría, a verdade é moito máis potente que a mentira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra don José Luis Méndez Romeu, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ¿Estaría eu distraído ou será que vostede agochou coidadosamente o número de camas que vai haber en Vigo? ¿Considera irresponsable o Colexio Médico de Pontevedra cando fala de deficiencias construtivas, falta de planificación, improvisación e ausencia dun plan funcional consensuado? O mesmo Colexio Médico que eleva a súa voz cualificada contra a privatización da xestión, a perda de especialidades de referencia e a ubicación do laboratorio a dez quilómetros do hospital. O Colexio Médico, os médicos, os veciños que se manifestan, os traballadores do hospital, o concello, ¿son todos irresponsables na súa opinión? ¿Estarán todos equivocados e só estará vostede na posesión da verdade?

Señor presidente, seguro que vostede se lembra dese principio filosófico chamado navalla de Ockham que (*Murmurios.*) di que, diante dun problema, a explicación máis simple é sempre preferible.

É máis simple aceptar o erro do Goberno, da conselleira e, sobre todo, de vostede que pensar nunha conspiración de moitos contra un hospital. É máis simple pensar nunha decisión equivocada da que derivan unha sucesión de problemas que non na vontade concertada de tantas persoas con intereses distintos para ir contra un hospital necesario, porque ningún discute que fai falta un hospital. Pero foi vostede quen introduciu todos os demais elementos conflitivos: o recorte de camas, a redución de especialidades, a privatización da xestión.

Señor Feijóo, sexamos honestos diante da xente, ¿non sería máis doado volver en Vigo ao modelo tradicional da sanidade pública? Bríndolle esta reflexión, non para que me conteste agora precipitadamente senón para que reflexione para ver se é necesario que en Vigo haxa un modelo de atención sanitaria radicalmente distinto ao do resto do país e, segundo a opinión da inmensa maioría —agás a de vostedes—, de peor calidade e con peores prestacións. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra dona Yolanda Díaz Pérez, do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, ¿sabe de que o acusamos? De levar vinte anos, vostede si que leva vinte anos privatizando a sanidade pública; vinte anos dende o Insalud e tamén vinte anos nas súas tarefas con Manuel Fraga, efectivamente, e Romay Beccaría. Vostede é un experto privatizando e é o que está facendo no hospital de Vigo.

En segundo lugar, señor Feijóo, se nós estamos tolos e tolas e se hai 200.000 persoas que o outro día paseaban polas rúas de Vigo e aquí non pasa nada e todo está correcto, e non hai *Aspergillus* e non hai estafa político-empresarial e non hai corrupción político-empresarial, se todo está ben, señor Feijóo, ¿por que onte os seus deputados votaron en contra de crear unha comisión de investigación?, ¿por que vostede non permite que con luz e taquígrafos a cidadanía deste país poida saber que está pasando na sanidade pública de Galicia e, particularmente, a estafa do PFI en Vigo, señor Feijóo? Díganos hoxe aos galegos e ás galegas que está disposto a abrir unha comisión de investigación e, ademais, que está disposto a que esa comisión de investigación estea presidida por alguén da oposición, señor Feijóo, para que as comisións de investigación sirvan para algo, non como as das caixas de Galicia estafadas e quebradas ou mesmo tamén esa comisión de prevención da corrupción.

Señor Feijóo, mire, o recorte nas camas e a extinción do laboratorio central é real, que vostedes cobran por todo, agás polos profesionais, tamén é real e que vostedes secuestraron as probas de *Aspergillus* tamén é real, un venres pola tarde, señor Feijóo.

E eu remato xa, señor Feijóo. (*Murmurios.*) Fágao e visitemos os datos, señor Feijóo; temos os datos e non son de militantes de Alternativa Galega de Esquerda, son de xente tamén do Partido Popular que está escandalizada, señor Feijóo.

Mire, eu creo que nunha cousa ten que copiar vostede a Mariano Rajoy: como el cesou unha das peores ministras de Sanidade da democracia, que foi a señora Mato, cese inmediatamente a señora Mosquera.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: Faga algo que sexa sensato nesta lexislatura, señor Feijóo.

E, por favor, volvo dicirille, ¿vai rescatar o hospital de Vigo? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta, vou rescatar o hospital de Vigo das mentiras e vou poñer o hospital de Vigo dentro dos compromisos da sanidade pública de Galicia e de España.

Señoría, dime vostede que levo vinte anos privatizando a sanidade pública. ¿Podería dicirme algún hospital de Galicia onde se lles cobre aos pacientes por ir á asistencia sanitaria? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señoría, levo vinte anos facendo hospitais públicos, fixen moitísimos máis hospitais públicos dos que vostede pode facer no que nos resta de vida aos dous. *(Risos.) (Murmurios.)* Polo tanto, señoría, un pouco de respecto pola sanidade pública e polo traballo de miles de persoas que nos dedicamos a defender a sanidade pública. *(Aplausos.)* Un pouco de respecto, señoría, un pouco de respecto.

Señoría, señor Méndez Romeu, vostede que pretende ser a alternativa de goberno en España –aquí non está tan claro–, *(Murmurios.)* digo que segue vostede simplemente dicindo cousas que sabe vostede ademais que son falsas. Porque, mire, ademais das irresponsabilidades de dicir en plena campaña electoral que iamos cobrar pola sanidade pública –queda un ano para rematar a lexislatura e aínda non pediron perdón–, ademais de dicir que a todos os médicos de Galicia lles damos 30 euros para dar altas aos pacientes, ademais vostedes en pleno traslado –iso si, o día da manifestación– sacan un comunicado dicindo que os socialistas piden a evacuación inmediata do hospital. *(Murmurios.)*

¿Señoría, vostede cre que hai algún partido que pretende ser alternativa de goberno que pode dicir ás máis de duacentas cincuenta persoas ingresadas nun hospital que teñen

que saír porque ese hospital non é seguro? *(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Gallego!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Méndez Romeu, non creo que lle faga vostede ningún favor ao seu partido e asegúrolle que non lle fai ningún favor ao seu currículo como político realista e sensato. *(Aplausos.)*

Señorías, falan vostedes do sistema de construción do hospital. Saben exactamente cal é o sistema, fano vostedes en Baleares, fano vostedes en Andalucía. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señorías, *(Interrupcións.)* o burato que recibimos do seu goberno foron 1.200 millóns de euros, non deixaron un só euro para facer ese hospital e non deixaron un só metro cadrado para poder construír ese hospital. Tiñamos dúas posibilidades, a que manexaban vostedes, leo o Faro de Vigo do 18 de maio de 2008: “*La Xunta abre la puerta a la participación privada para financiar el nuevo hospital*”, Partido Socialista, Goberno bipartito. *(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, vostede sabe perfectamente que para facer un hospital de máis de 400 millóns de euros tiñamos ou ben que acudir á débeda pública ou ben que buscar un pago aprazado. Se acadimos á débeda pública, iso é déficit público... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e co Goberno socialista en Madrid pactamos que non podíamos ir a un déficit público superior ao que se nos sinalaba. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* E, en consecuencia, señoría,...

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o que fixemos foi facer un hospital de pago aprazado; iso foi o que fixemos.

Por certo, señoría, ¿sabe vostede que o prego de cláusulas da contratación dese hospital (*Murmurios.*) foi visado de conformidade coa Intervención Xeral do Estado do Goberno socialista de Madrid?, ¿sábeo ou non o sabe? Seguro que o sabe. ¿Por que o oculta? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señoría, ¿por que oculta que todo o que fixemos foi de acordo co Goberno socialista de Madrid, que queriamos facer un hospital sen incorrer en déficit e a única solución que tiñamos era a que vostedes manexaban e non fixeron, e nós si a fixemos para que hoxe haxa un novo hospital en Vigo?

Señoría, ¿como pode dicir que non hai un novo laboratorio no hospital cando ese laboratorio ocupa 800 metros cadrados e cando garante toda analítica que se necesite nese hospital nas primeiras 6 horas en que foran necesarias esas analíticas? (*Murmurios.*)

Señoría, ¿por que nos critica?, ¿por que non falou do párking hoxe, señoría? (*Murmurios.*) ¿Será porque vostede cando vai ao hospital da Coruña paga? ¿Será porque os que imos ao hospital de Santiago pagamos? ¿Será porque os que imos ao hospital de Ourense pagamos? Señoría, ¿por que non quere falar dese hospital? ¿Sabe por que, señoría? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque agora descubrimos que había unha parcela cedida gratuitamente pola Zona Franca de Vigo ao Concello de Vigo cunha cualificación urbanística inicial de párking público. Negóusenos esa parcela, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) negóusenos a existencia desa parcela e agora resulta, señoría, que despois se di que en Vigo se paga exactamente igual que no resto dos hospitais de España e no resto dos hospitais de Galicia. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, non sigan ocultando. A medida que imos coñecendo a realidade,...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Gallego!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...imos dándonos conta de que nos volveron enganar.

Señoría, ¿por que para ir a ese hospital público o transporte público é o máis caro de todas as áreas metropolitanas?, ¿por que? ¿Por que en Ferrol, na Coruña e en Lugo

podemos ir ao hospital público sen que nos cobren transbordos dende outros lugares e en Vigo negáronse a asinar o transporte metropolitano?, (*Murmurios.*) ¿por que, señoría?

Señoría, di vostede o número de camas. Xa llo dixen, este hospital está construído para 1.465 camas. As camas pónense nas habitacións, evidentemente, (*Murmurios.*) e se ten 567 habitacións, 300 habitacións máis que o outro, imáñese se non caben as 1.465 camas.

Señoría, sobre exemplos de hospitais, miren... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio!

Perdón, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, sobre exemplos de hospitais,...

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente.

¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se quere vostede, podemos falar do Hospital do Meixoeiro.

O Hospital do Meixoeiro vostedes inaugurárono dezasete días antes das eleccións autonómicas. (*Murmurios.*) No Hospital do Meixoeiro comprometeron radioterapia e oncoloxía, ¿sabe cando o fixemos? Cando tivemos ese hospital en 1994.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vostedes inaugurárono en 1989.

Señoría, se quere falar vostede de defectos estruturais do hospital, vaia ao Hospital do Meixoeiro e verá as fachadas mal construídas, as cubertas mal construídas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, non soamente imos facer o maior hospital público que nunca fixo Galicia,...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...imos reformar e mellorar tamén o hospital que fixeron vostedes, o Hospital do Meixoeiro. *(Murmurios.)*

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co sector leiteiro

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a súa pregunta, o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Benvido, señor Feijóo. Por fin lle vemos a cara, porque, mire, dende a última vez que vostede compareceu un só incendio arrasou máis hectáreas que todos os lumes de 2014, 200.000 persoas clamaron en Vigo contra o fiasco das súas políticas sanitarias ou, mellor dito, se facemos caso á súa curiosa lectura da realidade, 200.000 políticos manifestáronse en Vigo para boicotear a sanidade pública *(Aplausos.)* e, dende a última vez que compareceu, o campo levantouse en defensa do noso leite.

Tiveron que pasar dous meses de mobilizacións, os tractores tiveron que colapsar Lugo e Santiago para que vostedes se dignasen a reunirse cos gandeiros e hoxe por fin teña que render contas nesta Cámara.

Señor Feijóo, o problema do leite é un problema de país, é un problema nacional galego. O leite é un sector estratéxico para Galiza e está en perigo a súa supervivencia e, con iso, a supervivencia do noso medio rural.

Vostede di que a Unión Europea empeza a entender o problema, ¿e enténdeo vostede, señor Feijóo? Porque o sector non pide axudas, pide prezos xustos; o sector non pide declaracións de intencións, reclama compromisos concretos e verificábeis con garantías de cumprimento.

A situación do noso sector leiteiro, señor Feijóo, non se debe só a un exceso de oferta; no Estado español non hai un exceso de oferta, señor Feijóo, prodúcense seis millóns e medio de toneladas e consumimos 9 millóns. Ademais, se houberse un exceso de oferta, afectaría a todos por igual e ao pasar Pedrafita xa soben os prezos.

O problema é outro: as prácticas da industria e da distribución, que se comportan como auténticos capos extorsionando os nosos gandeiros, e a falta de acción do seu Goberno.

Mire, como país primeiro fomos vítimas dun reparto de cotas inxusto, discriminatorio, e despois de que os nosos gandeiros se tivesen que endebedar para mercar cota, agora padecemos as consecuencias dunha liberalización á brava que non busca outra cousa que expulsarnos do mercado ou empurrarnos a competir en sectores marxinais que apenas aportan valor engadido e, por tanto, que apenas xeran emprego. ¿Como pode entenderse senón que Bruxelas fixe un prezo de intervención moi por debaixo dos custos reais de produción?

Por iso, señor Feijóo, ¿vai seguir sen facer nada deixando esmorecer o noso sector leiteiro? ¿Ten algunha estratexia para defender o sector? ¿Ten algunha estratexia distinta da de presionar os gandeiros...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...para que acepten o que lles ofrece Madrid? ¿Ten, en definitiva, algunha estratexia para acabar coa vergoña de que esta botella de auga, señor Feijóo, de que esta botella de auga custe bastante máis que esta botella de leite?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Jorquera, con cordialidade.

Sobre os lumes non lle discuto a vostede a autoridade do BNG para falar do éxito da política forestal. E sobre as mani-

festacións, señoría, por suposto que respectamos a todos os cidadáns que se manifestan, están exercendo un dereito, un dereito constitucional (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*), pero do mesmo xeito que nunca se me ocorrerá dicir que non respecto o máis de millón e medio de cataláns que piden a independencia, si desde logo digo que os políticos que están levando o pobo de Cataluña a pedir a independencia son uns irresponsables (*Murmurios.*). Xa sei, señoría, que vostede está de acordo coa independencia de Cataluña. Eu non, o cal non significa para nada que non respectemos o que di a xente, pero si poidamos censurar por suposto pensar o que lle din aos cataláns, que, se conseguen a independencia, Cataluña recibirá non sei canto diñeiro de Galicia e do resto de España. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, o que si me parece é que vostede non coñece exactamente o noso traballo no sector lácteo, porque levamos con compromisos serios e con accións concretas e poñéndonos ao lado dos produtores dende que se iniciaron os conflitos, que, cando eu cheguei no ano 2009, xa había un e agora hai outro.

Señoría, o sector lácteo galego é viable e, en segundo lugar, quero dicirlle que na miña opinión o acordo que temos neste momento é unha oportunidade que os gandeiros galegos e Galicia non poden desaproveitar.

Tres cuestións que creo que ben merece a pena subliñar. Primeiro, señoría, a maior produción histórica de leite en Galicia estase producindo nestes últimos anos. Levamos producido un 15 % máis de leite dende o ano 2010, producimos 2,6 millóns de toneladas de leite. É dicir, Galicia nunca produciu máis leite que agora.

En relación cos prezos, vivimos agora un momento de baixada de prezos, si. Señoría, cando chegamos ao Goberno, o prezo, cando vostedes estaban no bipartito, levaba baixando dezaoto meses consecutivos, estaba a 0,25 céntimos o litro en xuño do ano 2009, un pouco máis baixo que agora. Iso si, os combustibles estaban un 40 % máis caros, os pensos un 50 % máis caros e os fertilizantes un 70 % máis caros. Daquela, o BNG nada dicía, non dicía nada, non había problema co sector lácteo. Nós, dende o ano 2009, vimos reclamando uns prezos do leite que cubra os custos de explotación, e non imos cambiar, señoría, ímolo dicir agora, no 9, no 15 e nos seguintes anos.

Señoría, proba de que o problema dos prezos non é de Galicia, senón que é europeo e mundial, é que os tractores que invaden Bruxelas, os tractores que invaden París ou o leite que se verte ao chan en Estados Unidos son un problema que acredita a situación de sobreprodución mundial do leite.

Señoría, temos un acordo, si, un acordo que creo que é razoable asinar, na nosa opinión. ¿Por que? Porque é a primeira vez que van asinar ese acordo a distribución e a industria simultaneamente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...coas cooperativas e cos gandeiros. ¿Por que? Porque por primeira vez se di nese acordo que non se pode utilizar o leite como produto reclamo e se di tamén que hai que concretar a orixe do leite que compramos. Dise, señoría, que hai que establecer un contrato tipo e dise que o prazo de efecto dese contrato son dez días dende a súa sinatura.

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, eu dígolles aos gandeiros galegos, é dicir, aos meus veciños, que este acordo ten moitas máis vantaxes que desvantaxes. Alá vostedes, que os están incitando a non aproveitar unha grande oportunidade.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica do señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente, a súa resposta foi clarificadora. Para vostede gobernar Galicia é vir a esta sesión de control falar da independencia de Cataluña ou ir a Cataluña apoiar un candidato xenófobo. (*Murmurios.*) Pois mire, para nós gobernar, coa que está caendo neste país, é dar a cara cando hai problemas, gobernar é exercer as competencias propias e ter un proxecto de país. E ¿que proxecto ten vostede, señor Feijóo? ¿Que fixo o seu Goberno para preparar o noso sector leiteiro ante o escenario de fin de cotas? ¿Sabe que fixo? Nada, absolutamente nada.

As nosas explotacións teñen un problema de base territorial. ¿Que fixo o seu Goberno? Cargar o Banco de Terras e impulsar a eucaliptización do país. En dez anos perdemos o 10 % de superficie agraria útil, xa non chega ao 25 %, señor Feijóo, unha das porcentaxes máis baixas de Europa.

Máis da cuarta parte do leite que producimos no noso país emigra, non se transforma no noso país, e ¿sabe que fixo o seu Goberno? Utilizar as súas viaxes internacionais para promocionar e ofertar leite en po. ¡Que grande idea facer de Galiza o gran *low cost* da produción leiteira en Europa!

Di que o acordo que ofrece a señora Tejerina é o máximo legal posíbel, un acordo cheo de inconcrecións, que non ofrece as máis mínimas garantías. ¿Quere un exemplo? “*Leche Río y Danone pactan y hunden más los precios en plena crisis láctea*”. Asinaron contratos de subministración até o ano 2016 para intercambiar millóns de toneladas por baixo dos custos de produción.

Mire, dado que apela ao máximo establecido pola lei, use a lei, porque a concertación de prezos por parte da industria é unha práctica ilegal, porque o uso do leite como produto reclamo pola distribución é *dumping*, é unha práctica ilegal. Use as competencias en materia inspectora, señor Feijóo, e actúe, actúe con urxencia, porque os nosos gandeiros non poden esperar máis, están nunha situación límite. Reúna o sector, negocie con eles unha proposta de país e defenda e presione en Bruxelas e en Madrid. Exerza por unha vez como presidente deste país, para acabar –insisto– coa vergoña de que esta botella de auga custe bastante máis que esta botella de leite. Defenda por unha vez este país. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

Moitas gazas. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. Silencio, por favor.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, eu cría que ía traer unha botella de leite co leite “Galega 100 %”. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Porque parece que vostede compra leite *low cost* e eu creo que non se debe de

facer, señoría. (*Aplausos.*) Debe de facer comprar o leite “Galega 100 %” e nos establecementos que non utilizan o leite como produto reclamo. Iso é o que o Goberno lles pide aos consumidores, e vostede, que é un consumidor, debería facelo tamén. Pero, en fin, alá vostede, señoría.

Mire, señoría, nós ímonos seguir reunindo cos gandeiros... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...porque é o noso traballo, a nosa convicción e o noso compromiso.

Señorías, levamos a maior produción histórica do leite en Galicia e os maiores prezos do século no ano 13 e no ano 14, prezo do litro do leite en Galicia. Isto, señoría, está á súa disposición, supoño que o coñece, supoño que o coñece.

Señoría, no 15 o leite pega un baixón, co que non estamos de acordo, pero reitérolle que cando chegamos ao Goberno o prezo do leite estaba por debaixo do que está agora e levaba dezaioito meses consecutivos baixando, (*Murmurios.*) iso si, gobernando o BNG e por iso defendendo a terra.

Mire, señoría, 148 millóns de euros foi o que xa inxectamos ás explotacións gandeiras, 15.000 euros por explotación. Puxemos á disposición 40 millóns de euros para transformar o leite líquido en queixo, en soros e en iogures. (*Murmurios.*) Dous proxectos. Acolat, 2012, utilizaba 200.000 quilogramos de leite e agora está en dous millóns; multiplicamos por dez. O último proxecto, Lasurgal, señoría, utilizaba multiplicar 31 millóns de leite e agora vai utilizar 140 millóns de quilos de leite, é dicir, un 35 % máis de produción de soros para poder facer queixos.

Pero non só iso, señoría. Cando xorde o problema no verán, plantexamos ao Goberno de España que dera unha solución, e a solución neste momento para inxectar liquidez, mentres non se recuperen os prezos, son 300 euros por vaca en explotacións galegas que non cobren os seus custos. (*Murmurios.*)

Señoría, o compromiso é que do diñeiro que veña de Europa o 40 % será para Galicia.

E imos seguir traballando, señoría, sen ningunha dúbida, incentivando o consumo do leite galego, dicíndolles aos galegos que vaian aos establecementos que non utilicen o leite como reclamo, dicíndolles, señorías, nada máis e nada menos que con ese preacordo, o preacordo que a vostede non lle gusta, de momento, a primeira superficie industrial de España, Mercadona, xa incrementou dous céntimos o prezo do leite (*Murmurios.*); entre a primeira e a segunda de Galicia, Vegalsa, xa incrementou dous céntimos o prezo do leite; Leite Celta acaba de comprometer novos contratos con máis prezo do leite.

Mire, señoría, ¿de que se nos acusa? (*Murmurios.*) ¿De que se nos acusa, señoría? Vostedes estiveron dicindo durante todo o tempo que en Francia había un acordo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e que se incrementaba un prezo mínimo polo leite e se establecía no acordo. Poño á disposición da Presidencia da Cámara o acordo de Francia. ¿Dígame a diferenza entre o acordo francés e o acordo español? (*Murmurios.*) É máis completo o acordo español que o acordo francés. O que pasa, señoría, é que vostedes lamentablemente non cren que os gandeiros se teñen que preocupar sobre as súas explotacións.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, os gandeiros teñen todo o dereito do mundo a facer política. Agora ben, os gandeiros teñen todo o dereito do mundo a saber e a coñecer a realidade das súas explotacións.

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, non permitamos que ningún interese que non sexa o gandeiro estea detrás deste conflito. (*Murmurios.*) E o que si lle aseguro, señoría, é que o acordo que persegue a Xunta de Galicia é un acordo de máximos legais, e nese acordo de máximos legais os gandeiros e a Xunta están xuntos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 5, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co persoal docente e cos centros educativos públicos de ensino non universitario

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Cosme Pombo Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 38298.

Emenda de modificación:

Proponse unha nova redacción para o punto 1º da parte resolutiva que quedaría da seguinte maneira:

“1º.- Restituír as condicións laborais e profesionais perdidas polo colectivo do centro de ensino non universitario durante os últimos anos.”

Emenda de modificación:

Proponse unha nova redacción para o punto 6º da parte resolutiva que quedaría da seguinte maneira:

“6º.- Garantir a gratuidade de libros de texto e material escolar para todo o alumnado de ensino infantil e obrigatorio.”

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Non marchen os medios de comunicación, por favor, imos falar de educación, non marchen.

A señora PRESIDENTA: Señor Docasar, pode comezar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días a todos e a todas.

Xa temos nas aulas, señor conselleiro, a todos os estudantes galegos de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e universidade e formación profesional. Pensamos, pois, no Grupo Socialista que é un bo momento para falar de educación no pleno deste Parlamento, facelo sen acritude e poñendo enriba da mesa críticas pero tamén propostas.

Saben vostedes que este humilde deputado socialista é perseverante e insistente, aínda que estou en condicións de afirmar con rotundidade que iso a vostedes cada vez lles importa menos, e aos feitos me remito, señor Fariñas.

Señorías, está en marcha o segundo curso da LOMCE e cos mesmos defectos que xa denunciámos o curso anterior por estas mesmas datas: premura, improvisación, falta de recursos humanos en moitos centros galegos. E aí están para demostrar o que digo as numerosas queixas de ANPA, profesores, equipos directivos e sindicatos de ensino.

Vostedes faláron, como fan sempre, dun inicio de curso normal, señor Rodríguez, obviando as numerosas queixas de moitas comunidades educativas espalladas polo noso país, e poñerei soamente algún exemplo: en Santiago, en Ordes, en Rianxo, en Pontevedra, na Guarda ou na illa de Arousa, algúns exemplos de conflitos que están sen resolver, e olvidando intencionadamente a chapuza en cadea cos libros de texto, as carencias de persoal de apoio para nenos e nenas con necesidades educativas especiais, a implantación apresurada dos decretos de secundaria e bacharelato, que teñen dificultado moito a elaboración dos horarios e das matriculacións en moitos centros educativos. E sirva como exemplo o conflito xerado coa relixión en moitos institutos de Galicia, e un exemplo claro témolo no IES A Sangriña, da Guarda, onde 16 alumnos, probablemente como consecuencia dese decreto que ten na marxe de optativas dificultades, pois víronse obrigados a coller, e así o denunciaron, Relixión sen querer collela.

Señorías, estamos no inicio dun novo curso escolar, estamos tamén ás portas de debater neste Parlamento os orzamentos do ano 16, e por todo iso pensamos no Grupo Socialista que é un bo momento para poñer tamén enriba da

mesma propostas concretas que poidan mellorar as nosas escolas e institutos e para paliar ou corrixir as carencias que veñen denunciando os diferentes integrantes da comunidade educativa.

Señorías, e moi especialmente as señorías do Grupo Popular, se realmente somos a Alemaña do sur, como dixo hai uns días na súa visita a Berlín o presidente Rajoy, sería bo que a cidadanía galega, e máis en concreto a súa comunidade educativa, empecen a percibir esa sensación ilusionante de ser a Alemaña do sur.

Rematei o curso anterior dicíndolle en xullo a vostede, a D. Román, que nos meses que levaba no cargo non se tiña producido ningún cambio digno de mención na política educativa, cultural ou lingüística deste país, senón que simplemente asistíramos a un mero cambio de rostro para seguir facendo as mesmas políticas que facía o señor Jesús Vázquez; iso si, e non me doe recoñecelo unha vez máis, con mellores maneiras.

Eu dixéralle daquela a Román, cando tomou posesión do seu cargo, hai seis meses, que non sabía se tería marxe de manobra para tomar decisións distintas ás tomadas polo seu antecesor. Tamén lle dicía que a comunidade educativa galega as demandaba, e que a súa credibilidade como conselleiro dependería en boa medida de que puidera atendelas ou non, e non por encher páxinas de periódicos, de entrevistas faciliñas con preguntas faciliñas ao longo de todo o verán en diferentes medios educativos galegos.

Señoría, imos dar por boa a recuperación da que tanto falan Rajoy, Feijóo, Santamaría ou Montoro, imos dar por boa a frase de Rajoy en Berlín de que somos realmente a Alemaña do sur, é dicir, de que somos algo así como Baviera.

Vostede saben perfectamente que os recortes producidos no sistema educativo galego dende ese máxico ano 2009 teñen producido importantes consecuencias que vostedes sempre intentaron obviar e mesmo agochar con ese máxico mantra de que era posible “facer máis con menos”, e mesmo de facer máis con nada, como ten ocorrido coa FP básica no curso anterior.

Non lles importou en absoluto que houbera menos recursos para becas e para educación [...] –baixou ese capítulo o

Goberno central nun 90 %—, que teñamos menos profesores e con peores condicións laborais e profesionais, que organizaran un auténtico caos cos libros de texto —caos que segue a día de hoxe, señorías—, que miles de xoves ben preparados tiveran que emigrar e que puxeran en marcha esa novidosa FP básica *low cost* de forma trapalleira e sen poñer un só euro ao longo de todo o curso anterior.

Eu quero dicirlles hoxe de novo, señorías —e non me cansarei de facelo—, que os humildes logros acadados nos últimos anos no sistema educativo galego foron posibles grazas a un profesorado que, nunha situación de austericidio doutrinal —auspiciado pola amiga alemá de Rajoy—, foi quen de lograr humildes avances.

Señorías, eu rematei o curso pasado e inicio o actual pedíndolles que se preocupen en serio pola posta en perigo da equidade do sistema educativo galego e dicíndolles que eran moitas e variadas as cuestións que medían esa xustiza e esa equidade. Eu rematei o curso anterior e inicio o actual pedíndolles que non permitan que nin un só neno ou nena fora a clase sen libros de texto e material escolar. Neste asunto foron vostedes, lamentablemente, de chapuza en chapuza, ata a chapuza final, e poño por testemuña do que afirmo a comunidade educativa galega.

Conseguiron vostedes, coas súas decisións improvisadas, cabrear o profesorado, as ANPA, os equipos directivos e mesmo as librerías, señor conselleiro. Xa está ben, señorías, de improvisacións e de trapalladas cos libros de texto, deixen de marear a perdz e recuperen dunha vez por todas un sistema que funcionaba e que chegaba ao 100 % da poboación galega.

Señorías, estaba dicíndolles, tras este pequeno *impasse* coa súa nefasta política de libros de texto, que eu rematei o curso pasado e inicio o actual pedíndolles que recuperen unha política xusta de becas que non deixe tiradas a miles de familias e que eu rematei o curso pasado e inicio o actual pedíndolles que corrixan a fenda dixital existente entre centros educativos, segundo se atopen no medio urbano ou no medio rural.

Estas son algunhas das cuestións —non todas— das que temos que seguir falando no actual curso que vimos de iniciar se queremos garantir en serio, e non con discursos baleiros, a xustiza e a equidade dun bo sistema educativo.

E por iso lles reitero unha vez máis en sede parlamentaria —paramos un pouco e tomamos auga— que a loita por esa xustiza e esa equidade é unha cuestión de principios e de valores para o Grupo Parlamentario Socialista. Tamén sei que non é un tema do que, digamos, sexa axeitado falar.

Señorías, se realmente somos, como di Rajoy, a Alemaña do sur, chegou o momento de sacarnos progresivamente —e insisto, progresivamente— do austericidio ao que foi sometida a nosa educación durante os últimos seis anos, precisamente grazas ás directrices desa poderosa dirixente da Alemaña do norte, con enorme capacidade de influencia no seu amigo Mariano, da Alemaña do sur.

Nós pedímoslles, señorías, que tomaran decisións que puideran cambiar esa involución ruidosa emprendida polo PP nos últimos anos e centraran os seus esforzos en rematar co austericidio e en loitar en serio, e non tan só con frases baleiras e rimbombantes, pola estabilidade, a equidade e a excelencia do sistema educativo.

Lamento profundamente que hai uns días vostedes rexeitaran no Senado unha cuestión que levou o Partido Socialista que inxectaría 850 millóns de euros no sistema educativo. Sería moi bo para todos para implantar esa LOMCE que vostedes fixeron en solitario.

Señorías, ¿que propoñemos, pois, en concreto no día de hoxe, agora que temos en marcha un novo curso escolar e que está a piques de debater este Parlamento os orzamentos do ano 2016? Son sete propostas concretas e cargadas de sentido común, agora que chegou a recuperación e xa somos a Alemaña do sur. Son sete propostas moi sinxelas: primeiro, iniciemos a reposición das condicións laborais e profesionais perdidas polo colectivo docente; repoñamos as plantillas que foron recortadas convocando unha potente oferta de emprego público no ano 2016; abordemos a mellora de instalacións que foron quedando obsoletas; abordemos a reposición de equipamentos didácticos, e fundamentalmente de equipamentos informáticos; póñanse mans á obra para eliminar a fenda dixital existente entre centros educativos do medio urbano e do medio rural; un punto sexto, garantamos que ningún neno vaia a clase sen libros e sen material escolar; e un punto sétimo, doten cos recursos necesarios esa FP básica que se implantou o curso pasado sen poñer no sistema nin un só euro para facelo.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: Basta xa de vender as supostas bondades desta FP básica sen facelo en condicións.

Agardo, señorías, que esta proposición non de lei do Grupo Socialista conte co seu apoio, e especialmente co apoio do Grupo Popular. Se non o fan, señorías do PP, este humilde deputado seguirá insistindo e perseverando ata cansalos, e terán vostedes enormes dificultades para convencer a cidadanía galega de que a recuperación chegou, de que esa recuperación é robusta e de que somos de verdade a Alemaña do sur.

Póñanse mans á obra, por favor, e non voten, como fan sempre, en contra de todo aquilo que con boa fe fai nesta Cámara o Grupo Parlamentario Socialista.

Moitas grazas neste primeiro turno, e agardo que sexa considerada esta iniciativa que hoxe traemos aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, moi bo día.

Dende logo, o Grupo Parlamentar do BNG comparte a idea que acaba de expoñer o voceiro do Grupo Parlamentar Socialista; compartimos a idea de que o papel do profesorado é fundamental na boa marcha de calquera sistema educativo, e tamén comparten esta idea as ANPA, que estaban no día de onte en San Caetano, diante da Consellería de Educación, e a plataforma que hoxe mesmo está reclamando máis profesorado para atender e dar unha boa calidade ao noso sistema educativo.

Tamén compartimos a necesidade de inversión na mellora de moitas instalacións educativas, así como en equipa-

mentos didácticos. Compartimos a necesidade de máis recursos para os centros educativos que implantaron a FP básica e aínda non recibiron un só euro.

Tamén compartimos a necesidade de garantir a gratuidade do ensino obrigatorio, e mesmo rexeitamos a aplicación da LOMCE para evitar as negativas consecuencias que esta lei está introducindo no noso sistema educativo; está convertendo a educación nun negocio, privatizando a educación, facéndoa máis confesional, seleccionando o alumando e apartando a moito deste alumnado do dereito a unha educación de calidade.

O Grupo Parlamentar do BNG, señorías, comparte o manifestado polo portavoz dos socialistas. Efectivamente, o profesorado galego leva perdido –diría eu que lle levan recortado, non perdido, nos últimos anos durante o Goberno Feijóo– o 30 % do seu poder adquisitivo, entre 20.000 e 42.000 euros de recorte ¡nin máis nin menos! O seu nivel de renda vén sendo o de hai vinte anos.

Por coincidir co fondo da cuestión, desde logo que o Grupo Parlamentar do BNG vai apoiar esta proposición non de lei, mais ao mesmo tempo presentamos unha emenda que pretende unha nova redacción do punto segundo e do punto sexto, co afán de mellorar esta proposición non de lei.

No primeiro punto, o BNG modifica este punto, e, en lugar de “iniciar a reposición”, nós chamámoslle “restituír as condicións laborais e profesionais perdidas polo colectivo docente de ensino non universitario nos últimos anos”. Facémolo así porque hai que lembrar que non hai moito tempo, dende marzo, Día da clase obreira galega, se defendeu desde este mesmo estrado por parte do sindicato maioritario do ensino neste país unha proposta que ía no mesmo sentido e que mandaba restituír as condicións laborais. Para nós hai que restituír, dende logo, os salarios recortados e as pagas extras recortadas e completas a todo o profesorado, mais para nós non vale o modelo que utiliza o Partido Popular de devolver só a paga extra do 2012, e a golpe de eleccións, nas xerais, nas autonómicas, etc., etc. Ese, desde logo, non é o modelo do BNG, que rexeita que se apropien do salario dos traballadores para salvar, iso si, a banca.

Tamén modificamos, ao noso entender, o punto sexto, e pretendemos que se establezan garantías de gratuidade de

libros de texto e material escolar para todo o alumnado do ensino infantil e obrigatorio, o mesmo que fixemos ese mesmo día diante da ILP aquí defendida o 10 de marzo, que pedía a mesma cuestión.

Señoras e señores deputados, vou rematando. Nesta Cámara parlamentar todo o mundo di recoñecer o traballo do profesorado, todo o mundo di defender a calidade do ensino público para defender a igualdade de oportunidades, todo o mundo di ser partidario do fomento do noso idioma, mais a realidade é moi outra: recortes continuados, onte e hoxe, multitude de reclamacións que xa se comentaron aquí: en Vite, en Perillo, en Cabana, en Malpica, no Pino, en Culleredo, en Luínta, en Ferrolterra, na Costa da Morte... E xa non falemos do rural, que aí xa case non poden nin reclamar, aí xa eliminaron practicamente o profesorado.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...–remato, señora presidenta–. O Grupo Parlamentario do BNG vai apoiar esta proposición non de lei. Agardamos que acepten a emenda do BNG pola mellora da calidade do ensino na Galiza e pola restitución dos dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado.

Agardamos que todos os grupos parlamentares cumpran co que din e apoiem maioritariamente esa proposición non de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Mixto, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día, e grazas, presidenta.

Apoiamos esta iniciativa porque os ataques contra o ensino público dende a chegada ao Goberno do Partido Popular non paran de sucederse e aumentar. A política de recortes nos servizos públicos e, en concreto, no ensino, está adquirindo unha cronicidade alarmante, levando consigo á diminución do profesorado, ao incremento de taxas, á redución de bolsas –tanto de comedor como de libros–, ao aumento do alumando por aula e á eliminación de servizos

socioeducativos. E, con respecto a este último aspecto, o menor investimento que se está a levar no reforzo académico e no apoio á diversidade deixou sen este servizo o alumnado de 32 centros de primaria e secundaria, ao ser suprimido ou non aplicado o Plan PROA; un programa de reforzo, apoio e orientación que ofrecía o ensino público aos estudantes con dificultades.

Isto supón a desaparición de posibilidades de integración do alumnado en situación de desigualdade. Dito doutro xeito, a Xunta opta por que se perda o futuro dunha nena ou un neno antes que por investir na súa educación. Ademais, isto redonda máis no clasismo e na desigualdade. Este goberno está empeñado en impoñer a LOMCE, que en realidade o que é é unha contrarreforma en toda regra, porque diseña un sistema educativo de elite e clasista, baixo o pretexto de mellorar a calidade educativa e de reducir as altas taxas de fracaso e abandono escolar. Supón unha estafa cara ao alumando para as familias e o profesorado e vai cara a un modelo escolar obsoleto e segregacionista.

É unha lei sexista, ao permitir os concertos con centros que segregan por sexo; é clasista, por eludir a un concepto perigoso como o de talento para diferenciar o alumando; é segregadora, porque fomenta a separación temperá do alumnado en compartimentos estanco de difícil retorno ao sistema; é centralizadora, pois, baixo a careta de dereito de elección, abre as portas á privatización do ensino público en todas as etapas; é mercantilista, porque se pon ao servizo da empresa buscando a creación de man de obra barata; é autoritaria, porque pretende imporse a todo custo, sen consenso, sen un consenso que debe avala unha lei deste calado.

Pola contra, omítense aspectos como a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade, a actuación individualizada ao alumnado, e a baixada de ratios e horas lectivas do profesorado.

No ensino público péchanse 48 unidades e 13 centros mentres se abren 26 unidades concertadas no ensino privado. Co curso 2015-2016 iniciado, hai falta de prazas, sobre todo na formación profesional; máis de 300 centros sen dotación suficiente de profesorado; máis de 200 unidades con máis alumnas das recomendadas; profesoras que seguen cos seus salarios e pagas recortadas; aumentan a precariedade laboral ao facer as itinerancias das mestras con destino

provisional; un 35 % do profesorado terá que impartir materias das que non é especialista –algúns casos ata 5 diferentes–. E nos últimos anos suprimíronse 3.000 postos docentes, xa que, mentres se xubilaban máis de 4.000, a Xunta só convoca oposicións para 993 prazas. E non hai un plan integral para a mellora dos centros nos que se atopen deficiencias, e que a día de hoxe son moitos, señor conselleiro; o 40 % das familias galegas non van ter acceso a ningunha axuda para libros de texto...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...e terán que seguir sopor-tando o custo de servizos como comedor e transporte.

Apoiamos esta iniciativa, como ben dixen ao principio, porque trata de recuperar o que ao ensino público galego lle foi arrebatado dende que o PP recuperara o poder.

Máis nada, grazas.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Iglesias.

Grupo da Alternativa Galega de Esquerda. Ten a palabra, don Ramón Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Ben, despois de escoitar o noso presidente quédanme claras un par de cousas: os gandeiros sacan a pasear os seus tractores para facer turismo e tiran o leite por exceso de beneficio; o hospital público de Vigo abre as súas portas con total normalidade, sen queixa ningunha; o inicio do curso escolar está a ser exemplar, como seguramente asegurará o voceiro do grupo popular en breve.

Imaxino que o sol e unha cálida brisa loce estes dous últimos días de verán, e supoño que, en consecuencia, o Parlamento de Galicia é unha caixa de grilos no que se fala de realidades paralelas. Porque o pobo galego sabe que a realidade, a realidade que vive cada día, é moi distinta á que o presidente dos galegos se esforza en amosar.

Onte comezou o curso escolar, como aquí se dicía, un curso escolar en educación secundaria que comeza para máis de 200.000 alumnos e alumnas de Galicia. O xoves pasado fíxoo en educación primaria, tamén para máis de 200.000 alumnos e alumnas desta etapa educativa. E é un inicio esco-

lar con máis alumnos, contrariamente ao que se soe dicir –nun país que adoce nunha seria crise demográfica–, pero con menos docentes, con menos aulas, con menos recursos e con menos escolas. O curso iníciase en educación primaria cun incremento dun 1,1 % máis de alumnado en educación primaria, na educación secundaria obrigatoria iníciase cun 0,6 % máis de matrícula, en bacharelato increméntase un 4 % a matrícula e en FP un 3,4 %. Hai máis alumnos, menos docentes, menos aulas, menos escolas.

Este ano o curso escolar comeza con 13 escolas pechadas, fundamentalmente no rural, como sempre, sempre castigado. Comeza con 82 aulas suprimidas, eliminadas. No rural de Galicia, nas provincias de Lugo e Ourense, practicamente a metade dos concellos teñen alumnos mesturados de diferentes idades e cursos nunha mesma aula.

Polo tanto, non soamente se están a precarizar as condicións de traballo do profesorado, a precarizar as súas funcións, a diminuír o número de docentes –cifras oficiais: 1.250 docentes menos nestes 5 últimos anos, pero sabemos que son moitos máis, é imposible que cadren as cifras cunha taxa de reposición na que temos os milleiros de xubilacións que se producen cada ano–. Menos docentes, máis precarizados, con peor salario, pero que se lles obriga, ademais, a facer funcións que exceden as súas competencias educativas, funcións administrativas: son os docentes os que xestionan os bancos de libros, son os docentes os que fan a maior parte do papeleo, ao que os obriga a excesiva burocratización á que os obriga este Goberno. Tarefas administrativas, precarización das súas funcións, perda de poder adquisitivo e, dende logo, diminución de plantillas. Isto incide na calidade do ensino.

¿Que van atopar estes 400.000 alumnos e alumnas en Galicia –como dicía ao principio–? Van atopar menos profesores, menos profesores que non van poder facer as tarefas de apoio para atender a diversidade, para facer un seguimento das súas dificultades, para prestarlles o apoio educativo que precisan cando teñen calquera tipo de dificultade de aprendizaxe. Van atopar un curso, un inicio de curso praga-do de copagos –copago no comedor escolar, copago nos libros de texto– e tamén un curso no que a solución que se lles dá é a esmola.

O Goberno anunciou e publicou, en pleno verán, unha axuda para a adquisición de material escolar...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...despois de telo reivindicado, dende logo, toda a comunidade educativa: 50 euros para unha familia que non supere os 5.400 euros de renda per cápita. Polo tanto, unha parella cun fillo, para poder acceder a esta axuda de 50 euros, non pode superar o 675 euros de salario, 50 euros.

O inicio de curso medio para cada familia galega por fillo son 700 euros: comedor escolar, material escolar, libros de texto, material complementario, unha mochila, un estoxo, a primeira mensualidade do comedor escolar, comprar un chándal... Son moitos os gastos que ten que facer unha familia para poder iniciar o curso. ¡700 euros! ¡Hai familias que teñen que dedicar todo o salario do mes para poder iniciar o curso do seu fillo! ¿Que lles vai quedar despois o resto do mes para poder comer? O banco de alimentos. As organizacións que xestionan os bancos de alimentos veñen de denunciar un incremento da demanda de axudas neste inicio de curso.

A señora PRESIDENTA: Por favor, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ¿Por que? Porque as familias teñen máis gastos e, polo tanto, menos recursos dispoñibles.

Nós imos apoiar esta iniciativa porque a consideramos necesaria, pero moito me temo –sinto ser pesimista– que o Goberno non o vai facer porque, de facelo, tería que cambiar...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...radicalmente as súas políticas e non semella disposto a facelo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Popular, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta.

Bueno, señor conselleiro, imos falar de educación outra vez. Enfronte xa ve o que temos, sempre o mesmo discurso,

sempre os mesmos argumentos, nin unha soa iniciativa. Eu non vou dicir, señor Docasar, que aquí hai vagos, non o vou dicir, pero o que si hai é unha falta de ideas alarmante que empeza a ser preocupante, porque o seu único discurso en todas e cada unha das iniciativas que se presentan neste Parlamento é o mesmo: todo está mal, cando cheguemos nós imos derrogar todo canto fixo o Partido Popular.

Bueno, o que non din é o que van facer cando derroguen todo iso se é que chegan a gobernar, non din absolutamente nada. Sempre o mesmo discurso, en todas as iniciativas, dá igual que sexa en comisión –por certo, unha iniciativa que presentan vostedes hoxe exactamente igual no fondo que a que presentaron o outro día na comisión–. Insisto, non vou dicir que ninguén sexa vago, o que si vou dicir é falta total e absoluta de iniciativa para presentar algunha que sexa viable para a mellora do sistema educativo galego.

Renuncian vostedes, con ese inmovilismo nas súas iniciativas, á esencia pura do que é o propio sistema educativo: en constante movemento, en constante renovación, cunha innovación continua para tratar de ofrecer mellores alternativas aos nosos estudantes.

Pero miren, por moita leira que dean todos ao unísono aquí neste Parlamento, a realidade é que contamos cun sistema educativo galego cada ano mellor que o anterior, xustamente ao contrario do que pasaba cando gobernaban outros, xustamente ao contrario do que pasa onde gobernan outros noutras comunidades. E imos poñer un exemplo: aquí empezou o curso, señor Vázquez, efectivamente, empezou o curso e, ¿de que se fala hoxe, do inicio do curso?, pois estamos a falar aquí de todo o que vostedes queren –da calidade do sistema, da excelencia do sistema, do número de aulas, do número de profesores, do número de AL do número de PT–, do que vostedes queiran –e do PROA falaremos, señorías, na seguinte iniciativa–.

Pero, onde gobernan vostedes, ¿de que se fala? Tomemos, por exemplo, Andalucía. En Andalucía falamos de caracolas, señor conselleiro, falamos de 174 colexios que teñen 328 aulas prefabricadas, e en aumento; pero iso está ben, señorías, alí está ben; falamos da fenda dixital en Andalucía, falamos da débeda histórica que van ter que pagar aos provedores dos servizos complementarios –alí non privatizan, son servizos complementarios–, non lles pagan aos provedores e acumulan 33

millóns de euros. Diso é do que se está a falar en Andalucía. Non é o mesmo discurso aquí, onde non gobernan, que alí, onde si gobernan: 1.030 millóns de euros recortados nos últimos tres orzamentos da Consellería de Educación en Andalucía, 300 millóns de euros recortados en infraestruturas, xusto o que reclaman. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, xa sei, de Galicia.

Aquí estamos a falar dun sistema educativo galego que pode presumir e presume de ter os mellores resultados da súa historia, de coller un fracaso escolar no 28 % e baixalo ao 17,9 %, de ter reducido a 50 % a taxa de abandono escolar –que é como o pillamos nós, señorías, e viña doutro goberno que se chama bipartito, así mesmo–. Eu non quería facer referencia, pero si, señorías, pode presumir e presume, o sistema educativo galego, de mobilizar a maior rede de transporte escolar que hai en España –gratuito–, de mobilizar o comedor escolar máis solidario do territorio español, e case que do europeo, onde o 80 % dos que van a comedor non pagan e un 5 % máis paga só un euro.

Estamos a falar –que poden presumir e presumen– de obter premios, tanto os alumnos como os colexios, de excelencia educativa a nivel nacional; poden presumir e presumen de ter un cadro de persoal suficiente para atender –a outra mentira que se dixo aquí– unha ratio que é máis baixa do Estado Español, con 10,3 alumnos, baixando a ratio profesor-alumno –baixándoa, non subíndoa, señorías–, e iso é do que temos que falar aquí e non contar discursos que a nada conducen.

Respecto dos libros, señoría, falemos dos libros: a defensora del pueblo aconsella que se aplique o banco solidario de libros en todas as comunidades autónomas da mesma forma que se aplica en Galicia; que a día de hoxe ese banco solidario leva 215.000 equipos de libros xa postos a disposición, e aplicado con...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...–remato, señora presidenta– case que o 100 % dos libros de primaria adscritos á entrega de axudas, de máis de 70.000, case que o 100 %, señorías.

Poden seguir no inmovilismo, poden seguir onde vostedes queiran, pero non esquezan unha cousa: o sistema edu-

cativo mellora e mellora a cada paso, cada ano e cada curso...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...e seguirá a facelo indefectiblemente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo parlamentario –dende o escano, señor Docasar– autor da proposición non de lei, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben.

Señor Fariñas, eu non sei se vostede hoxe actuou de mala fe ou está vostede un pouquiño curto de oído. Porque vostede, de todo o que eu falei na miña iniciativa..., despois parécelles mal que eu insista, porque se teño que insistir non me queda outra. Hoxe fixen críticas, fixen críticas polo inicio de curso –efectivamente, fixen críticas– pero tamén fixen sete propostas concretas e vostede non tivo nin a deferencia de comentarme nada a ningunha delas. Vostede veu aquí co seu libriño, falou do que lle deu a gana, pero eu creo que debería falar vostede da iniciativa socialista. Se a presento por segunda vez por algo será, e probablemente a presentarei, con algúns cambios, por terceira vez, porque, se vostedes seguen xordos, a min no me queda máis que insistir.

Agradezo tamén os apoios dos outros grupos, en fin, apoios con matiz. Agradézolle tamén ao señor Pombo o tema de que mellore dúas das nosas propostas, polo tanto, si a vou aceptar.

E lamento profundamente que o Partido Popular –insisto– siga xordo. Se realmente chegou esa recuperación, señor Fariñas, ¿cal é a causa para que non adoptemos posicións e adoptemos medidas para reparar o estropicio cometido no sistema educativo nos últimos seis anos? Se as cousas van mellor na nosa economía, a sociedade galega só entenderá que van mellor cando chegue ás súas vidas diarias.

Agora ensinábame o meu compañeiro Juan Carlos González Santín as facturas dos libros de texto. Vostedes empeñáronse en cambiar un sistema que funcionaba, que era máis

económico, que chegaba ao cen por cento da poboación, e agora hai un sistema caótico, gústelles ou non lles guste escoitalo. E, por favor, pregúntenlles, e diríxome aos medios de comunicación, que se dirixan aos centros educativos, que falen cos equipos directivos, que lles pregunten que está pasando coa xestión administrativa dos libros, que lles pregunten ás familias se están satisfeitas co tema dos libros de texto, pagar cantidades importantes. Tamén a miña compañeira Patricia Vilán me trouxo as facturas dun neno de 1º de primaria. Creo que vostedes con ese tema están moi equivocados.

Insisto: se a economía vai mellor, se temos mellores condicións, se as cousas van mellor, ¿que razón hai para que hoxe...? Eu hoxe fíxen aquí críticas, críticas, señor Fariñas, polo inicio do curso; efectivamente, críticas e puxen nomes e lugares concretos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero puxen tamén enriba da mesa sete propostas concretas. Eu emprázoo a vostede aquí en público, en sede parlamentaria, a que me diga cal das sete medidas que eu plantexei hoxe aquí para mellorar o noso sistema educativo, se realmente a economía vai mellor, cal delas non lle gusta, e dígame, por favor, cal delas non lle gusta.

Xa sei que vostede está un pouco xordo ou actúa de mala fe, e laméntoo porque teño con vostede moi boa relación persoal, pero vostede non me escoita; incluso se atreveu a chamarme vago, e iso paréceme francamente mal. Eu son un deputado traballador, son un humilde deputado, pero vago vago para nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Hipólito Fariñas Sobrino e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de mellorarlle a atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA)

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Mixto, da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Socialista.

(O G.P. Mixto, por iniciativa da súa deputada e portavoz Carmen Iglesias Sueiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver o Programa “PROA” (Plan de Reforzo, Orientación e Apoio) dotando dos profesionais e recursos necesarios para a súa implantación en todos os centros educativos que así o soliciten.”).

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Cosme Pombo Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar a atención educativa que se presta no ensino galego ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA) a través das seguintes medidas:

1º. Restablecemento do acordo asinado pola Consellería de Educación no ano 2007 que establecía os criterios para fixar os cadros de persoal necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas específicas.

2º. En todo caso a Consellería garantirá a calidade e a equidade do sistema educativo no tratamento do alumnado con trastorno do espectro autista (TEA):

Nomeando o persoal que demanden os centros educativos: tanto profesorado coma coidadores.

Garantindo unha educación inclusiva de todo o alumnado, con TEA, nos centros públicos, cos apoios necesarios.

Promovendo o desenvolvemento lexislativo, a formación do profesorado, a accesibilidade universal e os recursos económicos suficientes, para garantir esa educación inclusiva.

3º. *Elaboración e difusión dun protocolo que axude ás comunidades educativas na aplicación das atencións e reforzos acaídos.”).*

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado Xabier Ron Fernández, a través da súa viceportavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar de recursos materiais e humanos aos Equipos de Orientación Específica para que podan desenvolver con garantías o seu traballo de valoración dos nenos e nenas e poder intervir educativamente desde as idades máis temprás cos nenos e nenas con TEA.

2. Elaborar programas especializados de formación de profesorado en TEA para desenvolver os protocolos de actuación e as diferentes estratexias de atención educativa axeitados ás necesidades educativas específicas de nenos e nenas con TEA.

3. Redactar de forma participada protocolos de T.E.I. (Titorización Entre Iguais) con vistas á súa incorporación nos protocolos de prevención de situacións de acoso escolar nos centros públicos de educación de Galicia.

4. Dispoñer todas as medidas orzamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento correcto das diferentes medidas que se contemplan nesta proposición e as que xurdan froito do traballo dos diferentes axentes implicados na teraf de implementar unha educación pública inclusiva.”).

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Ramón Vicente Docasar Docasar, a través do seu

portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte texto:

– O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver o Decreto 229/2011 de atención á diversidade de Galicia.

– O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que garanta que os centros educativos galegos contén co profesorado necesario de pedagogía terapéutica (PT), e audición e linguaxe (AL), para atender a diversidade.

– O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a crear un protocolo semellante para nenos e nenas con dislexia.”).

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a súa proposición non de lei don Hipólito Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Docasar, a palabra “vagos” creo que quen a utilizou foi vostede na comisión o pasado día, pero, bueno, en calquera caso imos ao noso.

Presentamos hoxe esta iniciativa en forma de proposición non de lei, pero antes quería facer referencia, en nome do Grupo Parlamentario Popular e de quen lles fala como educador, ao recoñecemento explícito a todas as asociacións que desenvolven o seu traballo, o seu esforzo, os seus estudos e a súa dedicación ás persoas con algún tipo de trastorno xeneralizado no seu desenvolvemento.

Presentamos esta iniciativa, señorías, para “mellorar” –textualmente leo– “a atención educativa (...) ao alumnao con trastorno do espectro autista, a través da elaboración e difusión dun protocolo que axude as comunidades educativas na aplicación das atencións e reforzos máis acaídos”.

Permítanme, sen ánimo de ser prolixo na miña intervención, nin sequera con intención didáctica, facer unha breve introdución da cuestión que hoxe nos ocupa partindo de dúas ideas tradicionalmente escoitadas, pero non por iso acertadas, senón todo o contrario, dúas teorías erróneas sobre este tipo de trastornos:

A primeira é que hai quen pensa que os TEA –sigla de trastorno do espectro autista–, todos os trastornos xeneralizados do desenvolvemento son asociados a unha deficiencia ou a un defecto –digamos– entendido como “enfermidade”. E non é certo, xa quedou claro ao longo do tempo, desde que se falou a primeira vez por parte de Leo Kanner alá por 1943 sobre autismo, de que esta primeira versión ou idea que se ten é unha falacia.

Tamén da idea peregrina, igual que a outra, de que os trastornos incluídos no TXD presentan todos unha sintomatoloxía igual, cando é bastante diferente.

Dicía que Leo Kanner falou por primeira vez en 1943 do autismo en si mesmo ao desenvolver unha serie de estudos cunha serie de nenos, e deses nenos once apartounos para facer un estudo clínico máis serio, porque viu que os once reunían unha serie de características, tres concretamente: de incapacidade de establecer relacións persoais, un ritual obsesivo por manter o seu contorno máis inmediato sen cambios e por unha alteración no proceso de adquisición e uso da linguaxe. Kanner falaba xa entón tamén dun rico mundo imaxinativo no interior destas persoas.

Case ao mesmo tempo, Hans Asperger soamente un ano despois fala doutro trastorno que con sintomatoloxía moi similar; sen embargo, non tivo a publicidade nin chegou á comunidade o seu estudo coa axilidade ou rapidez coa que chegou a de Kanner.

Hoxe en día digamos que non existe un acordo total e absoluto coincidente nin de consenso entre as distintas posicións tanto científicas como pedagóxicas sobre as orixes deste trastorno, nin sequera sobre a súa definición. Pero si me permitín, coa autorización supoño que de todas as súas señorías, de coller a definición que López Rivas e Taboada, da Universidade de Santiago de Compostela, dan do TEA: “trastorno neuropsicológico de curso continuo asociado, frecuentemente, a atraso mental, cun inicio anterior aos tres

anos de idade, que se manifesta con alteración cualitativa da interacción social e da comunicación, así como cuns patróns de comportamento restrinxidos, repetitivos, estereotipados con distintos niveis de gravidade”. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora presidenta, parece que hai algún voceiro da oposición que quere entrar no debate, pero se o señor Ron estiveira atento, estou lendo textualmente a definición que tres (*Murmurios.*) profesores da Universidade de Santiago dan do tema. Se lle parece ben, paréceme ben, e se ten algunha crítica que facer, fágallela a eles, por favor. Neste caso eu simplemente estou transmitíndoa. E se ten vostede unha definición, estaremos encantados todos de poder recibila (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) das súas mans.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Non existindo, señorías, tampouco, segundo a comunidade científica, unha solución medicamentosa para este trastorno, no que si hai consenso é que a solución parte do tratamento no contorno pedagóxico. Sendo isto así, e como un longo proceso no que hai que aplicar todos os recursos profesionais, pedagóxicos, médicos e culturais ao tratamento deste trastorno do espectro do autismo, parece que a escola debe facer algo, dado que é o primeiro ámbito de socialización que o neno ou nena pode ter na súa vida. O diagnóstico temperán deste trastorno é fundamental, por iso parece que a escola debe aportar desde o punto de vista dos gabinetes psicopedagóxicos unha avaliación que permita adoptar as medidas máis acaídas, máis axeitadas para poder traballar desde o punto de vista da calidade con este colectivo.

Galicia conta desde hai uns anos co Decreto 299/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Presentou este decreto un impulso definitivo ao tratamento e á concepción das medidas de atención á diversidade. Pero non só en grupos de risco definido e estereotipado, senón individual e a todos aqueles que presentan algún tipo de problema de aprendizaxe na linguaxe.

Por outra parte, a propia LOE, na redacción dada tamén posteriormente pola LOMCE, incide nestes aspectos cando

fala de que as administracións educativas dispoñerán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na lei. E corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible.

En consonancia aprobouse aquí, en Galicia, o Decreto 105/2014, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma, e o 86/2015, polo que se establece o de educación secundaria e de bacharelato.

Aínda que Galicia é unha das comunidades que máis recursos profesionais destina para unha atención educativa de calidade e para a totalidade do alumnado, o Grupo Parlamentario Popular comparte coa consellería que non se pode caer no conformismo e que hai que seguir traballando desde un enfoque cualitativo neste ámbito. Cremos que é necesario afondar cada día máis en todos aqueles aspectos e procesos que representen unha mellora na atención educativa de todos e cada un dos alumnos e das alumnas. Unha actitude que ten como finalidade acadar o obxectivo de que todos e todas alcancen o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional; mellorar na integración e no reforzo de atención a aqueles estudantes con dificultades específicas de aprendizaxe, como pode ser o caso dos alumnos con trastorno do espectro autista.

En consecuencia coa normativa vixente, consideramos importante reforzar desde Educación o traballo que se fai desde todos os campos, incluídas as asociacións que a el se dedican.

Este grupo parlamentario quere impulsar unha maior coordinación e un maior apoio educativo aos estudantes con TEA. É por iso que, desde un enfoque cualitativo, propoñemos afondar nos mecanismos de colaboración entre todas as persoas que interveñen no proceso educativo deste alumnado. Por este motivo, presentamos esta iniciativa, señorías, esperando obter se non o recoñecemento, polo menos o apoio do resto de grupos parlamentarios.

E respecto das emendas, señor presidente, fixarei a posición no turno de réplica.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fariñas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Estou de acordo co propoñente da proposición non de lei en que a educación debe incluír factores correctores da desigualdade para garantir o acceso de todas a un nivel equiparable ao dos demais. E isto está consagrado nas propias leis, mesmo nas elaboradas por estes gobernos actuais, tamén nos tratados internacionais e nas conferencias específicas. Pero o seu discurso está en contradición absoluta coas súas políticas e tamén o contido desta PNL.

O plan PROA, que é a emenda que presenta esta deputada para que se poña en funcionamento, son programas de reforzo, orientación e apoio, que se concibiron como un proxecto de cooperación territorial entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Educación para abordar as necesidades asociadas á contorna sociocultural do alumnado, creando unha serie de programas de apoio aos centros educativos para que estes, os centros educativos, puidesen traballar na corrección de situacións de desvantaxe educativa, como é o caso dos nenos e nenas autistas, atendendo aos colectivos máis vulnerables, como é este colectivo, para mellorar a súa formación.

En Galicia, no curso 2014-2015, o plan redúcese tan só á modalidade de acompañamento escolar, dirixido só ao alumnado de entre 3º de primaria e 4º da ESO. E aínda que ten uns loables obxectivos sobre o papel: mellorar as perspectivas escolares do alumnado con dificultades a través do traballo de apoio organizado para a adquisición das destrezas básicas que lle faciliten a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás exixencias das diferentes áreas e materias, é mágoa que fiquen aí no papel, como esta PNL e como todas as que presentan vostedes: a oratoria, o xadrez... todas esas cousas.

Porque en Galicia, na realidade, a Xunta está a levar a cabo unha política de feitos que na práctica resulta ser unha desaparición das posibilidades de integración das alumnas

en situación de desigualdade. En primeiro lugar, situando os programas de reforzo na área das accións voluntarias dos centros educativos, de tal xeito que o dereito á educación dunha nena pode verse limitado simplemente por estar matriculada nun colexio cuxo profesorado decidiu non presentarse a eses plans. En segundo lugar, porque as necesidades das alumnas valóranse en función das disponibilidades económicas da consellaría, sendo que as situacións que pretenden corrixir os programas de reforzo non son avaliadas, senón que constitúen situacións de inmediata necesidade que deben ser tratadas no momento no que son detectadas, para garantir a futura inclusión desa nena ou neno na normalidade do sistema educativo.

No curso 2014-2015, o alumnado de Rubiás queda sen reforzo por falta de axudas para contratar profesorado e máis dun centenar de escolares de Tomiño con deficiencias en aprendizaxe perden o servizo de reforzo do que disfrutaban por falta de dotación presupostaria.

A consellaría outorga o programa pero non o dota de profesorado externo para levalo a cabo. E así centros escolares quedan sen clases de apoio por falta de docente, polo que moitos centros teñen que renunciar ao programa do plan PROA. Porque ante o aumento de peticións de persoal externo que exige unha contratación, a Xunta opta polo criterio de manter aqueles que xa o tiñan ou compartilo con outros centros, e apela outra vez ao voluntariado das profesoras que imparten aí.

É obriga da Consellaría de Educación que todas as nenas e os nenos galegos, independentemente de que o seu centro escolar solicite ou non, queira ou non, pense que precisa ou non, teñan a posibilidade de recibir a atención docente que requiren. É obriga da Consellaría, non caridade nin voluntariado, a dotación de profesorado abondo para que garanta o tratamento do alumnado exixente coas necesidades e peculiaridades que agora mesmo se dan, sen atender a disponibilidades orzamentarias nin a catálogos de postos de traballo.

Unha nena ou neno con necesidades especiais de atención por cuestións socioeconómicas, culturais, físicas, psíquicas ou sensoriais, sexan permanentes ou conxunturais, conxénitas ou adquiridas, xeneralizadas ou moi particulares, en calquera caso ten que ser axudado dende o primeiro momento. Hai que lle pór á súa disposición os medios, as

persoas, os materiais e os procedementos que permiten solucionar esas necesidades, porque ten dereito a ese apoio. A clave está nese dereito. E isto é precisamente o que vostedes non queren entender, que dá igual cal sexa o custo e as disponibilidades, dá igual que outros gastos hai que deixar a un lado. É unha nena e un neno e ten dereito preferente a unha educación que lle permita afrontar a súa vida como todas as demais.

Se na exposición de motivos din vostedes que o obxectivo é que “todas e todos acaden o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional”, entón teñen que aprobar esta emenda, se non esta PNL será *rien de rien*, como o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, estamos diante dunha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular que, segundo di, pretende “Mellorar na integración e no esforzo da atención a aqueles estudantes con dificultades específicas de aprendizaxe”, como é o caso do alumnado con autismo, ese trastorno que provoca alteracións leves ou graves que afectan a conduta e a comunicación e que algunhas veces incapacitan a relación entre persoas e co mundo que as rodea.

Segundo di o Grupo Popular, efectivamente, Galicia conta cunha Lei de educación e mesmo cun decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado. Leis e decretos que representan, segundo o Partido Popular, “un impulso inequívoco respecto da atención educativa” ao alumnado con necesidades específicas. Efectivamente, hai unha lei que fala como dun principio fundamental da atención á diversidade. Efectivamente, dentro dos fins fundamentais do sistema educativo, a calidade da educación para todo o alumnado, a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación, é un dos eixes importantes. Mesmo a propia lei di que as administracións educativas disporán dos medios

necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, etc. E que cómpre, desde logo, identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado, que neste caso resulta ser moi importante para o desenvolvemento do mesmo ao longo de toda a súa vida, e tamén que ese alumnado poida acadar o máximo desenvolvemento posíbel das súas capacidades. Para iso os centros educativos deben ofertar unha resposta educativa inclusiva e de calidade que compense as diferenzas individuais de cada un dos alumnos que necesitan esa axuda.

A Administración, desde logo, debe garantir programas dirixidos á conversión das desigualdades, debe impulsar a formación de todo o profesorado na atención a este alumnado con medidas ordinarias e extraordinarias, dentro das cales as dotacións curriculares, agrupacións flexíbeis, apoio con profesorado especialista, ben de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientadores e mesmo coidadores.

Ou sexa, que lexislación é certo que a hai, mais o Grupo Parlamentario do BNG, á parte de recoñecer a todos eses colectivos que levan máis de vinte anos loitando a prol da educación inclusiva, que reclaman, en primeiro lugar, facilitar o acceso dos nenos e nenas con diversidade funcional ao ensino ordinario e, en segundo lugar, dotar o ensino público de recursos necesarios para atender a diversidade das aulas. E eses recursos non son nin máis nin menos que persoal especialista, PT, AL, coidadores, que, por certo, practicamente foron reducidos drasticamente nos últimos anos. Á parte tamén é moi necesaria a formación de calidade do propio profesorado, que, por certo, co Goberno do señor Feijóo, foi recortado brutalmente. Os centros educativos deben ser accesíbeis en canto a barreiras arquitectónicas pero tamén barreiras –digamos– de tipo sensorial e comunicativas. Algo hai que facer neste aspecto e debemos dotar de recursos que faciliten o proceso do ensino e aprendizaxe.

En definitiva, que todas as nenas e nenos poidan acceder á escola cos mesmos dereitos e as mesmas oportunidades, independentemente das súas capacidades e das súas características.

Lamentablemente, señorías, a realidade da atención educativa a estes nenos non é compatíbel cos máis de trescentos centros sen dotación de profesorado necesario que están a

reclamar as ANPA de toda Galicia, non é compatíbel con duascenas unidades coa ratio por riba do que marca a propia lei, non é compatíbel esta educación de calidade co 60 % dos orientadores nomeados que comparten centro e que son persoal ambulante e itinerante.

Señoras e señores deputados, hai moitas familias que levan moitos anos loitando pola inclusión educativa, porque cren que as nenas e nenos dos que estamos a falar poden e deben compartir e convivir de xeito autónomo nos centros, a pesar da LOMCE, que trata de clasificar os nenos e apartar aqueles que –digamos– presentan algunha diversidade funcional.

Falamos, señorías, de nenos e nenos, non de números. Por iso, o BNG presenta a esta iniciativa unha emenda que pretende restabelecer o acordo asinado pola Consellería no ano 2007, que establecía os criterios para fixar os cadros de persoal necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas específicas, non os recortes continuados do Partido Popular.

En todo caso, nós pretendemos que a Consellería garanta a calidade e a equidade...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor...

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...do sistema educativo –xa remato, señor presidente– no tratamento a este alumnado, nomeando o persoal que demanden os centros educativos, tanto profesorado especializado como coidadores, garantindo unha educación inclusiva de todo o alumnado nos centros públicos e promovendo o desenvolvemento lexislativo e os recursos necesarios que fixera falta. Nós, por suposto, que non temos nada en contra dun protocolo que axude a comunidade educativa á aplicación da atención a estes nenos, pero pensamos que o fundamental é máis profesorado.

Seguro que se apoian esta emenda...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...moitas familias estarán agradecidas a este Parlamento pola axuda real a unha educación inclusiva que tantos anos levan reclamando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, bo día a todas e a todos.

Esta iniciativa non ten ningunha credibilidade. Non ten credibilidade porque a súa propia retórica é unha retórica do baleiro, e só hai que enumerar a súa textualidade: “máis recursos”, “seguir traballando”, “afondar”, “perseverar”, “contou con avances”, outra vez “afondar” e agora na súa intervención oral o “impulso definitivo”. Isto non ten ningunha credibilidade. Non ten credibilidade porque a realidade é moito menos idílica, é moito máis crúa para os nenos e nenas con diversidade funcional en xeral, e sobre todo e en concreto para nenos e nenas con trastorno do espectro do autismo. A realidade é moito máis crúa para eses nenos e nenas e para as súas familias, e para a comunidade educativa no seu conxunto, para os docentes, para as familias, para os equipos directivos e para o alumnado. Non ten credibilidade porque, como advirte o informe do Valedor do Pobo, en Galicia non se respecta o dereito á educación inclusiva porque existe –e cito– “tensión entre este dereito e a limitada oferta de recursos adecuados”; non o di AGE, dio o Informe do Valedor o Pobo.

Houbo un tempo en que se intentou avanzar dunha educación que estaba nun estadio segregador cara a un estadio integrador, mais cos continuos recortes, que suprimen docentes, que só provocan masificación de aulas, que impiden os apoios educativos necesarios, que demoucan os departamentos de orientación sometidos á inestabilidade e precariedade, pois é imposible avanzar dun estadio meramente incipiente de carácter integrador cara a un inclusivo. E non só iso, senón que imos cara a atrás, volvemos a etapas de segregación.

Por iso, queremos lembrar que non hai nada peor para un neno e nena con trastorno de espectro autismo que a inestabilidade e os cambios permanentes de profesorado. Só hai que ver no catálogo agora mesmo no recente concurso de adjudicación de prazas o profesorado interino, o profesorado substituto e a expectativa de destino, porque aquí non hai concursos de traslados que estabilicen os docentes e non hai

prazas de oposición que estabilicen as plantillas de docentes. E, polo tanto, se non hai estabilidade e temos profesorado sometido á inestabilidade, o neno e nena con TEA tamén está sometido a esa inestabilidade e, polo tanto, repercute no seu proceso de formación e educativo.

Polo tanto, necesitamos estabilidade, necesitamos formación, necesitamos que os apoios específicos nas aulas se dean cos recursos técnicos e visuais axeitados e con profesorado especializado na atención a persoas con diversidade funcional, e en concreto con TEA.

Son moitísimas as eivas que as familias destes nenos e nenas comunicaron a Alternativa Galega de Esquerda nos últimos cursos, mais tamén o persoal especializado na atención a estes nenos e nenas, e os docentes. Son moitísimas as eivas. Por iso, e como queríamos ofrecer un pequeno rango de concreción, presentamos catro emendas:

Por unha banda, dotar de recursos materiais e humanos os equipos de orientación específica para que poidan desenvolver con garantías o seu traballo de valoración dos nenos e nenas na valoración diagnóstica, para poder desenvolver a atención temperá. É preciso iso. ¿Por que? Porque estase obrigando as familias a ir a valoracións privadas e a ter que custealas, e iso non pode ser.

Elaborar programas especializados de formación de profesorado en TEA para desenvolver os protocolos de actuación e as diferentes estratexias de atención educativa, axeitados ás necesidades educativas específicas de nenos e nenas con TEA.

O terceiro punto da nosa emenda: redactar de forma participada protocolos de titorización entre iguais, porque o persoal especializado alerta de que precisamente este programa pode repercutir favorablemente para eliminar situacións de acoso escolar ou de marxinação que ás veces se producen cos nenos e nenas con TEA. Polo tanto, pedimos que estes protocolos se inclúan nos protocolos de prevención de situacións de acoso escolar nos centros públicos.

E finalmente, para poder levar a cabo simplemente estas tres medidas, entre outras moitas que son precisas, pois todas as medidas orzamentarias que sexan precisas para poder desenvolve-las de forma correcta. Así como as que

vaian xurdindo froito do traballo de cooperación cos diferentes axentes implicados na educación e formación de nenos e nenas con TEA. Pero, desde logo, non se resolve cun...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor RON FERNÁNDEZ: ...que non di absolutamente nada, e que di: sigamos así. Non señor.

Polo tanto, nós pedimos concreción porque todo o demais é retórica baleira.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario dos Socialistas. Señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidente.

Señorías, bos días de novo.

Señor Fariñas, eu escóitoo a vostede con moita atención cando fala, cousa que vostede non fixo comigo na iniciativa anterior. E quero dicirlle, de entrada, que o Grupo Socialista non ve con malos ollos esta iniciativa que hoxe presentan vostedes, aínda que, iso si, vaime permitir que maticemos determinadas cuestións que ao noso entender son moi relevantes.

O Grupo Socialista cre que é positivo que o colectivo de nenos e nenas TEA conte cun protocolo específico para a súa problemática, do mesmo xeito que consideramos no seu momento que era positivo un protocolo para os nenos e nenas hiperactivos, e dicimos hoxe aquí que tamén nos parece prioritario un protocolo para nenos e nenas con dislexia, cuestión que afecta a unha porcentaxe importante do alumnado nos nosos centros.

E quero lembrarlle hoxe, señor Fariñas, que a primeira vez que este deputado plantexou a problemática de nenos hiperactivos no Parlamento pasaron vostedes olímpicamente de min, e foi meses máis tarde cando vostedes o puxeron

en marcha *a bombo e platillo* e con grande parafernalia mediática.

Entendín daquela, señor Fariñas, un pouco mellor, por se non o tiña claro, de que ía isto da mala política. É certo que no mundo actual os problemas de saúde mental non ocupan o papel que merecen na axenda pública, e probablemente esta cuestión débese en parte á actual crise económica, que ten producido importantes recortes nos recursos precisamente adicados ao conxunto das políticas sociais.

O Grupo Socialista considera que a solución aos nenos e nenas TEA teñen que vir do traballo coordinado entre Sanidade e Educación. Un neno ou nena autista ten moitas posibilidades de fracasar no sistema educativo se non está correctamente diagnosticado, tratado e atendido. Son, obviamente, nenos e nenas con dificultades para integrarse nunha aula convencional, de aí a necesidade deste protocolo do que estamos a falar hoxe no Parlamento de Galicia.

Teño que dicirlles que este deputado sente sensibilidade por este asunto, pois coñecín na miña traxectoria profesional algúns casos e tiven a oportunidade de tratar coas súas familias e de coñecer as súas angustias.

Tiven tamén a oportunidade de ver como o profesorado descoñece bastante esta problemática e non sabe moi ben que facer na aula cando se ve nesta situación.

Por iso a creación deste protocolo sería positivo. Este protocolo tería que ser deseñado por equipos multidisciplinares, e debería incluír actuacións conxuntas –insisto– de Sanidade e Educación. O obxectivo básico sería detectar este trastorno á idade máis temperá posible, e darlle unha resposta adaptada ás necesidades dos alumnos.

O Grupo Socialista considera que estamos diante dun trastorno con certa repercusión escolar, ao que cómpre dar unha resposta que involucre ao conxunto da comunidade educativa.

¿Cal sería a clave, señor Fariñas, ao entender do Grupo Socialista? A clave sería saber se, ademais do protocolo, a consellería está disposta a poñer enriba da mesa os medios humanos necesarios para atender esa diversidade nos centros educativos. Ter un protocolo e non ter profesionais que o

executen non valería de nada, sería puro fume e propaganda, señor Fariñas.

Eu lembro aínda como no curso pasado falamos neste Parlamento das vivencias dun neno chamado Gael, un neno de Culleredo afectado precisamente de trastorno de espectro autista, cuxa nai falara comigo para pedir axuda para o seu fillo, xa que no centro no que estaba escolarizado en Culleredo non contaban cos medios humanos necesarios para poder atender a Gael.

Entende o Grupo Socialista que de pouco valería crear o protocolo TEA se despois a Consellería de Educación non dota os centros co persoal necesario para poder atender estes nenos. A escolarización dos nenos TEA non está garantida hoxe en día nos centros ordinarios, pois as familias vense obrigadas a escoller entre escolarizar o menor, con risco para a súa saúde, ou atender ao coidado da saúde, renunciando para iso á educación.

Son bastantes as patoloxías dos menores que precisan de coidados especiais que o Goberno galego non está atendendo coa sensibilidade que sería necesaria, e sirva como exemplo significativo o caso que acabo de dicir tamén dos nenos que teñen dislexia.

Sabemos tamén que temos que aproveitar ben os escasos recursos existentes, mais ser rácanos na atención ás persoas máis necesitadas parécenos unha inxustiza.

Señor Fariñas, o Goberno central reduciu nun 90 % as partidas para a educación compensatoria e vostedes non alzaron a súa voz. É imposible atender ben a diversidade suprimindo prazas de profesionais de PT ou AL, e aí están as queixas de moitas comunidades educativas neste inicio de curso 2015-2016. Por iso queremos dicir hoxe aquí, alto e claro: protocolo TEA, señor Fariñas, si, pero sempre que veña acompañado dos recursos humanos necesarios.

O Grupo Socialista, vista a experiencia do protocolo sobre nenos hiperactivos, ten presentada unha emenda de adición moi clara, e agardo que vostede a mire con cariño. Nese caso, en función diso, votariamos a favor ou xa veríamos o que facíamos.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Docasar.

Turno de peche para posicionarse sobre as emendas, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Docasar, presteille toda a atención da que son capaz. Vostede tamén me cae ben, pero entenda vostede que aínda que sexa home son capaz de facer dúas cousas ao mesmo tempo: escoito e escribo, porque lle quero contestar con toda coherencia ás cousas que vostede me conta. Entón, escribo para darlle unhas respostas. ¿Está claro? Non o tome vostede a mal porque non é que non lle atenda; fago dúas cousas ao mesmo tempo.

E falaba o señor Ron da cuestión da equidade. Precisamente tocou vostede a tecla xusta. O sistema educativo galego pode presumir e presume de ser dos de maior equidade de todos os sistemas educativos, polo menos así o di a OCDE, que sinala só a México como o único por encima de Galicia en equidade; todos os demais por detrás.

E se falamos de equidade real, e tomamos como referencia ao líder en equidade real, que é Finlandia, Galicia está só a seis décimas. É a única comunidade española homologable en equidade, co País Vasco, co resto dos países líderes en equidade real.

Precisamente as educacións inclusivas son as que fan que este noso sistema educativo galego que vostedes tanto denostan, e polo tanto aos seus profesionais, e iso non lles gusta porque vostedes tratan de sacar rendibilidade política falando aquí continuamente dos cadros de persoal, que é o único que lles interesa, sacar rendibilidade política, se non, non lles interesa. A proba ben está nesta proposición non de lei, que é unha proposición non de lei en positivo, e vostedes trataron de argallar, de atopar argumentos suficientes para poder opoñerse (*Murmurios.*) É o único que trataron de facer nas súas intervencións.

E logo presentan vostedes emendas. Imos ver, cumprese estrictamente o catálogo de postos de traballo apro-

bado no ano 2007 polo Goberno que non era do PP e si doutros, doutros. Cúmprese estritamente. E cúmprese estritamente, ademais, porque naquel momento foi cando se puxo a taxa de reposición no 10 %. E nas mesas sectoriais e nas conferencias sectoriais, que é onde se negocian estas cousas, das que vostedes marchan cando goberna o Partido Popular, resulta que a Consellería defendeu elevar a taxa ao 50 %. Conseguiuse, si, pero con outro goberno do Partido Popular en Madrid. E esgotouse con 466 prazas convocadas para o ano 2015, esgotouse ao cen por cento a taxa de reposición. O ano que vén xa está anunciado o cen por cento, e esgotarase tamén, señor presidente.

Galicia contará cun sistema educativo galego, de calidade, solidario e que busca a calidade e a excelencia, e entre eles estarán tamén os TEA, señor Pombo. Non vou admitir que me pida substituír...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, e pronúnciese sobre as emendas, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Se ten vostede outra iniciativa –remato, señor presidente–, presénteala, pero non ten nada que ver coa nosa, absolutamente nada que ver.

Respecto das outras emendas, señor Docasar, PT e AL, cúmprese estritamente. Non hai nin un só colexio que non teña a súa atención debida, nin un só. Que sexa compartida... Non vexan, señora Pontón –que vostede parece que quere participar no debate–, isto da atención á diversidade como unha foto fixa. Non o vexan, nin sequera desde o punto de vista do persoal.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, remate, por favor. Remate, señor Fariñas. ¿Non acepta as emendas?

O señor FARIÑAS SOBRINO: Non imos aceptar ningunha emenda, señor presidente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fariñas.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co sector naval galego para impulsar a entrada no sector da fabricación de compoñentes da eólica mariña

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha do Grupo Parlamentario Mixto, e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e vicevoceira, Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir na parte resolutiva os puntos seguintes:

– “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no presente período de sesións un Plan de Diversificación Industrial para Ferrolterra.

– O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer nos orzamentos para o ano 2016 a dotación necesaria para a construción do dique flotante.”)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Beatriz Sestayo Doce, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que demande e colabore co Goberno central para:

1º) Presentar un plan industrial para Navantia que contemple, entre outras cuestións, un programa de rexuenece-

mento dos cadros de persoal nas novas incorporacións, e a construción e reparación de buques, co fin de recuperar o liderado internacional no sector naval, aproveitando a ampliación do canal de Panamá.

2º) Aprobar de inmediato a construción da F-110 en Navantia da ría de Ferrol.

3º) Construír o dique flotante e se leve a cabo cubrición dun dos diques existentes.

4º) Intensificar a acción comercial, co fin de que Navantia lidere o sector naval. Partido dos Socialistas de Galicia

5º) Apoiar o sector eólico nos diferentes programas, mantendo en todo caso o liderado do sector público, así como do sector naval e fomentando a diversificación sen exclusión, en ningún caso, do sector da construción e reparación naval.

5º) Apoiar o sector eólico nos diferentes programas, mantendo en todo caso o liderado do sector público, así como do sector naval e fomentando a diversificación sen exclusión, en ningún caso, do sector da construción e reparación naval.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

Eu creo que todos os membros desta Cámara somos xa plenamente conscientes da situación na que se atopaba o sector naval da ría de Ferrol en decembro do 2011, cando se produce o cambio de Goberno en España. A herdanza do Goberno central anterior é unha carteira de pedidos completamente baleira. A ineficacia da dirección de Navantia e da dirección da Sepi, a ineficacia deles dous, levou a que no segundo mandato do Goberno socialista, entre o ano 2008 e ano 2011, non se conseguira nin un só pedido novo nos estaleiros da ría de Ferrol; cero contratos entre o 2008 e o 2011.

Esa é a situación que nos atopamos en xaneiro de 2012, cando toma posesión un novo goberno en España; unha

situación que hai que recordar que ten as súas orixes na reconversión naval de decembro do 2004, executada polo Goberno Socialista e pactada cos sindicatos Comisións Obreiras e UGT. Unha reconversión que supuxo a destrución de 1.400 postos de traballo nos estaleiros da ría de Ferrol; 2000 postos de traballo destruídos na industria auxiliar, e supuxo ademais a restrición máxima do 20 % da facturación total do grupo Navantia para a construción civil. E por último, e grave para a comarca de Ferrolterra, a prórroga do veto produtivo sobre a antiga Astano ata o 31 de decembro de 2014.

Esa foi a herdanza recibida, unha carteira de pedidos completamente baleira e uns estaleiros que perderan a súa competitividade no mercado internacional, derivada desa serie de limitacións impostas pola reconversión naval de 2004; unha reconversión á que só se opuxo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular.

Saben vostedes que nós fomos especialmente críticos coa dirección de Navantia, coa dirección actual, cando non chegaban contratos para os estaleiros da ría de Ferrol; como foron críticos tamén os alcaldes da comarca de Ferrolterra e o conxunto da cidadanía.

Hoxe, aínda que non se ten acadado a plena ocupación para os estaleiros da ría de Ferrol, o certo é que é innegable que estamos nunha situación radicalmente distinta; unha situación que comezou a cambiar coa consecución do contrato do flotel de Pemex, que para uns poucos era mentira, e por iso esas mesmas voces críticas non puideron acudir ao acto de botadura celebrado o pasado 28 de agosto nos estaleiros da ría de Ferrol.

Ao contrato do flotel de Pemex uníronse posteriormente o BAM –buque de acción marítima– encargado pola Armada española, primeiro contrato militar dende o ano 2008 encargado aos estaleiros da ría de Ferrol. E posteriormente o contrato de enxeñería e equipamento dun LHD para a Armada de Turquía, ou a construción de catro petroleiros para a navieira vasca Ondimar, que se construírán entre os estaleiros de Andalucía e os estaleiros da ría de Ferrol.

En decembro de 2014, hai exactamente nove meses, Navantia asinaba un contrato –Navantia e Windar Renovables– con Iberdrola para a construción de 29 jackets de eóli-

ca mariña nos estaleiros da ría de Ferrol. Trátase do proxecto Wikinger, para construír un parque mariño no mar Báltico.

O contrato representa un volume de negocio de 90 millóns de euros e supón 900.000 horas de carga de traballo para os estaleiros da ría de Ferrol, que están a dar ocupación a medio millar de traballadores ata xullo de 2016, data na que deberán de estar entregadas todas as estruturas. En torno a 30 empresas auxiliares colaboran con Navantia e con Windar Renovables no desenvolvemento deste proxecto.

Grazas ao proxecto Wikinger, grazas ao contrato con Iberdrola, vimos como volvía a moverse a grúa pórtico de Astano. Levaba anos parada, anos sen funcionar, e volvía estar en funcionamento.

O contrato de Iberdrola, polo tanto, permitiu a volta á actividade dos estaleiros de Navantia en Fene, da antiga Astano, unha vez expirado o veto produtivo que o Goberno socialista de Rodríguez Zapatero pactara no seu día coa Comisión Europea na reconversión de 2004, e que supuxo na práctica o peche do estaleiro fenés ata decembro de 2014.

En xuño de 2015 –hai tres meses– conseguíuse un novo contrato, un segundo contrato, tamén en eólica mariña, firmado por Navantia e Windar Renovables no eido da eólica mariña, para construír nos estaleiros de Fene cinco macroestruturas flotantes para Hywind Scotland, filial de Statoil. Trátase dun programa experimental, para establecer parques mariños en augas máis profundas, que podería ter continuidade posteriormente coa fabricación doutras 45 plataformas flotantes máis; un contrato no que Navantia partiría en situación preferente.

Trátase dun contrato inicial –o das cinco plataformas flotantes– que reportará ao estaleiro de Fene 400.000 horas de carga de traballo e actividade ata febreiro de 2017. Máis alá do que representan estes contratos de forma inmediata, como carga de traballo, temos que destacar tamén o que representan no aspecto cualitativo, o feito diferencial que supoñen estes contratos, na medida en que permiten a entrada dos estaleiros públicos no sector da eólica mariña, nun sector puxante, nun sector emerxente, que estará en expansión durante as próximas dúas décadas.

Trátase, en definitiva, dunha oportunidade para converter o centro de Fene nun referente europeo na fabricación

destes equipos, unha actividade –teño que dicilo xa por adiantado– perfectamente compatible coa construción naval; e nós queremos, ademais, que sexa perfectamente compatible coa construción naval.

En definitiva, estamos asistindo a unha nova etapa –logo da sequía de contratos– que permite a Navantia camiñar no eido da construción civil, no eido da construción militar e no eido tamén da diversificación. Hoxe podemos dicir que, onde había cero contratos, no último ano se conseguiron seis novos pedidos, eses seis dos que veño de falar, e que, polo tanto, hoxe Navantia Fene Ferrol é máis competitivo que hai tres anos e ten moitas máis opcións de futuro que naquelas datas; un futuro que pasa por consolidar as oportunidades destes seis novos contratos e, en especial, tamén da eólica Offshore. Seis contratos pechados. Seis contratos que son realidades, gusten ou non gusten.

Somos, dende o Grupo Parlamentario Popular, moi conscientes de que a diversificación industrial hoxe é unha realidade no sector naval da ría de Ferrolterra, e que a diversificación é, dende logo, o camiño. E que esa diversificación e a eólica mariña é unha baza de futuro certa e viable.

Por todo isto, dende o Grupo Popular presentamos esta iniciativa, na que literalmente propoñemos o seguinte: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter a colaboración co sector naval galego, e nomeadamente con Navantia Fene Ferrol, para impulsar a entrada no sector da fabricación de compoñentes de eólica mariña, apoiando de forma decidida as iniciativas empresariais que camiñen nesa dirección, para promover a verdadeira diversificación industrial da comarca de Ferrolterra”.

Na nosa opinión, defender o naval no século XXI é apostar de forma coordinada pola construción militar, apostar tamén pola construción civil –esa construción que nos vetou a reconversión do ano 2004, pero esas limitacións hoxe xa non existen– e apostar tamén pola diversificación industrial que encarna a eólica mariña, sector no que, se queremos, podemos ser un referente europeo.

Nós o que instamos é a Xunta de Galicia a traballar da man de Navantia, a traballar da man da SEPI, para poder avanzar nesa diversificación, no camiño que abre a eólica mariña para as próximas dúas décadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Este ano non podía faltar. En todas as campañas electorais o Partido Popular anuncia a solución definitiva para o sector naval público galego, para despois incumprir todos os compromisos acadados durante a campaña, como ocorreu co dique flotante e como ocorreu con todas as promesas de Pemex. E a min paréceme un escándalo que aínda veñan presumir do que fixeron con Pemex e os floteis. Dous floteis que case non crearon emprego a cambio de regalar un dos mellores estaleiros galegos. E despois, toda a carga de traballo que ía enviar Pemex, quedou polo camiño en promesas incumpridas, que é o que sabe facer o Partido Popular.

Agora, neste ano electoral, evidentemente o Partido Popular vólvenos presentar como solución para Navantia Fene a fabricación de jackets para o parque eólico mariño Wikinger que promove Iberdrola en Alemaña.

A finais dos setenta comezaba o viacrucis da reconversión naval, un plan que levou a cabo o INI. O 5 de xuño de 1981 o Goberno do Estado, mediante un decreto-lei, outorgaba incentivos a cambio de despedimentos e prexubilacións, Astano é a gran vítima da reconversión. A segunda reconversión, entre 1988 e 2003, foron 4.000 e 12.000 traballadores, respectivamente, os perdidos. Astano e Bazán pasaron polo adelgazamento dos cadros de persoal, limitación e trocos de actividade. Desde mediados dos oitenta, cando a planta de Fene foi a cabeza de turco no cambio de cromos entre o Goberno do Estado e Bruxelas para a entrada na Unión Europea, perdéronse 27.000 postos de traballo.

En Astano e Bazán traballaron algún día máis de 16.000 persoas. Agora quedan unhas 2.000 en Navantia, 300 en Fene e unhas 500 en empresas auxiliares. A política dos sucesivos gobernos do Estado, e o desinterese na defensa do

sector naval galego dos sucesivos gobernos do Partido Popular na Xunta, levaron á actual situación do naval ferrolán.

A situación do naval é límite, debido ao seu deseño político a nivel estatal e consentido pola Xunta, que ten como fin último o desmantelamento desta actividade na ría de Ferrol. A cidade viu esmorecer non só os empregos do naval, senón a actividade económica e as oportunidades laborais que nacían ao seu abeiro.

Non son, pois, parámetros de estratexia político-electoral os que deben primar nesta situación de extremada emerxencia económico-social, que arrastra a miles de veciños e veciñas de Ferrolterra ás mans da miseria e aos seus fillos e fillas á emigración.

Non é o debate das decisións políticas que se tomaron o que pode traer empresas que abran un horizonte para os milleiros de persoas desempregadas. É a hora de alentar e apoiar os proxectos que permitan trasladar ao maior número de fogares o fin da miseria e do desemprego. É hora, pois, de combinarmos estratexias de defensa do traballo que aínda fica sen destruír con decisións políticas que abran portas para conseguirmos novos nichos de emprego.

O futuro económico-social da comarca pasa pola aposta decidida por dous eixos estratéxicos de actuación. Diversificación industrial arredor da enerxía, o gas, o sector agroforestal e o marisqueo. O sector naval ten que ir máis alá da construción naval, chegando á fabricación de equipos diversos, motores, turbinas ou maquinaria especializada para a explotación do cru e gas na industria off-shore. A construción dun novo dique que sirva para atender as demandas das grandes unidades de transporte por mar. A industria off-shore debe ser un dos elementos sobre os que xire a recuperación da actividade económica nas instalacións de Fene.

Por iso non chega a súa proposición non de lei que presenta hoxe. Vostedes o que queren é acabar coa construción naval civil en Fene, por iso queren dedicar o estaleiro agora a facer palas para eólica ou ao que sexa con tal de, pouco a pouco, ir eliminando calquera posibilidade de que Fene traballe no naval.

Por iso a miña emenda vai no sentido de non oporse a que se traballe dentro de Fene para a industria eólica, pero si de

manter e crear un real compromiso para que a construción naval siga sendo unha actividade fundamental do estaleiro en Fene.

Polo tanto, propomos engadir dous puntos. Un é presentar, no actual período de sesións, un plan de diversificación industrial para Ferrolterra, porque non pode ser andar a salto de mata e en cada elección presentarnos un cubillito, como se iso fora o futuro. Presentar un plan serio de diversificación industrial para a comarca de Ferrolterra, e establecer nos orzamentos para o ano 2016 a dotación necesaria para a construción do dique flotante. Só así pode ser crible que a súa aposta vai máis alá de transformar o estaleiro de Fene noutra cousa e manter a actividade naval deste estaleiro.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Sestayoy.

A señora SESTAYO DOCE: Grazas, presidente.

O certo é que de novo o shock da volta ao Parlamento e á cámara virtual desa realidade virtual defendida polo Partido Popular, en que nada coincide coa realidade.

En primeiro lugar, para clarexar, creo que outras deputadas e eu mesma non estivemos na botadura do flotel –por certo, feito algunhas pezas nos estaleiros e no prazo no que dicía o Partido Socialista, pode acudir mesmo ao *Diario de Sesións*– porque Navantia, a dirección de Navantia proposta polo Partido Popular, só invitou ao deputado do Partido Popular. Isto é o que ten a democracia e o respecto á pluralidade democrática deste país por parte do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei se podo falar ou tamén quere o señor Tellado...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: ...seguir con esta cuestión. Nin unha nin a outra.

Mire, a realidade do Plan eólico do señor Feijóo está anunciada neste Parlamento: 14.000 empregos e 6.000

millóns de euros de inversión. Isto é o que estaba anunciado por activa e por pasiva. A realidade: cero euros. Esta é a realidade do Plan Feijóo.

Realidade da reconversión: quebra técnica, acta da sesión de Navantia, 2003, gobernaba o señor Aznar. Un ano máis, un ano menos, non importa. Xa sabemos, señor Tellado, coñecemos a súa solvencia. Esa mesma solvencia que di que o Goberno de Ferrol envenena a cidadanía de Ferrol. Esa mesma solvencia que o caracteriza a vostede como meritório, sen dúbida, nesta pugna por esta nova etapa do Partido Popular, pero o certo é que as realidades son as que son.

Herdanza, señor Tellado. Entre outros, o que pide hoxe tanto o Comité de empresa de Navantia, como o que pide a propia dirección de Navantia, acudindo ao Partido Socialista e a outras forzas para que fagamos cumprir a vontade política que manifestou no seu día Zapatero a través dos contratos australianos, que si serían unha solución para encabezar a modificación e a presentación dun plan industrial. Eses contratos australianos que daban lugar a que se contratara en Ferrol –como sabe, ou debería saber– o contrato máis numeroso da historia, de maior peso para a industria dos estaleiros, e que daba lugar ao Canberra e ao Adelaide, que é o que encontraban vostedes, o Adelaide, facéndose nos estaleiros ferroláns –supoño que vostede non o vería–, e esa si é a herdanza do señor Zapatero.

Sequía, señor Tellado. Sequía é a que manifestan... Se vostede acudira non só aos actos en que hai que sacar fotos, senón a traballar, podería acudir, como fixemos dende o Goberno de Ferrol hai quince días, nunha visita –unha máis, unha de tantas do que forma a nosa habitualidade– de catro horas, na que pon de manifesto o comité de empresa, por unha parte, o que quere converter o Partido Popular o estaleiro de Fene, un taller de chapa e pintura de subcontratacións, de empregos precarios, e que nos convertamos en auxiliar doutras empresas, que traballemos para outras empresas, precarizando o emprego e ademais subcontratando auxiliares externas da comarca de Ferrol. Ese é o éxito do señor Tellado, que pretende precarizar os empregos e non reforzar nin un só posto da plantilla.

Non hai que dicir, señor Tellado, as perdas de postos de traballo que se teñen producido durante estes cinco anos. Como un exemplo, as iniciativas e as emendas que presenta

o Partido Socialista, que supoñen o que levamos pedindo dende a oposición durante estes cinco anos maravillosos do señor Feijóo, no que, dende logo, estamos instalados na marmota.

Mire, ¿que é o que pide o sector? Vou falarlle xa da dirección de Navantia. A dirección de Navantia –proposta, señor Tellado, por vostede–, di que non teñen ocupación; di que a saída son os contratos australianos; di que a saída é un plan industrial que levan vostedes prometendo durante cinco anos; di que é o rexuvenecemento da plantilla, unha plantilla que está envellecida e que, polo tanto, é necesario incorporar sector en formación, persoal que se poida formar novamente nestes estaleiros para volver ser un sector competitivo; di que a saída é o dique flotante; din que a saída é aproveitar as sinerxías que xera a ampliación do canal de Panamá; di que é necesaria a vontade política de querer aproveitar esas sinerxías e que o Goberno do Estado se molle, e non a pasividade que se está tendo por parte do Goberno de España. Iso dío a dirección de Navantia, que tamén ten as súas peculiaridades para deixarnos atónitos, fronte ao que está facendo o Goberno francés, directamente competidor –como sabe ou debería de saber tamén– do Goberno español respecto da construción. Ou como sabe que debería facer esa mesma actuación política que se está facendo noutros países, porque acaba facéndose competitivo dos estaleiros de Navantia o estaleiro de Brest, señor Tellado.

Esta é a realidade, esta é a realidade que sabe calquera que estea enriba do traballo. Pero vostede dedícase a envelenar exclusivamente...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: ...a información, dedícase a seguir facendo de meritorio a custa dunha inmensa irresponsabilidade. Este é o Partido Popular da virtualidade, desa mesma virtualidade que cobraba aos veciños e veciñas de Ferrol por unha depuradora que non funcionaba, nunha enorme estafa. Ese é vostede, señor Tellado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Sestayo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Para o Bloque Nacionalista Galego só nun contexto no que ficasen claramente definidos os proxectos no ámbito da construción naval, soamente nese contexto, apoiariamos que de xeito complementario se puideran adicar as instalacións a outro tipo de realizacións como pode ser a eólica mariña.

Porque mire, señor Tellado, primeiro foi Feijóo como garantía do dique flotante. ¿Recorda aquel episodio? Despois foron parar en campaña as emisións da Televisión de Galiza para que Feijóo explicara o que ía ser... os montes e moreas que se ían colleitar na comarca de Ferrolterra con aquel acordo con Pemex. E hoxe é a eólica mariña. E claro, isto xa vai soando un pouco a que son capítulos do mesmo libro, que é pechar a construción naval en Ferrol.

Por iso, ¿que é realmente o que vostede propón aquí? Díganos, ¿cantos postos de traballo reais vai significar a eólica mariña? O que é mudar unhas instalacións preparadas para a construción de barcos, e recórdolle que vostede dixo exactamente que a eólica mariña neste momento era un sector puxante. ¿Acaso non o é a construción de barcos? ¿Acaso non é un sector tamén puxante neste momento, que vostedes deixaron esmorecer e que levamos aquí, debate tras debate, sen chegar a ningún tipo de realización para os estaleiros? Vostede sábeo perfectamente, porque o mesmo que temos conversas co comité de empresa, seguramente vostede tamén as terá.

Polo tanto, claramente, vostedes non poden cambiar o que é a construción naval por unha carpintería metálica, porque iso é o que están propoñendo. Podemos entendelo como obxecto complementario, pero nós non podemos parabenizar que se traia ao Parlamento realmente o peche definitivo de Astano. ¡É que non o entendemos! Porque mire –non, non–, ¿cantos son...? ¿De que postos de traballo estamos falando?

Señor Tellado, ¿vostede lembra todas as promesas que se fixeron a respecto de Pemex? ¿Recorda cantos barcos se

prometeron en sede parlamentaria, na prensa, e cantos titulares deu Pemex? ¿Sabe cal é a situación real? Pois a punto de vender Barreras en Vigo, despois de que toda a súa tecnoloxía xa fora trasladada a Pemex e vendida de forma absolutamente irrisoria por 5 millóns de euros, señor Tellado. E iso para facer dous floteis. ¿Que cantos traballos deron eses dous floteis? Diga aquí realmente cantos foron os traballos reais que crearon. ¿Que ocorre? Que vostedes –e permítame que llelo diga– están xogando coa esmola, están xogando coa esmola, e na comarca de Ferrol é absolutamente evidente. Cando queira falar do sector naval, cando o conselleiro diga se realmente considera que a solución para o sector naval é a eólica mariña, se realmente considera que esa é a solución, falamos en serio. Pero para iso temos que ver diante cal vai ser o plan industrial para os estaleiros públicos de Ferrol, porque neste momento todo o que podemos ver, todo o que levamos analizado, é realmente dramático, e así o teñen manifestado os propios traballadores e traballadoras. E vostede debería coñecer mellor que ninguén como é a situación laboral da comarca de Ferrolterra, como está neste momento.

Por iso, entendendo que a eólica mariña pode ser un complemento á construción de barcos, non imos votar a favor dunha iniciativa que o que pretende é fume e máis fume a respecto do sector naval.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días de novo.

Señor Tellado, coido que me coñece un pouco, e sobre todo me coñece o Partido Popular, que sabe que a cantos sitios se me convida, asisto; incluso aos sitios máis insospeitados, con escasa satisfacción por parte da Xunta de Galicia. E temo dicirlle, e espero que rectifique, que, dende logo, as deputadas da oposición, a señora Sestayo e máis eu, non fomos convidadas formalmente a esa botadura. Sábeo perfectamente, e debe de pedir desculpas.

Segunda cuestión. Non minta na Cámara, porque vostede sabe que os actos en Navantia non son abertos. É máis, sabe perfectamente –deixe de mentir– que teñen unha escrupulosa seguridade. Mesmo en múltiples ocasións os cargos públicos quedan na porta porque non poden entrar, ben o sabe vostede. Polo tanto, espero que vostede rectifique.

En segundo lugar, señor Tellado, como semella estar vostede tan preocupado polo sector naval na comarca de Ferrolterra, eu creo que sería bo que vostede lle transmitise ao Partido Popular, á Xunta de Galiza, que se producira neste pleno un monográfico, un debate en serio, sobre o que pasa no sector naval do noso país, ese sector que ten destruído o Partido Popular dende que goberna, aquí en Galicia e tamén en Madrid. Ese mesmo Partido Popular que segue mantendo os cargos da SEPI e da dirección de Navantia, diante dos que vostede ía protestar en Madrid cunha pancarta. Son exactamente os mesmos. Por tanto, eu fágolle aquí unha petición. Pídalle ao señor Conde e ao señor Feijóo que debatamos en serio sobre o sector naval nesta Cámara.

Terceira cuestión. Non imos votar a favor desta iniciativa, non soamente porque sexa trampa, simplemente porque non é seria nin rigorosa. Sería mellor que vostede a retirase, sería bastante mellor. Pero, sobre todo, non imos votar por dúas cuestións. A primeira son os datos que vostede facilita na súa iniciativa, que son falsos.

Mire, señor Tellado, ¿sabe cantas persoas están ocupadas nos *jackets* que se están executando en Navantia-Fene? ¿Sabe cantas? Vinte da plantilla principal, vinte. ¿E sabe cantas en Nervión, señor Tellado? Eu si que o sei. Non chegan a 70. Esta é a realidade.

E mire, señor Tellado, ¿sabe cantos postos van xerar esas subestacións que se publicitaron nunha macro reportaxe, nunha xornada de formación no CIS á que eu asistín? Vostede non me lembro, pero creo que non; non me atrevo a dicir, pero estaba convidado e non asistiu; unha xornada longa, moi interesante. Realmente, ¿sabe cantos van crear? Pois mire, exactamente tamén 70 traballadores e traballadoras. Pero ¿sabe cal é a calidade destes postos de traballo? A absoluta precariedade. Son soldados, señor Tellado. Eu non sei se sabe cal é o potencial de Navantia –supoño que o sabe–, que son os seus departamentos técnicos, é o I+D+i, pero semella que vostede quere reconvertelo exactamente nun

taller de chapa e pintura. Por iso imos votar en contra. A parte expositiva non é real, minto respecto dos datos.

Segunda cuestión, señor Tellado. Mire, vostede está mentindo tamén, xa non hai Almunia, xa non hai nada que os ampare. E a verdade é que levan nove meses, nove meses nos que xa non hai veto á construción civil, e o que facemos é chapa e pintura en Navantia-Fene, non facemos barcos. E nós non imos condicionar –como vostede pretende nesta iniciativa– o futuro de Navantia-Fene para facer un taller de chapa e pintura.

Por certo, señor Tellado, nós queremos que Navantia-Fene faga o que sabe facer. Queremos tamén, por certo, que nos explique –vai ter oportunidade– por que os 4 petroleiros que se están executando, os 4, van a Puerto Real. Díganos por que un deles polo menos, un deles, non quedou na comarca de Ferrolterra con esa camiseta que vostede se puxo para defender o sector naval, e o presidente da Xunta ausente. Explíquenos por que, porque queremos sabelo.

Tamén me mandan un mandato os comités de empresa de Navantia Fene e Ferrol. Levan dous anos esperando a que os reciba o presidente da Xunta de Galicia e o señor Conde. Tamén, por favor, se pode, dígalles que queren recibilos.

Outro mandato máis, señor Tellado. Queremos o Plan industrial para o sector naval, e aí veremos a que nos adicamos. Vostede aquí fixo unha afirmación grosa, eu non me atrevo a facela, sobre todo porque os enxeñeiros me din o contrario, e algo deben de saber disto. Afirmou que é compatible executar os *jackets* con desenvolver o sector naval. A min dinme que non. Con todo, se é así, poña informes técnicos enriba da mesa. Os enxeñeiros e as escolas que temos en Ferrolterra disto saben algo, eu non –licenciada en dereito bastante humilde–. Así que as súas afirmacións –insisto– son bastante grosas.

Nós non queremos un deserto industrial como o que vostedes fixeron na nosa comarca. Queremos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que os 4.500 traballadores que foron despedidos volvan traballar. E queremos, efectiva-

mente, o que lle dixen, nada máis e nada menos que o Plan industrial enriba da mesa e que deixe de facer fume. Non é diversificación industrial o que están a facer, o que están é regalando ese estaleiro magnífico á anteporta, no que teñen xa nunha gabeta, que é o Proxecto Gestán. Esa é a realidade, señor Tellado.

Por esas razóns e moitas outras, e esperando que vostede rectifique, imos votar en contra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Tellado.

Déanlle voz ao escano do señor Tellado, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que sorprende. A señora Díaz está en posesión sempre da verdade, todo o mundo minto para ela, e a verdade é que, claro, mentimos tanto... Mire, A Voz de Galicia, 26 de agosto, titular: *La botadura del flotel el viernes será un acto abierto al público.*

Señora Díaz, vostede, se non foi á botadura do flotel, foi porque non quixo. Se non foi, foi porque non quixo recoñecer (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que ese flotel que vostede se empeñou durante meses e anos en dicir que era mentira, é unha realidade que supón unha facturación de 175 millóns de euros para os estaleiros da ría de Ferrol e 1.150.000 horas de carga de traballo para os nosos estaleiros. Vostede si que aposta polo deserto industrial de Ferrolterra.

Queren pechar a central térmica das Pontes, queren pechar a planta de gas, queren parar o saneamento da ría de Ferrol, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) queren parar o tren ao porto exterior, e agora tamén están en contra da eólica mariña. Esa é a súa responsabilidade, agora co beneplácito tamén do Partido Socialista. Retrátanse vostedes sos, señora Díaz.

Señora Martínez, a súa tese é que o flotel se fixo só. E iso eu teño que dicirlle que é un insulto aos traballadores que se levantan ás 6 da mañá para traballar todos os días nos estaleiros da ría de Ferrol.

Dicía vostede: queren acabar coa construción civil en Fene. É mentira, con nós volveu a construción civil aos estaleiros da ría de Ferrol. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Quen vetou a construción civil na ría de Ferrol foi o Partido Socialista nunha reconversión de decembro de 2004. Iso dino todas as hemerotecas, por moito que agora veña a señora Díaz e a señora Sestayo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* a negar a realidade. Decembro de 2004...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, señora Díaz, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...co beneplácito de Comisións Obreiras, señora Díaz... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e da UXT.

Polo tanto, vostedes son os responsables de pechar Astano e nós somos os responsables de volver abrir Astano.

Piden un plan industrial. Eu estou falando das emendas, piden un plan industrial.

Mire, sempre que o Partido Socialista falou dun plan industrial, ¿sabe que fixeron? Unha reconversión e mandar á xente para a casa. Polo tanto, ¿sabe cal é o plan industrial que necesitan os estaleiros da ría de Ferrol? Carga de traballo, carga de traballo, carga de traballo. E iso é o que levamos facendo nos últimos anos, e hoxe hai seis pedidos onde o Goberno socialista deixou cero.

Eu lamento a compracencia do Bloque Nacionalista Galego e da Alternativa Galega de Esquerda co Partido Socialista. Laméntoo, pero tamén o entendo, porque están obrigados a gobernar con eles sempre que fai falta.

Señora Sestayo, fala vostede na súa emenda de intensificar a acción comercial. Falar de intensificar a acción comercial dende o Partido Socialista é simplemente insultar a memoria dos ferroláns. Vostedes deixaron cero contratos,

hoxe hai seis contratos. Polo tanto, entenderá que nós non compartimos con vostede a súa posición.

Debe estar moi ocupada coas festas de Ferrol, esas das que aínda non entregou as facturas, esas de tanta transparencia que ninguén sabe o que pasa, pero o certo é que vostede non sabe o que pasou en Ferrol no último ano no sector naval, que hoxe hai carga de traballo, que se vostede non foi á botadura foi porque non quixo e foi porque quere seguir negando a realidade do sector naval.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: En definitiva, presentamos unha iniciativa clara, unha iniciativa concreta, pedimos á Xunta que se involucre na aposta pola eólica mariña, que é perfectamente compatible coa construción civil e coa construción militar.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Sobre as emendas, sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Esa é a nosa aposta. Vostedes están en contra de todo porque simplemente están en contra de Ferrol.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Tellado, sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Sobre as emendas, rexeitamos as do Grupo Mixto e as do Partido Socialista.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señor Tellado.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

Si, diga, ¿que pasou? Non, non ¿para que quere a palabra, señora Sestayo? Estamos no debate.

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, pronuncieuse, dixo que non a aceptaba.

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, non ten a palabra.

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)

Non ten a palabra, señora Sestayo, chámoo á orde.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Proposición do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Noela Blanco Rodríguez e dous deputados máis, sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que solicite ao Consello de Europa que no acordo acadado en relación coas tarifas das empresas de telecomunicación se inclúa a anulación de forma sistemática do cobramento do *roaming* aos cidadáns empadroados nas poboacións galegas transfronteiriñas situadas na zona estimada de invasión das redes

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Blanco.

¡Ah, perdón! Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Moisés Blanco Paradelo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

*“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inicie actuacións conxuntas co Goberno de Portugal para a supresión do cobro do *roaming* nas zonas transfronteiriñas, a través do Consello de Europa ou mediante actuacións bilaterais.”*

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

Posto que esta iniciativa trata dun tema transfronteirizo, o primeiro que quero facer é transmitir a miña solidariedade e a do Grupo Socialista coa situación que estes días, que non soamente estes días, senón que durante moito tempo, se leva vivindo nas fronteiras da Unión Europea. Persoas que, igual que nós, están escapando dunha guerra, están fuxindo da represión e que, dende logo, non están xerando como moitos din unha crise de refuxiados, senón que están sendo damnificados por unha crise dos valores humanistas da Unión Europea.

E, como lles dicía, esta proposición non de lei que o Grupo Parlamentario Socialista trae a esta Cámara trata sobre un tema do que hai anos se vén falando no seo da Unión Europea: o *roaming* ou a itinerancia, que supón elevar as facturas que se pagan por utilizar o móbil noutro país europeo, e que nos levan e que nos lembran que a Unión Europea está lonxe de ser un mercado único no sector das telecomunicacións. E dada a elevada mobilidade que hai dentro da Unión Europea segue sendo unha das cuestións que afecta moita cidadanía, non soamente os turistas, senón tamén os empresarios, os estudantes que se desprazan a outros países, os traballadores desprazados e os cidadáns que habitan nas poboacións internas, nas fronteiras internas da Unión Europea, como é o caso que ocupa esta iniciativa.

Xa dende o ano 2007, cando se determinou a primeira eurotarifa, e pasando polas iniciativas dos gobernos socialistas de España e Portugal do ano 2010 ata o 2013, coa proposta para un continente conectado, foron múltiples as iniciativas tendentes á supresión do *roaming* no espazo europeo. E de feito o propio Parlamento Europeo aprobou en abril de 2014, por proposta da Comisión Europea, a súa eliminación, que debería estar prevista para finais deste ano se non fose pola posición dalgúns gobernos que antepondo os intereses das operadoras de telefonía frearon esta proposta, atrasando de maneira inxustificada a supresión do *roaming*.

Gobernos como, por exemplo, os do Partido Popular, que durante estes últimos anos están xogando ao si pero non, ao si á supresión do *roaming* cando se vota incluso no Parlamento Europeo, ao si cando se lle pon unha cámara diante,

pero ao non para pór trabas técnicas nesas reunións previas á Comisión Europea. Unhas reunións que se celebran precisamente para intentar levar a adiante ese proceso e onde o Partido Popular se dedica a vender o discurso que compran as compañías telefónicas e a trasladalo a Bruxelas. Empresas que, debido ao elevado fluxo de turistas que recibe o noso país, pois se ven máis beneficiadas que outras doutros países da Unión Europea.

O caso é que finalmente, debido ás presións recibidas fundamentalmente por organizacións de consumidores, por organizacións transfronteirizas tamén, este pasado 30 de xuño se aprobou un acordo para abolir dentro de dous anos as recargas polo uso do teléfono móbil en itinerancia en diferentes países da Unión Europea. Os socialistas facemos unha valoración positiva deste acordo, mais consideramos que é insuficiente, porque non dá unha solución a curto prazo aos residentes das poboacións transfronteirizas. Niso ten unha especial afección a nosa comunidade posto que compartimos veciñanza con Portugal. Así, por exemplo, un veciño ou veciña de Tui ou de Oímbra ve como en calquera momento sen moverse do territorio entra na súa rede un operador portugués, o que lle suporá un incremento no custo da súa factura mensual. Esta situación de afección aos dereitos como consumidor dun servizo non solicitado estaría afectando agora mesmo ao redor de 116.000 persoas que viven nos vinte e dous concellos que fan fronteira nas provincias de Ourense e de Pontevedra que limitan con Portugal.

Os socialistas traemos hoxe esta proposición non de lei á Cámara ante a falta de interese deste Goberno e do de Madrid, que levan perdido durante os últimos anos moitas oportunidades para facer unha aposta clara e decidida para atopar unha solución a este problema. As últimas oportunidades desaproveitadas foi no pasado Cumio Ibérico celebrado en Baiona o pasado mes de xuño, no que ben se puido pechar un acordo que adiantara o fin do *roaming* como, por exemplo, fixeron os gobernos de Bélxica e de Luxemburgo no mes de abril deste ano. Unha mostra máis, sen dúbida, do desleixo e da falta de interese de dous gobernos, de dous gobernos conservadores, o de Passos Coelho e Rajoy, que non ten ningunha intención de reforzar os vínculos que nos unen a estes dous países. Un cumio onde puideron ter saído moitos acordos e do que soamente queda a foto de dous presidentes amortizados a piques de ser substituídos polos seus cidadáns nas respectivas eleccións que terán lugar en Portu-

gal para o mes que vén e en España previsiblemente para o mes de decembro. Un encontro no que a promesa estrela volve ser a mesma que nos anteriores cumios, a mesma de todos os anos: a electrificación do tren de Vigo-O Porto. Unha promesa que sabemos que vai ser incumprida, posto que tras a presentación dos orzamentos do Estado volve quedar atrasada unha vez máis.

Estaba tamén por alí o señor Feijóo, aínda que aqueles días estaba máis pendente de coller un billete de ida a Madrid que o levara ao Goberno de España que de reforzar a cooperación con Portugal. Algo que vén sendo habitual nos últimos anos, onde hai un desleixo total nesta materia. Así, neste ano 2015 respecto do ano 2008 –son datos que reflicten esta situación, esta falta de interese do Goberno–, a zona transfronteiriza é a que sofre a maior taxa de incremento de desemprego en Galicia, que se está a situar entre o 60 % e o 100 % ese incremento en toda a Raia, e da mesma maneira que ocorre na rexión Norte de Portugal, a segunda coa taxa de desemprego máis alta do país luso. Unha inexistente cooperación en materia de emprego, en materia de desemprego, e tamén unha inexistente colaboración en materia de emprego digno e emprego de calidade, que fai que miles de portugueses veñan ao noso país traballar en condicións laborais lamentables e precarias.

A mesma afección que está tendo a política de brazos cruzados deste goberno en materia ambiental, no maior espazo natural protexido de Europea, a reserva da biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés que une Galicia con Portugal e que acumula eivas gravísimas na súa xestión. Onde, por exemplo, non existen nin plans específicos da restauración das zonas afectadas polos lumes dos anos pasados.

O mesmo desleixo que hai coa promoción da aprendizaxe da lingua portuguesa, a pesar da aprobación e do apoio unánime que tivo por parte de todos os grupos desta Cámara a Iniciativa legislativa popular Paz Andrade. Unha cuestión importante, non soamente dende o punto de vista lingüístico, non soamente dende o punto de vista cultural, posto que é fundamental para mellorar as relacións económicas entre os dous países. Entre dous países cuns niveis de exportacións que varían moitísimo dependendo da fronteira; a fronteira con Galicia ronda o nivel de exportación do 14 %, mentres que na estremeña están chegando ao 43 %.

Unha situación de falta de cooperación na que chegan a darse situacións tan esperpénticas nun eido tan importante como o sanitario, como que o ano pasado un ourensán que tivo un accidente a 400 metros da fronteira con Portugal viviu unha odisea de 500 quilómetros de traslados en ambulancias medicalizadas por cinco centros sanitarios de ambos países e que tardou dez días en chegar ao Complexo Hospitalario de Ourense.

Os socialistas consideramos pois que as relacións con Portugal se atopan nun estado inmovilista, nun estado que non é o que historicamente había, posto que sempre houbo unha boa relación con Portugal e onde todos os países e onde todos os presidentes anteriores ao señor Feijóo tiveron un alto nivel de interlocución co país veciño, pois consideraban a irmandade con Portugal non soamente importante polos valores de historia e cultura que compartimos, senón tamén como un importante elemento estratéxico.

Hoxe temos nesta cámara a oportunidade de dar un primeiro paso para mudar esta situación. Para chegarmos a aquela “balsa de pedra” que tan ben describía un gran defensor das relacións entre España e Portugal como era Saramago, para superar a división e comezar a derrubar ese muro que agora mesmo nos está separando. Por iso pido o apoio a esta proposición, porque hai que defender tamén os dereitos dos consumidores, dos galegos e das galegas que viven na zona transfronteiriza, de cidadáns empadroados que en lugar de seren beneficiados por compartir veciñanza con Portugal están sendo prexudicados por esta situación, porque están vendo mermados os seus dereitos debido aos cobramentos irregulares que os operadores portugueses lles están realizando.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Hoxe escoitamos nesta iniciativa, que ía precisamente encamiñada a poñer unha solución aos veciños das zonas

transfronteirizas en relación co *roaming*, case de todo, e non vou entrar nesas consideracións, voume cinguir ao que é a iniciativa en si.

Si dicirlle que, ¡home!, eu penso que non estamos máis lonxe. Eu penso que é unha contradición co seu discurso posto que vostede falaba de que celebraban ese acordo, polo tanto, estamos máis preto da desaparición do *roaming*. E tamén deixarlle un titular de hai uns meses: “*España, Francia y Reino Unido piden cerrar el fin del roaming*”. Polo tanto, iso de que o Goberno de España non apoia ou que tivo dúbidas pois eu penso que non é de todo certo.

Como vostede dixo, tamén deu conta o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, na súa comparecencia no Congreso dos Deputados, o pasado mes de xullo, e o Consello da Unión Europea e o Parlamento de Galicia, nunha reunión celebrada o 30 de xuño, acadaron un importante acordo, que supón que os cidadáns da Unión Europea que viaxen fóra do seu país non terán que pagar ningunha recarga por usar o móbil a partir do 15 de xuño de 2017, o que nos leva a afirmar que tras anos de duras negociacións estamos ante a desaparición dentro da Unión Europea do recoñecido *roaming*. Tamén temos que dicir que ata esa data se introduce un réxime transitorio, polo que as operadoras terán que reducir un 75 % as actuacións de recargas e as actuais recargas de móbiles en abril de 2016.

Aínda que esta medida ten que ser ratificada por 28 países membros, estamos ante un acordo importante, que vén precedido por un traballo conxunto da gran maioría dos estados e dos partidos políticos, e tamén unha demanda cidadá, que tivo o seu reflexo nunha campaña europea coa recollida de miles de sinaturas na campaña coñecida como “*Cero roaming*” impulsada polo Eixo Atlántico, a Rede ibérica de entidades transfronteirizas, a Organización de Consumidores e Usuarios de España, a Asociación Portuguesa para a Defensa do Consumidor e nove países máis. Polo tanto, un acordo importante que –como tamén vostede dicía– se esquece de adiantar unha solución para as zonas transfronteirizas nas que é habitual que moitos usuarios das redes de telefonía móbil teñan cargos nas facturas por usar o *roaming* sen sabelo, sen necesitalo e sen solicitalo. Certo é que tamén existe a posibilidade de desconectalo e de poñelo en modo manual, pero non é menos certo que suporía que nestas zonas o terminal quedaría sen cobertura. Polo tanto, estamos ante unha situación inxusta e inxustificada.

¿Por que presentamos nós esta emenda? Pois creo que seguindo nesa mesma liña de traballo, aínda que vostede quixo deostar todo ese traballo en común dos últimos anos, entre a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a colaboración entre os dous estados, tanto España como Portugal. Nós pensamos que, ademais de que afecta precisamente as dúas provincias galegas –tanto Ourense como Pontevedra–, tamén afecta unha franxa de territorio importante e permeable, por ser varias as comarcas e municipios que se atopan na fronteira luso-española. E por iso entendemos que sería importante que os dous gobernos dos estados traballen xuntos para conseguir solucionar este problema, e ¿por que non? se poñan de acordo para adiantar a eliminación do *roaming* en España e Portugal, como tamén fixeron Bélxica e Luxemburgo.

A emenda é de substitución precisamente porque tamén parece que, ao referirse soamente aos cidadáns empadroados, se estaría limitando o campo de actuación para a verdadeira solución do problema, pois habería moita xente, como traballadores, estudantes, turistas ou mesmo familiares ou amigos dos veciños empadroados ou residentes, que verían limitados os seus dereitos para acollerse a esa supresión do *roaming*. Tamén atoparía algúns inconvenientes coas normas de Competencia e mesmo algunhas limitacións técnicas.

Por iso, recoñecendo a boa intencionalidade e o espírito construtivo da iniciativa, polo menos no texto e na proposta, presentamos esta emenda cun texto máis ambicioso, que pretende que entre os dous estados atopen unha solución encamiñada a resolver os problemas das persoas, pero na que se teña en conta o territorio afectado, posto que calquera que se atope nesa zona de influencia, nesa zona –podemos chamar– de conflito das dúas redes e poida recibir un cargo do *roaming*, estaría ante unha inxustiza e veríase igualmente prexudicado, sexa residente ou non ou estea empadroado ou non neses municipios.

Polo tanto, nós presentamos a emenda que di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inicie as actuacións conxuntas co Goberno de Portugal para a supresión do cobro de *roaming* nas zonas transfronteirizas a través do Consello de Europa, ou tamén mediante actuacións bilaterais” –que poden ser entre os dous países–.

Dixo vostede, dentro das súas moitas críticas, que estamos máis lonxe. Como lle dixen, eu penso que non, que estamos máis preto, e creo que o que podemos facer é, na mesma liña de traballo que se veu facendo ata agora no que ten que ver co *roaming*, seguir traballando de forma conxunta; dende logo, creo que se pode facer da mellor forma, cun gran acordo entre España e Portugal, e que pode ser impulsado desde aquí, desde Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Blanco.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: O *roaming*, como todos sabemos, afecta unha gran parte da poboación galega que vive nas poboacións transfronteirizas con Portugal e ten un impacto moi negativo para estes veciños e veciñas e para a economía local e os traballadores e traballadoras da fronteira.

A Comisión Europea, tal e como expuxo xa o Partido Socialista, propuxo a eliminación e o Parlamento Europeo ratificouna, concretando a súa desaparición para o 15 de decembro de 2015.

A posición dos estados membros, especialmente do Estado español, frearon a proposta do Parlamento, antepoñendo os intereses das operadoras aos intereses dos cidadáns, e pretende retrasar de maneira inxustificada a eliminación do *roaming* para o ano 2018.

Asociacións de consumidores, como dicía o voceiro do Partido Popular, tanto de España como de Portugal, e a Organización Europea de Consumidores lanzaron a campaña “Cero *roaming*” para pedir, precisamente, a eliminación do *roaming* en decembro de 2015.

Para as organizacións convocantes a desaparición do *roaming* é un exemplo máis de como as grandes empresas impoñen os seus intereses particulares en detrimento dos dereitos dos cidadáns e en contra das decisións das institucións que representan.

Os cidadáns estamos unha vez máis ante a presión dos grupos empresarias, que só miran a conta de resultados dos seus negocios e a entrega aos intereses empresariais por parte dos gobernos.

O *roaming* en Galicia afecta as bisbarras do Baixo Miño, O Condado, Paradanta, A Baixa Limia, Celanova, Monterrei e Viana, e afecta moito os traballadores e traballadoras que cada día cruzan a fronteira nun ou noutro sentido; traballadores e traballadoras portuguesas e galegos que, segundo teñen denunciado en múltiples ocasións as organizacións sindicais e os traballadores portugueses, sofren discriminación salarial e unha absoluta precariedade laboral no noso país.

Pero o Partido Popular sempre negou estas acusacións, en concreto as relativas á contratación precaria de traballadores procedentes de Portugal nas liñas de tren que chaman AVE. Sen embargo, o PP de Vigo denunciou a presenza de traballadores portugueses nas obras de humanización das rúas de Vigo polo simple feito de ser portugueses. Non di nada da súa contratación. É dicir, ao Partido Popular o que lle vai é a segregación radical: aquí non se poden contratar portugueses porque non son españois, e poden contratarse de Valladolid, pero de Portugal non, por favor, porque o PP fundamentalmente é español. Ademais, discrimina en función da orixe das persoas. Non lles preocupa en absoluto que o problema sexa que esas persoas de fóra se contraten nunhas condicións de precariedade absoluta, e que, polo tanto, o *roaming* lles afecte dunha maneira moi especial.

Por iso, non é posible un debate san e construtivo co Partido Popular, xa que a súa opinión varía en función dos seus intereses electorais e partidarios e dos intereses das grandes empresas, intentando convencer a cidadanía con grandes campañas de publicidade institucional.

De non ser así, hai anos que a Xunta debería ter tomado a iniciativa de reclamar un acordo con Portugal para a eliminación do *roaming* na franxa fronteiriza. No ano 2010 –en novembro–, o titular dicía: “*España y Portugal pondrán fin al roaming telefónico*” –novembro do ano 2010–. Gaña as eleccións o Partido Popular e abandónase totalmente este diálogo e a intención de eliminar o *roaming*, porque o Partido Popular o que realmente quere é manter os beneficios das empresas de telecomunicacións. Vostedes botaron abaixo a

iniciativa para rematar co *roaming* no ano 2015. Vostedes, apoiando as industrias das telecomunicacións, ampliaron ese prazo para o 2017, coa intención de que non empece ata o 2018. Cinco anos nos que non se conseguiu nada, cinco anos onde seguiu o enriquecemento das grandes empresas do sector a custa da cidadanía e cinco anos de dura crise onde o Goberno da Xunta e o Goberno do Estado permitiron que seguira este atraco.

Supoño que non apoiarán a iniciativa. Vostedes sigan co seu negocio.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Esta iniciativa que hoxe debatemos ten claramente dous planos: un primeiro xeral e global para a reflexión: ¿que cousa é Europa?, ¿que estamos facendo?, ¿que é esa construción europea?, que foi sinalado pola voceira que defendeu a iniciativa, que levanta coitelas nas fronteiras, e que, por outro lado, é capaz de permitir que ocorra o que está ocorrendo co *roaming*. É realmente unha reflexión de calado e de importancia á que ningún de nós temos que ser alleos, porque realmente estamos vivindo isto que se dicía ás veces como unha consigna, pero que a pouco que nos paremos a pensar é esa Europa dos mercaderes, esa Europa das multinacionais, e este caso é un exemplo moi claro.

Xa foi explicado aquí o que significou que quedara en papel mollado o acordo a respecto do *roaming*, da súa substitución para o ano 2015 e de que pasemos ao 2017. ¿E que intereses hai detrás? ¿Por que se está vivindo esta situación cando si que é posible –e xa o debatemos aquí– respecto de diferentes normativas europeas que si que permiten a contratación de empresas ou de persoal con salarios ou contratos máis baixos que os que teñen no país no que van traballar? En cambio, para isto hai lentitude, hai que agardar e incluso pois se ten esa conivencia por parte dos estados para

que estea ocorrendo esta situación –imos buscar unha palabra suave– escandalosa.

¿Por que as empresas de telecomunicacións manteñen esta situación no ámbito transfronteirizo? Esa é a pregunta fundamental. Entendemos que simplemente é para facer caixa, porque o Estado español mantén esa situación e non exerce unha presión coas propias empresas –que tamén xa foi sinalado–, como ocorreu na zona de Bélxica e Luxemburgo. ¿Por que non se dá esa situación?

Por iso o segundo plano desta iniciativa, que é o máis concreto, o que se plantexa na súa parte dispositiva, nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, ímolo apoiar, porque entendemos que é claro e é de xustiza. Mais o que hai de fondo, que é qué Europa se está construíndo e a qué intereses responde o *roaming*, simplemente é un foco máis, unha Europa para o negocio das grandes multinacionais, non dos consumidores e consumidoras, e, en última instancia, das persoas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas de novo.

Estamos ante unha iniciativa que, efectivamente, trata de algo con data de caducidade, pero debe ser como ese iogur que ten data de caducidade pero ao que lle cambiamos a tapa e veña outra vez outra data de caducidade, que se retrasa unha e outra vez desde hai anos para unicamente manter os intereses intactos das operadoras por riba dos intereses e dos dereitos sociais das persoas; operadoras que, como Vodafone, por exemplo, anuncian EREs, que suporán o despido de 1.300 persoas no Estado e 200 en Galicia. Por iso non abraia o talante axeonllado do Goberno do Estado, que procura atender a informes encargados *ad hoc* polas propias operadoras, onde se esgrimen única e exclusivamente argumentos de tipo económico para impedir a supresión do *roaming*. E é lícito que unha empresa capitalista e competitiva pida iso, mais debe de ser responsabilidade e obriga dos gobernos atender e garantir os dereitos da cidadanía, das persoas.

En abril anunciárase que sería en decembro de 2015, e agora, despois desta demostración de talante axeonllado, as operadoras lograron que se demore ata o segundo semestre de 2017. Pero, desde logo, isto non é para nada satisfactorio, non produce ningunha alegría, porque é profundamente inxusto. Xa que o capital ten plena liberdade –co beneplácito dos estados– para poder circular libremente, nós solicitamos desde Alternativa Galega de Esquerda que ese dereito sexa o das persoas e que, polo tanto, non se lle poidan poñer atrancos de tipo económico, como é, por exemplo, o *roaming*, ou atrancos de tipo administrativo, como é, por exemplo, o que se está facendo agora mesmo nas fronteiras de Europa –no perímetro–, onde nos estamos convertendo en auténticos sanguinarios, carcereiros, impedindo que as persoas poidan chegar a Europa para topar unha vida digna e ter o dereito de asilo logrado.

Para nós o dereito das persoas é inalienable, por iso apoiamos a supresión do *roaming* en tanto que dereito a poder circular libremente por toda esta Unión Europea, que xa non é unha Europa social, por desgraza, porque, non nos podemos enganar, a Comisión Europea fai os seus cálculos e, como saíu no seu propio informe, para intentar desmentir os informes das propias operadoras, apelaron a que con esta iniciativa as operadoras gañarían moito máis diñeiro.

Para nós o triste é que sexa ese o argumento, o meramente economicista, e nós apelamos ao argumento dos dereitos das persoas, dos dereitos das persoas cando circulamos, a que non se nos poñan atrancos nesa libre circulación, que agora mesmo o único que o ten é o capital.

Polo tanto, apoiamos a supresión do *roaming* desde xa. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Ron.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra dona Noela Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero manifestar o meu agradecemento polo apoio a esta iniciativa de AGE, do Grupo Mixto e do Bloque Nacionalista Galego. Non me quedou moi claro,

señor Paradelo, se o Grupo Popular vai facer o que nos ten acostumados nesta Cámara, que é non apoiar absolutamente nada do que sae.

De todas maneiras, dicirlle que eu non sei se vostede lle di “emenda ambiciosa” a falar de iniciar as conversacións nun tema que, como dixen antes, hai anos que se vén plan-texando na Unión Europea e cando levan seis anos gober-nando. Non, por suposto que non aceptamos a súa emenda. Seguen vostedes xogando ao “sí pero non”, si á supresión do *roaming*, pero non porque hai problemas técnicos, non por-que non imos con Portugal.

Fala vostede da eurorrección, do impulso á eurorrección. Non sei se se refire tamén ao descenso nun 90 %, 90 %, señor Paradelo, 90 % do orzamento neste ano 2015 con res-pecto ao ano 2009.

Vostedes tiñan hoxe unha magnífica oportunidade para posicionarse do lado dos cidadáns, e fixeron o que fan sem-pre: situarse do lado dos grandes, situarse, neste caso, do lado das grandes compañías telefónicas, e díxoo antes a deputada do Grupo Mixto: este tema foi tratado polos gobernos socialistas, por ese malo malísimo presidente Zapatero, que vostedes están constantemente mencionan-do, nun cumio ibérico que si serviu para algo, non como o deste ano, do ano 2010, señor Paradelo. E sigan vostedes así.

Están vostedes tratando a cooperación transfronteiriza, están vostedes vendo as relacións co país luso cunha visión retrógrada, altiva e simplista, unha relación que soamente se entende baixo o prisma daqueles que ven que a única oportunidade que ven en vivir ao lado dunha zona trans-fronteiriza, ao lado de Portugal, é a de ir comprar toallas a Portugal e comer bacallau. Porque a min non se me ocorre ningunha outra forma, ningunha outra maneira de explicar o seu desleixo, a súa deixadez e a súa incapacidade para xestionar este tema e para xestionar as relacións entre o noso país e Portugal.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Blanco.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villama-rín e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a modificar a lexislación estatal e autonómica para acadar a prevención e a protección integral contra a violencia de xénero

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei pre-sentouse unha emenda do Grupo Socialista.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu porta-voz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regula-men-to da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39789).

Emenda de modificación do punto 1:

Débase modificar o encabezamento do punto 1 da pro-posición non de lei, que quedará redactado co seguinte con-tido:

“1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a pro-mover a creación dun grupo de traballo coas asociacións feministas e todas aquelas organizacións e axentes implica-dos na loita contra a violencia de xénero para analizar a reforma das vixentes leis estatal e autonómica, trasladando ao Goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei orgá-nica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero nos seguintes termos:”

Emenda de modificación do punto 2:

Débase modificar o punto 2 da proposición non de lei.

Onde di: “...tratamento integral da violencia de xénero para incluír o termo feminicidio así como as consideracións necesarias...” debe dicir: “...tratamento integral da violen-cia de xénero para incluír entre outros o termo feminicidio así como as consideracións necesarias...”

Emenda de adición:

Débase engadir un novo punto a parte resolutiva da pro-posición non de lei que quedará redactado co seguinte con-tido:

“2 bis. Recuperar todo o orzamento recortado e incrementar na Lei de orzamentos para o ano 2016 as partidas para a loita pola igualdade entre homes e mulleres; á prevención, atención e reinserción das mulleres vítimas, dos seus fillos e fillas e de todas as persoas ao seu cargo de forma que resulten suficientes e adecuadas:

a) Completar os xulgados específicos de violencia de xénero, tal e como contempla a lei.

b) Garantir a atención psicolóxica inmediata e durante todo o tempo que os e as profesionais consideren necesario a todas as persoas vítimas da violencia de xénero e por igual en todo o territorio galego.”)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señora Adán, para formular a súa proposición non de lei.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados.

Hoxe teño aquí nesta man a lista das mulleres que foron asasinadas no Estado español durante este ano, como vostedes ben saben, varias en Galiza. Non vou dar lectura aos nomes de todas elas, porque, efectivamente, non chegarían os dez minutos que teño de exposición sobre este texto, que o que pretende, simplemente, é que nos deteñamos un momento, pensemos e valoremos se debemos mudar a lexislación, se debemos ampliar a lexislación.

E quero comezar pensando que recoñecer o feito non debe imposibilitar dar pasos a adiante, emprender novos camiños, recoñecer que non foi fácil chegar á lexislación vixente, porque a violencia contra as mulleres foi silenciada durante anos, décadas e séculos. Non existían palabras, palabras, categorías, termos xurídicos, sociais, filosóficos e antropolóxicos para poder describila.

E quero render homenaxe nesta Cámara a todas esas mulleres que traballaron, dende as rúas ata os parlamentos, para conseguir que existiran esas categorías e que se recoñecera, por primeira vez en 1980, na II Conferencia sobre a Muller, na ONU, a violencia contra as mulleres como un delito; para que, posteriormente, fora recollida en diferentes tratados, chegando a 1995, onde a perspectiva de xénero

queda recollida na propia Conferencia de Beijing; e chegar ao Estado español e que a propia Lei integral de 2004 recollera esa perspectiva de xénero, lexislara, aínda que coas súas limitacións –das cales falaremos hoxe–, no ámbito, é certo, da parella, ou da ex parella, pero dando un paso, enorme, na lexislación a respecto da violencia contra as mulleres. Xusto recoñecelo como obrigado valoralo, como un compromiso de todas e todos intentar melloralo.

Tamén, posteriormente, tres anos despois, a lei galega marcou novos camiños, albiscou novas propostas, como é incluír a violencia psicolóxica, a violencia económica, a violencia no ámbito do acoso sexual, da trata de mulleres e de nenas. Unha ampliación do concepto de violencia de xénero que lexisla a lei galega, así como recolle unha perspectiva social incluíndo unha nova acreditación respecto da situación de violencia contra as mulleres que non existe na lei orgánica, e que eu creo, señoras deputadas, que sería importantísimo que nos trasladáramos a necesidade desa ampliación de acreditación da situación de vítima.

Pensemos soamente en dous datos, porque temos o tempo moi limitado. Dende 2007 a 2015, a través da propia lei orgánica, no Estado español estamos falando, segundo a última comparecencia da semana pasada no Congreso, de máis dun millón de mulleres que presentaron unha denuncia. ¿Son conscientes, verdade, da dimensión do que estamos falando? Soamente as que presentaron unha denuncia, non aquelas que aínda teñen medo, que non o saben, que o están pensando, que non son capaces sequera de acercarse ao teléfono, marcar o 016 ou de acercarse a un centro de información ás mulleres. Pero desas, sobre un 55 % –denunciaban hai pouco as asociacións de mulleres–, 50 –dá igual, poñamos a porcentaxe, porque en calquera caso é elevadísima–, estamos falando de que son arquivadas esas sentenzas. Analicemos e haberá que ver que está ocorrendo.

Na lei galega comparecía a secretaria de Igualdade tamén hai unha semana. Falábasenos de que sobre 2.600 mulleres accederon ao salario da liberdade, tamén dende o ano 2006, máis ou menos no mesmo período que dicía antes, ata 2015. Se nos detemos tamén a analizar os datos que nos daba a propia secretaria, no último ano 109 mulleres tiñan sentenza para acceder ao salario e 200 non; a súa acreditación foi por outros ámbitos, polo ámbito social.

Polo tanto, si que é necesario que revisemos as leis, porque seguimos cativos da violencia doméstica. Temos moitas referencias á Convención de Istambul. A Convención de Istambul, o propio enunciado, xa fala sobre a prevención e a loita contra a violencia á muller e a violencia doméstica, e debemos erradicar ese concepto de violencia doméstica.

Hoxe propoñemos un debate, un debate, propoñemos un debate respecto dun tema central introducindo unha nova categoría, a categoría de feminicidio, porque aquilo que non se nomea é certo que non existe, e moitas foron as palabras –como levo dito– que fomos introducindo para modificar unha lexislación androcéntrica, feita dende unha óptica que deixaba fóra a óptica das mulleres.

Feminicidio é unha categoría controvertida, si, non o vou negar. Están os movementos de mulleres, o feminismo, introducindo a categoría, ao mesmo tempo que moitas mulleres xuristas de prestixio, investigadoras, están vendo a súa problemática. Coñecemos que xa en catorce lexislacións de Latinoamérica foi incluída. Tamén sabemos que a realidade é diferente e que non a podemos comparar e, polo tanto, tampouco podemos comparar dunha forma totalmente mimética a propia lexislación.

Mais esta categoría forza, claramente, como fixo no seu momento a categoría de xénero, para dicir que non é un problema de se nacemos homes ou nacemos mulleres como algo biolóxico, senón dunha construción social á que chegamos todos e todas despois dun longo proceso de aprendizaxe, nas familias, nas escolas, nas rúas, en todos os sitios. E, polo tanto, o xénero converteuse nunha categoría que transformou, incluso, o ámbito do dereito, chegando, como ben vemos, a estar recollido na nosa propia normativa.

Por iso nós hoxe propoñemos que se inclúa dentro da normativa existente, que se inclúa a categoría. E, de feito, traía dous conceptos, a favor e en contra. A propia Patricia Lorenzo, que é unha catedrática de dereito penal, fala da capacidade analítica do feminicidio e da dificultade de incluíla no propio ordenamento xurídico, mais non pecha esa porta, mentres que temos outras compañeiras, como por exemplo Elena Laporta, que ten un magnífico artigo no libro “Feminicidio”, onde explica como a categoría dentro deste propio ordenamento xurídico nos permitiría, por exemplo, que a amiga que acompaña outra amiga recoller as cousas da

súa casa e tristemente é asasinada apareza recollida como unha vítima de violencia de xénero, que hoxe non ocorre.

Por iso tamén presentamos non só a incorporación do feminicidio, senón a elaboración dun estatuto propio das vítimas de feminicidio. ¿Por que? Porque o propio estatuto da vítima –e non vou facer ningún tipo de crítica política nin nada– desenvolve un ámbito subxectivo para o concepto xeral de vítima que deixa fóra completamente a definición do que é unha vítima de maltrato, unha vítima de violencia de xénero, que son as únicas vítimas –e vou ler, porque así foi publicado por expertas no ámbito da psicoloxía– que se avergoñan de ser vítimas, que non queren dicilo e que non queren recoñecelo porque consideran que é recoñecer un fracaso vital.

Polo tanto, eu considero que sería importantísimo elaborar ese estatuto de vítima de feminicidio, e cambiar a acreditación, polo tanto, dentro dese estatuto. Se non se considera necesario elaborar ese estatuto, incorporalo a unha modificación da propia lei orgánica: acreditación de vítima de violencia de xénero, que eu de agora en adiante denominarei vítima de feminicidio, facendo xa propio ese termo.

Porque necesitamos unha nova categoría lingüística, política e tamén xurídica, porque, efectivamente, as leis puxeron mecanismos en marcha, e temos unha emenda por parte do Partido Socialista que pide, como todas e todos pedimos, que se cumpran as leis, que se melloren, que se doten orzamentariamente, que existan os xulgados, que se profesionalice cunha boa formación os traballadores e traballadoras dos xulgados, que exista realmente unha educación en valores.

Pero queremos ir un pouco máis alá e abrir un novo debate, porque o feminicidio significa a morte das mulleres, o asinato das mulleres, polo feito de ser mulleres. E pódenos parecer algo que nos sorprenda, pero esa é a realidade, e necesitamos poder denominala para poder transformala.

Señoras deputadas –vou rematando–, quero apelar a todas vostedes, ao compromiso que temos coas mulleres que loitaron con constancia, que loitaron dende todos os ámbitos para que puideramos entrar no ámbito público, puideramos votar, puideramos ser deputadas, puideramos participar da política. Por iso temos unha responsabilidade política –e eu

diría incluso moral— que excede as organizacións políticas que representamos.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Un compromiso, unha responsabilidade para que o legado colectivo que poidamos deixar as mulleres que virán sexa un legado dunha sociedade un pouco máis igualitaria.

Pensem, debatamos se o feminicidio como categoría para transformar o dereito e as prestacións ás mulleres que sofren a violencia de xénero pode axudarnos neste momento. Mulleres na rúa xa o están utilizando. Paremos o feminicidio...

A señora PRESIDENTA: Remate xa, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...por unha vida sen violencia de xénero, por todas. E o que propoño hoxe é que todas deamos un paso conxuntamente e pensem xuntas e intentemos legar unha sociedade sen violencia de xénero.

Agardo con interese as súas argumentacións, señoras deputadas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos.

Grupo Socialista. Señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Tal como expresaba a señora Adán, autora desta iniciativa, o que ela trata de plantexar hoxe aquí é abrir un debate máis alá do que resulte dese debate. E, dende logo, as mulleres e os homes socialistas non lles temos medo nin ás palabras nin aos debates, e, polo tanto, señora Adán, por suposto, dende o Grupo Parlamentario Socialista estamos en disposición de abrir ese debate e de falar do feminicidio tendo en conta, como vostede mesma dicía, que hai opinións en contra, a favor ou con matices sobre o termo e sobre as consecuencias do termo.

Non lles temos medo nin aos debates nin ás palabras e moito menos a modificar as leis que nós mesmos fixemos co acordo, coa colaboración e co impulso non só de todo o arco político nalgúns casos, non noutros, senón tamén de todas as organizacións feministas. Polo tanto, estamos totalmente dispostos e dispostas a abrir ese debate e a facer modificación das dúas leis que temos contra a violencia de xénero. Porque a verdade é que estamos asistindo a un repunte dos asasinatos machistas e non podemos permanecer nin nós nin os gobernos impasibles ante o que sucedeu este verán, que foi un verán absolutamente trágico para as mulleres. Foi trágico tamén para toda a sociedade, porque —non nos enganemos— cada vez que unha muller morre a mans dun home toda a sociedade perde e toda a sociedade se volve máis desigual.

¿E temos que facer máis modificando as leis para melloralas? Por suposto. Pero o que non podemos facer é que cada vez que hai un asasinato machista nos cuestionemos permanentemente o que está escrito nas leis e se estas son válidas. E eu sei que vostede non o fai. Porque as leis, para que sexan válidas, para que sexan útiles e para que dean resultado, ademais do que din, hai que perseguir o seu cumprimento íntegro, hai que dotalas e hai que melloralas, como vostede pretende nesta iniciativa.

Por iso, unha das nosas emendas, emendas que son co ánimo construtivo para apoiar esta iniciativa, ten que ver precisamente con exixir dos actuais gobernos que se recuperen os orzamentos que se lles quitaron na Lei de orzamentos para o ano 2006 ás partidas para a loita pola igualdade entre homes e mulleres, e para a prevención, a atención e a reinserción das mulleres vítimas, dos seus fillos e fillas e de todas as persoas que están ao seu cargo. Que se completen os xulgados específicos de violencia de xénero, tal e como se contempla na lei, e que se garanta a atención psicolóxica inmediata e durante todo o tempo que os e as profesionais consideren necesaria a todas as persoas vítimas da violencia de xénero, por igual, en todo o territorio galego. Porque sabemos, coñecemos o que está pasando en moitos casos no medio rural e as diferenzas que existen en canto a acceso a medios e a recursos das mulleres que viven no contorno rural ou das mulleres que viven nas cidades.

E como dicimos que non lles temos medo nin ás verbas nin aos debates nin a modificar as leis, tamén entendemos

que para facer este debate debemos de contar con todas as organizacións, con todas as asociacións feministas e con todas as organizacións e axentes implicados na loita contra a violencia de xénero. Porque hai que analizar, efectivamente, o que se leva feito, tanto a lei autonómica como a lei estatal, hai que trasladarlle ao Goberno do Estado a necesidade de modificar a lei orgánica e, unha vez analizado todo o que está sucedendo ao redor destas leis, pois hai que tratar de melloralas.

O que xa teño eu algunha dúbida, señora Adán, é se este é o momento político oportuno para facer a modificación destas dúas leis. Digo por quen nos goberna no Goberno de España e no Goberno da Xunta de Galicia. Porque dubido moito, e oxalá me engane, que o Partido Popular queira entrar no debate do feminicidio, dubídoo moito.

Se fose así, se estiveran dispostos a entrar neste debate e a ter este debate sen medo ás verbas e sen medo ao resultado das verbas, pois entón estaríamos todas de noraboa, todas e todos, pero sobre todo todas. Pero, en calquera caso, nós estamos abertos a este debate e agardamos que as aportacións que facemos á súa proposición non de lei sexan tidas en conta por vostede mesma en calquera caso. E teña a seguridade de que dende o Grupo Parlamentario Socialista non imos dende logo a fuxir do debate. Do que teño máis dúbidas –insisto– é de se o Partido Popular é o interlocutor válido neste caso e polas accións de recorte que ten feito en todo o orzamento en materia de violencia de xénero, e non só iso, senón en todos os...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...medios á disposición das vítimas de violencia de xénero, das vítimas de violencia machista, se será o interlocutor válido para facer estas reformas, ou non será mellor, se acaso, esperar a que muden os tempos no Goberno de Madrid para facer a modificación da lei...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...a nivel estatal.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Non é este un tema partidista, este é un tema social, é un tema de todas e todos. E como feminista síntome hoxe moi contenta e moi satisfeita coa intervención dunha muller neste Parlamento presentando esta proposición non de lei para que o termo “feminicidio” sexa tido en conta. Porque o asasinato de mulleres necesita dunha categoría lingüística e político-xurídica no Estado, porque se trata dun problema global.

Os avances en igualdade de dereitos entre as mulleres e homes que se conquistaron nas últimas décadas do século XX parecían vaticinar un futuro próximo no que a violencia cara ás mulleres tivese diminuído. Pero atopámonos nembargantes nun momento da historia no que, lonxe de cumprirse este vaticinio, o corpo das mulleres é tratado como un territorio de conquista e destrución.

A máxima expresión da violencia de xénero é o asasinato cando unha muller é asasinada por ser muller. É dicir, por razóns de xénero, estamos ante un feminicidio. É un termo novo, pero é o termo máis específico e o que mellor visibiliza unha barbarie tan antiga como é o patriarcado, segundo –tamén cito como a deputada portavoz do BNG– Graciela Atencio explica no seu ensaio “Feminicidio”, e que si foi xa incorporado no dicionario da Real Academia da Lingua Española na súa edición do 2014 e na lexislación de 13 estados de América do Sur, e que no Reino de España podería ter cabida dentro dunha lei xeral de violencia de xénero, porque permitiría ampliar o ámbito de actuación do Estado en canto a sancións, protección e reparación das vítimas.

O feminicidio, señoras, sucede sen distincións xeográficas, como resultado dunha orde social patriarcal e machista. Os homes no patriarcado non matan só, desde a condición de amantes, noivos ou esposos, movidos pola paixón ou os celos; tamén o fan os pais, os fillos, os parentes, os amigos, os compañeiros, os veciños, os clientes, os xefes. Non só se cometen feminicidios no ámbito da parella, senón que forma parte da estrutura patriarcal. E sendo a violencia machista un problema estrutural da sociedade e a principal causa de morte das mulleres entre 15 e 44 anos en todo o mundo, a principal causa de morte, entre 15 e 44 anos en todo o mundo, debería ser pois un asunto prioritario nas políticas do Estado.

Mais para rematar coa rede social patriarcal e machista, orixe e raíz do machismo, cómpre mudar o sistema neoliberal que rexe a nova época e que o facilita e multiplica, respaldado polos gobernos conservadores e as institucións relixiosas.

Apoiamos esta PNL, pero tamén dubidamos –aí coincido coa portavoz do PSdeG– de que o faga o PP, baluarte das políticas neoliberais e defensor do máis rancio catolicismo.

Non creo que vostedes –e oxalá me equivoque, dígollelo de verdade– aproveiten esta oportunidade que hoxe se lles brinda neste hemicycle e actúen en consecuencia co seu discurso cando falan da defensa das mulleres e en contra da violencia machista.

Señoras deputadas do PP, apoien esta iniciativa, teñen o deber moral de facelo.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señora Gallego, a verdade é que eu tamén teño dúbidas sobre o apoio porque –díxeno o outro día na Comisión 5ª– as mulleres e os nosos dereitos estamos de loita, de loito –perdón–; de loita tamén. Estamos de loito porque, sen facer ruído, a semana pasada o Partido Popular retirou, aboliu, eliminou o dereito das rapazas de 16 a 18 anos con graves problemas familiares a decidir se queren ser nais ou non. Unha medida que, ademais do que supón *per se*, significa, representa un exemplo de como o Partido Popular non só non aplica medidas transversais en prol da igualdade, senón que segue a implantar medidas que perpetúan e acentúan esa desigualdade e a discriminación.

Dicíao tamén o outro día, como resulta moi doado lamentar publicamente os feminicidios e, paralelamente, recortar miles de millóns de euros en orzamentos de servizos sociais –máis de 1.000 millóns de euros no caso de Galicia dende a entrada de Feijóo e 75 millóns cada ano no caso do

Goberno de Mariano Rajoy–, e que supuxeron –repetino tamén– que o Comité das Nacións Unidas para a eliminación da discriminación contra a muller advertise, tirase das orellas ao Goberno popular tanto polas medidas de austeridade, de austericidio, como precisamente por esa retirada do dereito ao aborto das menores, dicindo a ONU que representaba unha medida incompatible coas normas internacionais en dereitos humanos. E, a pesar diso, aprobárono a semana pasada no Senado español.

Milleiros de mulleres morren precisamente por abortos inseguros cada ano no mundo, e por iso incluso iso podería considerarse feminicidio e por iso incluso o termo “feminicidio”, efectivamente, é de necesario debate, porque pode ser moito máis amplo.

Os feminicidios evidentemente deberan estar incluídos, tipificados como tal no Código penal, e por iso evidentemente imos apoiar esta iniciativa.

É preciso incluír como vítimas tamén da violencia machista todas esas vítimas a maiores das mulleres asasinadas, nenos e nenas e outras mulleres e outras persoas que son familiares desas mulleres ou amigas desas mulleres e que son asasinadas tamén polos machistas.

Agardamos que, entón, neste mínimo plantexamento de considerar o feminicidio, a totalidade dos grupos, o Partido Popular debera apoiar esta iniciativa se manifestase algún tipo de responsabilidades. Sempre solicitan consenso, pero a verdade é que ata o de agora non temos probas de que o demostren. Hoxe teñen unha posibilidade de facelo e, sen embargo, advertimos a que pese a que estamos ante unha boa iniciativa, señora Adán, e nós ímola apoiar, porque nos parece adecuada, desgraciadamente sabemos que tampouco as leis actuais de violencia de xénero se están a cumprir, e que segundo a memoria da Fiscalía non se cumpren tampouco outras normas aprobadas a posteriori, como, por exemplo, os protocolos de avaliación de risco –en menos de 72 horas daban o informe durante este ano–, e a pesar do dato que nos indica que houbo 792 asasinadas oficias nos últimos doce anos, un auténtico xenocidio.

Non se cumpren entre outras cousas porque, ademais, cada vez tamén hai menos medios, por exemplo na xustiza, porque os expedientes se seguen amoreando nos xulgados,

porque seguen existindo xulgados que teñen que estar obrigados a compatibilizar as causas penais coas causas de violencia de xénero. En 2014 houbo en Galicia 5.209 denuncias, 14 denuncias diarias, e a pesar diso, seguimos nesta situación. Son datos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Problemas na xustiza e nos servizos sociais que, ademais, se acompañan, como xa se dixo aquí, dun recorte dos programas de igualdade, pero que non só son para estes orzamentos de 2016; é que dende 2010 levamos perdido o 46 % dos programas de igualdade por parte do Goberno do señor Rajoy. Son os propios datos oficiais do Goberno.

E, polo tanto, por suposto –faltaría máis–, imos apoiar esta iniciativa, pero exiximos un compromiso real dos gobernos autonómico e central, non soamente lamentos e laciños morados e negros. Querémonos vivas, e iso desgraciadamente está a ser incompatible co fomento da desigualdade e a violencia que propician as medidas tomadas pola Administración. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Solla.

Grupo Popular. Señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Señora Gallego e señora Solla, o Partido Popular sempre estivo ao lado das vítimas de violencia de xénero, iso é o que ten que quedar claro, e a partir de aí, señora Adán, como vostede sabe, o pasado 31 de outubro do 2014 o Parlamento de Galicia veu aprobar por proposta deste grupo parlamentario que eu represento a constitución dunha Comisión non permanente para o estudo para a igualdade e para os delitos das mulleres, cuxo obxecto de estudo –aprobado por todos, señorías– foi o de facer unha valoración da aplicación dos distintos ámbitos competenciais, tanto da lei orgánica como da lei galega.

Esta comisión está a traballar a día de hoxe. Estanse mantendo convocatorias periódicas da mesma para as comparecencias tanto de departamentos do Goberno que compareceron xa, ao tratarse dunha lei de aplicación transversal. E nestes intres están comparecendo diferentes colectivos, aso-

ciacións, axentes sociais, que foron aprobados no plan de traballo da Comisión.

¿Cal é o obxecto desta comisión? Vostede ben o sabe: unha vez rematado o turno de comparecencias que se está a dar, a Comisión terá que elaborar o informe da mesma e o posterior ditame, que determine aquelas áreas nas que debemos incidir ou mellorar e que permitan dar mellor resposta ás vítimas que o demandan.

Polo que veño de expoñer é polo que consideramos que mentres non finalicen os traballos da dita comisión deixemos que se peche, que se analicen as conclusións da mesma antes de valorar a posible modificación da lei galega e da lei estatal. Polo tanto, dende o grupo parlamentario que represento pedimos respecto ao traballo que se está a facer desta comisión ata que se elabore o ditame final.

Señora Adán, na exposición de motivos da súa iniciativa tamén fala vostede da necesidade de elaborar o Estatuto da vítima de feminicidio. Mire, apuntarlle que no mes de abril deste ano se acaba de aprobar a Lei 4/2015, relativa ao Estatuto da vítima, ao que vostede fixo referencia, e que entrará en vigor en menos dun mes, e que vén introducir un catálogo xeral de dereitos de todas as vítimas de delitos, con previsións dirixidas directa e especificamente ás vítimas de violencia de xénero, que verán ampliados os seus dereitos e a súa asistencia e protección. Nesas ampliacións podemos falar de notificación de resolución sen que a vítima o solicite, visibilizar como vítimas os menores que se atopan no contorno da violencia de xénero, avaliación individual das vítimas para adoptar as proteccións, establecer necesidades especiais de protección. Polo tanto, hai un compromiso unánime, como é o compromiso de todos nós, de toda a sociedade, de rexeitar a violencia de xénero, está claro.

Señorías, tampouco debemos perder moito tempo nin en termos nin en conceptos que nada vaian engadir á mellora da protección. Fala vostede na súa exposición de “feminicidio”. É un concepto xuridicamente controvertido e fundamentalmente vén usarse en países que teñen unha lexislación pois non axeitada, non completa, relativa á violencia de xénero, que non é o caso de España. Deixemos o concepto para o traballo en comisión, busquemos aportacións de xuristas que nos veñan aclarar o termo. Ás veces non chegamos a acordos porque falamos de conceptos controvertidos e que xuri-

dicamente non están claros. Á parte, eu creo que á sociedade hoxe na calle, no día a día, á vítima de violencia de xénero tampouco lle importa moito como lle chamemos a ese problema tan gordo que elas están padecendo; pouco lle importa o que as administracións ou os políticos lle demos por chamar ao problema que elas están padecendo. Estamos falando de conceptos como “feminicidio”, “violencia machista”, “violencia de xénero”, ¿que máis dá? Hai que solucionar ese problema e que non haxa ningunha morte máis.

Eu creo que o grupo parlamentario que represento debemos loitar por seguir avanzando, non pararnos en conceptos. Temos que seguir avanzando en prevención, en sensibilización, en formación, na mellora das respostas das institucións, atender os fillos, mellorar a situación destas mulleres. O concepto de “feminicidio” non só falaba da violencia física ou vén falar, senón tamén de atentar contra a súa saúde, contra a súa moral.

Señorías, despois de escoitar estes termos que vén incluír, non aportan nada diferente ao que non estea recollido como termo de “violencia de xénero” tanto na lei estatal como na lei autonómica. Non é cuestión de nomes, senón de que se articulen medidas máis eficaces.

Na conferencia sectorial que se celebrou en abril relativa ao que se pediu ás comunidades autónomas a avaliar, a lei orgánica, despois de dez anos da súa vixencia, é curioso que ningunha comunidade autónoma nese momento solicitou unha modificación, porque a día de hoxe estas dúas leis, sobre todo a estatal, seguen sendo unha referencia, sobre todo a nivel internacional.

Polo tanto, esperemos ao remate dos traballos da Comisión, esperemos ao seu ditame. Namentres, tamén vostede solicita que se amplíe a acreditación da vítima na lei estatal...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...Hoxe isto está de forma literal, tal e como vostede expón na súa exposición, cuberto pola nosa lei. Galicia ten uns requisitos máis amplos que o Estado e que outras comunidades autónomas. Polo tanto, pedimos prudencia. Así que chegado o momento, e cos resultados do ditame da Comisión, procederá ou non abrir

un período de reflexión de modificacións ou melloras á lei orgánica, no que todos teremos algo que dicir.

O Grupo Parlamentario Popular non imos apoiar por estas razóns que acabo de expoñer esta iniciativa.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, grazas, presidenta.

Mire, señora Díaz, non dá igual, si as palabras teñen un significado e os límites do noso mundo son os límites da nosa linguaxe, e mentres a violencia era doméstica non existía unha capacidade xurídica para intervir neste ámbito, igual que cando demos o salto a que fora violencia de xénero. As palabras non son iguais. Debín explicarme bastante mal, pois cada concepto ten unha carga, non soamente semántica, senón tamén da pragmática que se vai tomar despois a ese respecto.

Todas estamos de acordo en que necesitamos mellorar os seus datos, máis formación, máis orzamentos. Creo que levamos debatido na Comisión de estudo e igualdade moito; se cadra non o suficiente no Pleno. Se cadra non chega soamente que estea nesa comisión, porque o Pleno do Parlamento tamén debe falar de violencia contra as mulleres, tamén debe falar de feminicidio o Pleno do Parlamento. Efectivamente, porque non é soamente que esteamos traballando e estudando nesa comisión e detectando todos os problemas como, efectivamente, dicía a señora Gallego ou dicía a voceira da Alternativa Galega de Esquerda da súa posta en funcionamento das leis, que non se cumpre, pero que queremos ir un paso máis alá, porque tamén é obriga desta cámara, deste pleno legislar, tamén será obriga nosa.

Pensemos, repasemos, señoras deputadas, os diarios de sesións dos plenos do Parlamento, ¿cantas veces tratamos problemas como o naval, como a mortalidade do berberecho na ría de Arousa, como os incendios? ¿Cantas veces tratamos os incendios neste pleno no que levamos de lexislatura? ¿Cantas veces a violencia de xénero? Moitísimas menos. ¿E logo non era, non é dicimos moitas veces un problema de Estado, de interese xeral?, ¿por que o debatemos menos veces?

Traeremos a esta cámara todas as veces que faga falta o tema do feminicidio porque o debate vaise dar, vaise dar na rúa. Nós podemos decidir que a rúa vaia movendo as nosas resistencias ou podemos acompañar a rúa, pensar e legislar dende a vangarda para intentar transformar esta situación, porque as palabras si que importan, porque realmente traballar na prevención sería traballar na educación. E educar en igualdade non é o mesmo se se considera que a violencia sobre as mulleres é un problema de ciumes, un problema do ámbito do doméstico, que se entendemos que as mulleres son educadas na submisión e en roles de xénero que perpetúan unha situación da asimetría na repartición do poder; na repartición do poder non entendido como acceso ao poder, senón na realización plena das súas vidas de homes e mulleres. Por iso, as palabras importan e para nós a palabra “feminicidio” importa.

Entendendo o espírito de pedir os orzamentos, interfere realmente co que se pretende abrir nesta proposición non de lei. Preferimos mantela tal e como está redactada. Pedimos desculpas polo erro material na transcripción cando se utiliza o termo “femicidio”, que é outra das variables,...

A señora PRESIDENTA: Remate por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...que as estudosas decidiron que fora feminicidio, non femicidio –eu non vou entrar nese debate lingüístico–. Pero si que pediría que se votara tal e como está dividida en dúas partes: aquela que se refire á petición ao Estado e aquela que se refire á petición á Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra

A señora PRESIDENTA: A esta proposición presentáronse emendas do Grupo Socialista e do Grupo Popular.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao

abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir á parte resolutiva da proposición non de lei un novo parágrafo:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, no exercicio das súas competencias en materia de medio ambiente, proceda a realizar os estudos e traballos necesarios para atopar alternativas viables que permitan a reubicación da actividade da empresa Ence no territorio da provincia de Pontevedra, fóra da ría e, de ser posible, dentro da comarca de Pontevedra.”).

(O G.P. Popular de Galicia, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco da solicitude de prórroga das concesións tramitadas pola Administración Xeral do Estado en cumprimento da lei e do regulamento de costas, se empreguen os criterios ambientais e legais máis esixentes na emisión do seu informe ambiental determinante; informe que se rexerá estritamente por criterios técnicos obxectivos.”).

A señora PRESIDENTA: Para formulala ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Pasaron máis de cincuenta anos desde a instalación de Ence na ría de Pontevedra. O pasado sábado día 12 cumpríanse exactamente cincuenta e dous anos da inauguración de Ence por parte do ditador, por parte de Franco. E falar de Celulosas, falar de Ence é falar da ditadura franquista e falar do papel que a oligarquía española daquel momento decidiu

darlles aos montes galegos: convertelos nun inmenso eucaliptal. Decisión naquel momento que todo indica que o Partido Popular pretende seguir a manter un papel de Galiza como colonia, onde as industrias de enclave son a solución de industrialización que consideran acaída para o noso país. Decisións ás que o pobo galego se resistiu e por iso foi duramente reprimido, incluíndo pois mortes; a invasión de eucaliptos contra os intereses dos labregos e das labregas exercendo a represión para conseguilo. A pesar desa oposición e resistencia dos veciños e veciñas, consumouse a implantación e con iso a privación dos recursos pesqueiros, dos recursos mariños, do territorio.

Levamos máis de cinco décadas de actuación continuada de trato de favor por parte do Goberno español e por parte do Goberno galego cara á pasteira; máis de cinco décadas de contaminación, de contaminación atmosférica e contaminación da ría; máis de cinco décadas de condicionamento do sector forestal de Galiza; máis de cinco décadas de condicionamento do territorio, e máis de cinco décadas de consumo desmesurado e gratuito de auga. Ence consome máis de 13 millóns de metros cúbicos ao ano, máis que o conxunto dos concellos da ría. Cinco décadas de estrago medioambiental, de estrago económico e de estrago social.

Non hai, polo tanto, ningunha xustificación para a permanencia de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra, salvo o negocio, o enriquecemento da empresa. E o Partido Popular ten realizado todos os esforzos, ten posto toda a maquinaria administrativa e lexislativa dos seus gobernos ao servizo da permanencia de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra. Leva moitos anos, de acordo cos intereses da empresa, tentando consolidar o complexo industrial de Ence en Lourizán, lévao tentado todo. E neste obxectivo realizou no ano 2013 a modificación da Lei de costas para posibilitar a prórroga da concesión máis alá do ano 2018, modificación da Lei de costas para que non se vexa afectada polo límite temporal de trinta anos que a Lei de costas de 1988 lle establecía á empresa. E os últimos episodios foron a publicación en outubro do ano 2014 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de costas, en xullo de 2015 da Resolución de Costas sobre a situación da actual concesión e, por último, a escandalosa ratificación por parte do Servizo Provincial de Costas en agosto de 2015 da vixencia da concesión. Unha decisión claramente política na que molesta máis o campo de fútbol instalado en Lourizán e non a empresa. Un escándalo que só

pode ter a cualificación de decisión política, porque a ver quen é capaz de entender que a un campo de fútbol non se lle ratifique a súa concesión e si se lle ratifique ao complexo contaminante de Ence.

Todas esas modificacións lexislativas realizadas polo Partido Popular permítenlle a Ence solicitar a prórroga da concesión para tentar garantir a súa permanencia na ría de Pontevedra. Unha prórroga que de concederse significaría unha privatización encuberta do dominio público de todos os galegos e galegas por moitos anos, todo en beneficio dunha entidade privada contaminante e que está a impedir o crecemento económico e social e urbanístico da comarca de Pontevedra.

De concederse esta prórroga significaría que Ence permanecería quince anos máis na ría de Pontevedra, o cal, desde logo, o Bloque Nacionalista Galego consideramos unha auténtica fraude. E por iso presentamos hoxe aquí esta proposición non de lei, para que o Parlamento galego inste o Goberno da Xunta, primeiro, a que exerza as competencias exclusivas en ordenación do territorio, que ten as competencias exclusivas que Galiza ten, e que inicie a elaboración dos instrumentos de ordenación do territorio conducentes á recuperación e rexeneración do espazo ocupado por Ence-Elnosa. Que dunha vez por todas proceda á anulación da autorización ambiental integrada de Elnosa, que proceda á anulación que o anterior conselleiro de Industria e que o presidente da Xunta de Galiza se comprometeron a facer. O anterior conselleiro de Industria dixo que era innegociable e improrrogable o peche de Elnosa e o presidente da Xunta dixo que era unha mostra do cumprimento do Goberno galego e del mesmo con Pontevedra. E tamén nesta proposición non de lei o que pedimos é que se exixa do Goberno español que se absteña de actuar en tempo de desconto, que se absteña de facer o que está facendo co Tribunal Constitucional, de actuar en tempo de desconto, de facer absolutamente ningunha actuación tendente a concederlle a prórroga a Ence-Elnosa na ría de Pontevedra.

E facemos esta petición —a primeira— de demandar que a Xunta exerza as súas competencias exclusivas en ordenación do territorio porque Galiza ten competencias exclusivas en ordenación do territorio. Pedimos ao Goberno de Galiza que non permita que sexa o Goberno español e os intereses da empresa os que decidan, pedimos que se exerzan as compe-

tencias exclusivas en ordenación do territorio recoñecidas nos artigos 148 e 149 da Constitución, que, que eu sabia e que o Bloque Nacionalista saibamos, non están derogados, están vixentes e, polo tanto, eses artigos confírenlle e permiten que sexa Galiza quen teña esas competencias –competencias establecidas no artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galiza– e que eu e o Bloque Nacionalista Galego saibamos non están derogados, están en pleno vigor, e confírenlle esas competencias exclusivas a Galiza, competencias exclusivas ratificadas por sentenzas do Tribunal Constitucional, como a Sentenza 6197 dese Tribunal Constitucional.

Estamos, polo tanto, diante de decisións políticas. Hai instrumentos legais para non concederlle a prórroga a Ence e para que ese límite temporal do 2018 se converta en realidade, o que falta é que o Partido Popular queira exercer de goberno de Galiza e non se pregue aos intereses da pasteira. Porque miren, a Xunta de Galiza elaborou e aprobou definitivamente, en febreiro do 2011, as Directrices de ordenación do territorio e o plan territorial integrado denominado Plan de ordenación do litoral de Galiza. E nesas leis –e vou ler de xeito literal–, nas Directrices de ordenación do territorio, dise: “Requírese unha ordenación dos usos, trasladando cara a outros emprazamentos instalacións e actividades que non precisan localizarse xunto ao mar e que na actualidade significan un elevado custo de oportunidade. É o caso de numerosas actividades industriais, a máis importante das cales é a gran planta de celulosas, que limita a conexión de Pontevedra coa marxe meridional da súa ría”. É dicir, a lexislación vixente que temos en Galiza refírese claramente a que hai que quitar Ence –Elnosa da ubicación na que está...;

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...lexislación aprobada e votada polo Partido Popular e, que eu saiba, igual que as competencias exclusivas en materia de ordenación do territorio, están en vigor, están perfectamente vixentes, co cal, non hai absolutamente ningunha escusa –cremos no Bloque Nacionalista Galego– para que non se poida votar a favor desta iniciativa que hoxe presentamos aquí, que, insisto, é instar ao Goberno galego a que exerza as competencias exclusivas en ordenación do territorio, a que proceda dunha vez por todas á anulación da autorización ambiental integrada de Elnosa e a pedirlle ao Goberno do Estado que se absteña –insisto– de

actuar en tempo de desconto, que se absteña de concederlle a prórroga a Ence na ría.

Agardando o apoio a esta iniciativa, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos.

Polo Grupo Socialista, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidenta.

Bo día, xa case boa tarde.

Estou segura de que, tendo en conta que Ence está nas marismas de Lourizán dende o ano 1959, debe ser un dos temas máis tratados neste Parlamento, e tamén estou convencida de que en todo este tempo un dos mellores resultados de todas as iniciativas presentadas nesta Cámara foi o que se obtivo na pasada lexislatura: unha transacción unánime que acordaron todos os grupos parlamentarios deste Parlamento instando a Ence e á Xunta a retomar conversas mutuas para atopar unha nova ubicación para a empresa, respectuosa co medio ambiente e fóra da ría de Pontevedra antes do ano 2018, para incentivar novos proxectos empresariais e así pechar o ciclo produtivo do papel en Galicia, para impedir todo tipo de instalación complementaria que consolidase a Ence onde está agora mesmo e para modificar a área no Plan de ordenación do litoral.

A prórroga da concesión a Ence agora mesmo remata no ano 2018. Cando se acordou esa transacción na pasada lexislatura xa se sabía que remataba no ano 2018, en Galicia xa gobernaba o Partido Popular –xa gobernaban vostedes–, o presidente Feijóo xa era presidente da Xunta de Galicia, xa había crise, todos sabíamos, ilustrados neste Parlamento por parte do señor Tellado –que agora mesmo non está–, que a crise foi un invento do señor Zapatero e que foi responsabilidade do Goberno Socialista naquel momento, e ademais xa todos sabíamos que había uns postos de traballo e uns traballadores que existían tamén naquel momento en que se acordou a transacción.

Pero, aínda así, todos os grupos parlamentarios desta Cámara decidiron naquel momento de maneira unánime

adoptar aquela transacción do traslado de Ence a outro lugar, e o Grupo Parlamentario Socialista cría naquel momento –e por iso se acadou a transacción– que o presidente Feijóo ía buscar unha mellor ubicación para a empresa, porque era o presidente da Xunta e porque cando un goberna ten a obriga de respectar os acordos parlamentarios –se, efectivamente, cre na democracia– e de resolver os problemas, como era e é o traslado de Ence. Pero non foi así, o Partido Popular decidiu mudar a súa pel e esqueceu a transacción naquelas eleccións municipais anteriores a estas últimas que acabamos de ter neste ano.

O Partido Popular en Madrid, con Rajoy –que é pontevedrés–, sacou da chisteira a Lei do 29 de maio do ano 2013, e así pode permitir que co previo determinante, non vinculante e non preceptivo informe do órgano ambiental da Xunta de Galicia consiga permanecer Ence en Lourizán ata como máximo –con esta lei do ano 201– o ano 2093.

Ademais, segundo nos din os traballadores de Ence, non hai estudos oficiais que teña feito a Xunta de Galicia –é dicir, o Partido Popular; é dicir, o Goberno do presidente Feijóo– sobre o traslado de Ence; os únicos estudos que hai sobre o traslado foron feitos pola empresa, a Xunta non moveu un só técnico que faga un informe sobre o traslado. Ademais, en xullo deste ano o Goberno do Estado do presidente Rajoy –pontevedrés– adoptou unha resolución, co Servizo Provincial de Costas, dicindo que se cumpren, ao seu entender, as condicións medioambientais da concesión e que, polo tanto, será a Comunidade Autónoma a que teña que garantir se se cumpren ou non estas condicións.

Estamos en 2015, a concesión remata en 2018, e unha lei de Rajoy permite seguir...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...–grazas, presidenta– ata 2093. A conselleira está desaparecida –aquí desaparecida e desaparecida no tema de Ence–, e Feijóo e o seu goberno esperan non sabemos moi ben a que; non gobernan e xogan de maneira moi mezquina co pan dos traballadores de Ence.

Nós presentamos esta emenda. Votaremos a favor da proposición non de lei, pero esperamos que sexa aceptada a nosa emenda, que vai na liña da transacción do seu momen-

to, para que instemos a Xunta a que realice eses estudos necesarios para atopar alternativas viables a Ence que permitan a reubicación da actividade da empresa fóra da ría de Pontevedra, do territorio da provincia de Pontevedra, e, a ser posible, dentro da comarca de Pontevedra.

En definitiva, pedimos algo que non é raro, pedimos que o presidente Feijóo, despois de case seis anos sendo presidente da Xunta, respecte os acordos adoptados neste Parlamento, teña palabra e goberne dunha vez por todas o noso país.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Comparecemos para intervir co gallo da iniciativa do BNG, que é, sinceramente, unha recompilación de barbaridades. Dinse cousas como que o Partido Popular leva moitos anos de acordo cos intereses de Ence e de Elnosa ou que o Partido Popular debe aclarar qué está a negociar coa empresa pasteira para facerlle un agasallo que se pode valorar en máis de 1.000 millóns de euros... Barbaridades, perlas en bloque, señorías, que non me sorprenden en absoluto porque levo anos escoitándoas, moitísimos anos, pero ao mesmo tempo levo moitos anos –tamén hai que dicilo– sen comprender por que o Concello de Pontevedra, do Bloque Nacionalista Galego, lle está outorgando un trato fiscal bastante favorable a esta empresa, posto que lle cobra o 50 % do que, coa lei na man, lle podería cobrar en imposto de actividades económicas. Vemos aquí quen está facendo negociacións coa empresa. Desde logo, o Goberno de Pontevedra non é moi belixerante tampouco neste tema fiscal coa empresa Ence.

En todo caso, a proposta do BNG propón instar o Goberno –punto número 1– a que emita un informe desfavorable na prórroga de Ence-Elnosa; é dicir, queren impoñer de antemán a unha administración o carácter e o contido dun informe ambiental que se supón que ten que ser obxectivo, feito

por técnicos e que se debe limitar, segundo a lei e o regulamento da Lei de costas, a determinar os efectos e a fixar as condicións que resulten compatibles co contido da autorización ambiental integrada. Isto, señoría, é tanto como dicirlle á Administración que non dá unha licenza porque non lle dá a gana. Isto non se pode facer, hai que ser respectuoso coas leis. Incluso xa piden que emitan un informe desfavorable a unha petición que nin sequera se efectuou, porque non nos consta que Elnosa teña solicitado a prórroga da concesión da Lei de costas.

En segundo lugar, piden anular –supoño que por decreto– unha autorización; así, de golpe, anulan unha autorización, sen xustificar por que.

En terceiro lugar, piden exixir ao Goberno do Estado paralizar un procedemento administrativo ao que ten dereito calquera cidadán, paralizar un procedemento tamén porque si. É dicir, o Grupo Parlamentario do BNG vén aquí ao Parlamento de Galicia a facer unha proposta –que solicita que apoiemos– para instar o Goberno galego a prevaricar, para instar o Goberno galego a que á súa vez inste o Goberno do Estado a que tamén prevarique. Señoría, isto si que é novidoso nunha cámara parlamentaria. Eu non sei que clase de goberno, que clase de estado, queren vostedes para Galicia, pero o posicionamento político non é suficiente para dar ou quitar unha concesión pública. Hai unhas normas, hai un regulamento, e as licenzas son regradas, as autorizacións son regradas, e non se dan ou se quitan porque si; iso pode ser no imaxinario do BNG, pero desde logo que non está no do Partido Popular, señoría. (*Aplausos.*) E isto refírese a dúas empresas que, curiosamente, teñen dúas autorizacións ambientais integradas. E eu pregúntome: ¿pero quen lles deu estas autorizacións a estas empresas tan contaminantes e tan prexudiciais para toda Galicia? E imos mirar e resulta que llelas deu a Xunta de Galicia no ano 2008; é dicir, gobernada polo PSOE e polo BNG, na que, por certo, creo recordar que vostede tiña un cargo político –nese goberno da Xunta de Galicia–. Estes dous partidos, BNG e PSOE, foron os que ditaminaron no ano 2008 que Ence-Elnosa podía seguir funcionando en Lourizán porque cumpría a normativa medioambiental. E agora, sete anos despois, veñen vostedes dicir aquí que estas empresas contaminan moito. ¿Cando nos mentían, señoría, daquela ou agora? Non entendemos, sinceramente.

O BNG pide, por tanto, que a Xunta emita informes medioambientais desfavorables, o que significa que o BNG vén a pedir á Xunta que desautorice o BNG cando estaba gobernando a Xunta de Galicia. Quero entender que isto é o que queren dicir. ¡Kafkiano, señoría, kafkiano! Cómpre que nolo aclaren, porque a vostedes non hai quen os entenda.

¿E de que estamos a falar? Estamos a falar dunha situación na que hai moitísimos postos de traballo en xogo. A nós non nos gusta onde está a empresa, pero comprenderá vostede que en Pontevedra, cun 26 % de paro, liderando o *ranking* do paro segundo a Enquisa de poboación activa das cidades de Galicia, non é o momento para tomar esa decisión. Os cidadáns agardan dos políticos que sexamos responsables, e creo que ser responsable implica agora, neste momento, polo menos na concepción que eu teño acerca da responsabilidade dun político, que nun momento no que unha cidade lidera o paro co 26 % non se debe adoptar unha decisión que aínda agrave máis esta situación, especialmente nun concello no que o seu alcalde non xerou en dezaseis anos un proxecto industrial...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...alternativo que puidera dar acubillo a todos estes traballadores.

Iso si, tamén hai que dicir que, se Ence quere seguir, terá que crear emprego e emprego de calidade. Terá que aplicar as máximas melloras medioambientais (*Murmurios.*), e nese sentido vai a nosa emenda, que é hora tamén de que Ence comece a devolverlle a Pontevedra o moito que Pontevedra lle ten dado ao longo de todos estes anos.

Polo tanto, señoría, ¿houbo un tempo para o seu traslado? Houbo. ¿Houbo un partido que intentou o seu traslado? Houbo, o Partido Popular. ¿Houbo algún goberno que pechou con Elnosa un acordo para a reubicación? Si, o Partido Popular. ¿É posible facer un traslado hoxe en día? Non, sinceramente non. Estamos falando de que ou continúa onde está, ou vai pechar. Iso do traslado da actividade é unha falacia imposible, e vostede é coñecedora de que non é o momento xa; ou segue, ou pecha. E hai alcaldes, como un alcalde do Partido Socialista de Navia, que estaría encantado –e así o dixo– de recibir esta empresa; e di que a polémica no seu concello é como conseguir meter

máis xente a traballar en Ence, e non despedir traballadores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Moreira.

Grupo Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Acabamos de escoitar, dende logo, unha arenga que nin a dirección de Ence defendería mellor a permanencia de Ence na ría. A min é que iso de ou é branco ou negro, e non cabe ningún tipo de cor intermedia. Ou pecha ou permanece porque o digo eu, porque razóns non deu ningunha, ¡eh! Porque o digo eu, ou pecha ou permanece.

Ese é todo o argumentario do Partido Popular. Evidentemente, non lle importa nada ao Partido Popular a contaminación das augas das nosas rías, é evidente. Vemos en todas as nosas rías problemas de contaminación que alarmaron e escandalizaron á Comisión Europea, que veu comprobar o seu estado, e o Partido Popular nega a maior. Agora resulta que a ría de Pontevedra non ten contaminación. O marisco emigra, non é que non naza pola contaminación e non se poda pescar, ¡debe de emigrar!

Vostedes non valoran toda a actividade económica que se ten que deixar de facer na ría de Pontevedra por culpa de Ence. Non valoran todo o deterioro do uso público que supón Ence. E por tanto –como xa se dixo aquí– vostedes tampouco van cumprir os compromisos que teñen acadados co pobo galego e coa cidade e a provincia de Pontevedra.

É certo, tal e como dicía o voceiro do Partido Popular, que a modificación do artigo 177 do Regulamento foi para favorecer a permanencia de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra, xa que agora só terá que facer o informe da Xunta, e terá que informar sobre os efectos e fixar as condicións, como dicía o voceiro do Partido Popular.

Pero todo o que di o Partido Popular é unha gran mentira. Greenpeace afirma que en Galicia Ence-Elnosa son os dous principais puntos de contaminación polas súas emisións en mercurio, organoclorados e outros contaminantes á

ría de Pontevedra, substancias moi perigosas para a saúde humana.

Evidentemente, ao Partido Popular tampouco lle importa a saúde humana, como puidemos comprobar onte no debate do Hospital de Vigo. O fin da permanencia de Ence está sendo reclamada dende a súa instalación na ría de Pontevedra no ano 1957. Nas eleccións do 2009, o Partido Popular aseguraba que ía recuperar para o disfrute dos cidadáns a ría de Pontevedra; incluía no seu programa a rexeneración ambiental e garantía o traslado de Ence dentro da comarca de Pontevedra, sempre consultando cos cidadáns e con plena transparencia. No ano 2010, aseguraba valorar a boa disposición da empresa para buscar unha alternativa fóra da ría. No ano 2012, o conselleiro de Medio Ambiente –Agustín Hernández– aseguraba neste Parlamento que Ence debería abandonar o seu emprazamento no ano 2018. No programa electoral de 2012, constaba que o Partido Popular mantén a aposta para que Ence abandone o seu actual emprazamento, considerando irrenunciable a continuación da súa actividade no entorno da comarca de Pontevedra.

Dende o ano 2009 ao ano 2012, o Partido Popular afirmou que Ence contaminaba a ría, que Ence tiña que saír da ría e que non era discutible esta cuestión. Agora parece que todo cambiou, e no ano 2015 o señor Jacobo Moreira –que acaba de intervir agora e era alcaldable a Pontevedra, e, evidentemente, con estas ideas obtivo o resultado que obtivo– defendía a permanencia de Ence na actual ubicación, xustificando que o escenario cambiou e que só cabían –o que acaba de dicir agora– dúas opcións: ou pecha, ou segue na ría.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Vou rematando, si.

O escenario cambiou porque o PP preparou unha nova Lei de costas que abre as portas á prórroga da concesión. A elevada taxa de paro que presenta Pontevedra é froito das políticas laborais, fiscais, industriais e sociais do Partido Popular. Ademais, o Partido Popular non valora os postos de traballo perdidos ou imposibles de crear polo actual estado de contaminación da ría de Pontevedra.

Señores do Partido Popular, os que menten son vostedes. Mentiron no ano 2009, no 2010, no 2011 e 2012, prometendo

do que Ence tiña que saír da ría, e agora, no ano 2015, din que iso non se vai levar adiante.

Vostedes méntenlle ao pobo, é o único que saben facer.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, eu vou seguir na liña do señor presidente Feijóo, da súa comparecencia pola mañá, de homenaxe á verdade e á non manipulación, e vou dicir que no Partido Popular os casos de corrupción son casos illados, non é estrutural, e que o Partido Popular nin é herdeiro nin é continuador da política do franquismo.

Esa é a miña homenaxe ás verdades que dixo hoxe o señor presidente Feijóo. E vou contar simplemente algo que creo que é clave para este caso, pero só é unha parte moi pequena, a punta do iceberg.

Hai un director de Ence que está casado cunha ex subdirectora xeral de calidade ambiental, actual subdirectora de coordinación ambiental –¡pura casualidade!–, e a irmá desta señora é xefa ou responsable industrial de Elnosa. Esta señora, que foi subdirectora xeral de calidade ambiental e agora subdirectora de coordinación ambiental, entrou na Xunta de Galicia da man dun conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia que cando acabou de ser conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia foi para o consello de administración de Ence, e que a súa vez montou –con información privilexiada– unha empresa, que se chama Natutechnia, que casualmente obtén suculentos contratos co Partido Popular a base de facer negocio co lume. Un detalle moi pequeno. Podíamos falar tamén de Juan Ignacio Barrera, que foi ex presidente do Senado e que acabou sendo recompensado polos seus traballos cun *postño* en Ence, etc. Polo tanto, cando se fala de romper o nudo gordiano, pois ímolo romper.

Podería enumerar –e non me daría tempo– a cantidade de operacións legislativas e normativas do Partido Popular nos últimos anos para garantir a permanencia de Ence. Non me daría tempo.

Eu fun ao debate da Lei de costas de Galicia, onde o Partido Popular defendeu a posibilidade de perpetuar empresas como Ence na costa e privatizar de facto a costa do Estado español; onde lle deu a última palabra da decisión de deixar Ence ou de botala da ría de Pontevedra ao Goberno de Madrid. E agora eles mesmos, que apoiaron esta lei, din que nós, ¡claro!, non temos a última palabra. Sacan a responsabilidade de encima e din que é Madrid. ¡Iso é un cinismo increíble!

Pero é máis, despois de aprobar esa lei, apróbase un Regulamento que está recorrido, porque no Regulamento introdúcese un aspecto clave, que é dicir que o informe ambiental –que é preceptivo pero non vinculante, é dicir que o vai decidir Madrid– ten que ser perfectamente compatible coa autorización ambiental que xa está aprobada. É dicir, xa llo aproban de facto. Entón, ¿que me veñen contar? O Partido Popular vai axudar á permanencia de Ence na ría, polo civil ou polo criminal.

Señor Moreira, vostede di que non se pode trasladar Ence porque Pontevedra é líder de desemprego no país. E estando Ence todos estes anos, ¿como é posible que Pontevedra estea de líder de desemprego? ¿Como é posible iso? Polos datos que eu teño, incluso a propia Ence reduciu o número de postos de traballo. ¿Non terá algo que ver que Pontevedra sexa líder de desemprego do país coa situación de Ence na ría, señor Moreira? ¡Ah, non ten nada que ver, non! Non hai ningunha relación, ¿verdade?

Cando menos, a permanencia de Ence na ría non garante que en Pontevedra haxa mellores ratios de emprego que no resto do país. Polo tanto a xustificación do emprego para que Ence quede na ría non se sostén. Ao contrario, Ence destrúe máis emprego, na ría de Pontevedra e en todo o país, do que crea, porque é unha industria –como ben dixo a voceira do BNG– de enclave, e as industrias de enclave buscan materia prima barata, polo tanto somos un gran eucaliptal para facerlle o traballo a Ence en materia prima barata, man de obra barata, e sobre todo permisividade ambiental e conivencia das administracións coas empresas. Esas son as características da industria de enclave, e aquí téñenas todas.

Polo tanto, para romper o nudo gordiano o único que se pode facer, para botar a Ence da ría e empezar a desenvolver outro modelo económico produtivo que xere emprego, e

emprego de calidade, é botalos a vostedes en decembro do Congreso dos Deputados e do poder. ¡Nada máis! ¡Vai ser efectivo! *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: A verdade é que é ben triste –non sorprendente pero si triste– comprobar como o Partido Popular segue a manter a decisión do franquismo de adxudicarlle a Galiza un papel no que non ten nada que dicir, no que Madrid decide.

O franquismo decidiu que Galiza se convertera nun gran eucaliptal ao servizo dunha empresa, e resulta que agora o Partido Popular leva anos actuando para que iso se siga a perpetrar así. ¡Dende logo éche ben triste!

Mire unha cousa señor Moreira, a empresa foi vendida –porque era pública–, e logo mercada no ano 2001 a un prezo de saldo, porque tiña data de caducidade. E a data de caducidade era o 2018. E resulta que o que foi vendido a prezo de saldo porque a empresa tiña data de caducidade, vostedes agora, nun exercicio como aquel da multiplicación dos pans e dos peixes, queren permitir que se converta nun negocio multimillonario. Por iso dicimos aí que vostede perdeu unha gran oportunidade, cando saíu á tribuna, de explicar que sae gañando o Partido Popular con isto. Porque dunha empresa con data de caducidade, a regalarlle 75 anos como mínimo de prórroga, ¡esa é a multiplicación dos pans e dos peixes!, un beneficio multimillonario. Entón terán que explicar vostedes que saca o Partido Popular. Porque quero pensar que só por uns postiños no consello de administración vostedes non venderán o país e a comarca de Pontevedra. Quero pensar que non se venden tan barato, que non venden tan barato o país, por iso explicarán, cando sexan quen, cal é a cuestión.

E mire unha cousa, é tamén ben triste que vostedes modifiquen unha Lei de costas vendéndolle á nosa poboación que ía ser para solucionar o problema dos núcleos do litoral, e resulta que os núcleos do litoral, as casas da nosa xente, non teñen solución, seguen afectadas e coa espada de Damocles enriba, e resulta que o tema de Ence si o solucionan. Por iso

insistimos en que vostedes actuaron, por activa e por pasiva, para permitir que Ence siga na ría de Pontevedra.

E mire, eu lamento que, tendo Galiza competencias plenas en ordenación do territorio –e agora que está aquí o presidente da Xunta–, nos atopemos máis unha vez cun Goberno que refuga de actuar como tal Goberno. Que tendo instrumentos legais que llos concede a Constitución, o Estatuto e sentenzas do Tribunal Constitucional, permitan que sexa Madrid e a empresa os que deciden.

Por unha vez, o que pedimos nesta iniciativa é que exerzan de Goberno de Galiza e non vendan o noso país por unhas simples frangullas e polos intereses dunha pasteira. Sería bo, sería bo que por unha vez actuaran ao servizo deste país e actuaran de Goberno de Galiza.

Evidentemente, non imos aceptar a emenda do Partido Popular. Agradecemos o apoio dos outros grupos e aceptamos a emenda do Partido Socialista, de engádega, porque, efectivamente, este Parlamento tomou unhas decisións, o Partido Popular amoldouse porque creu que naquel momento lle valía, incluído o presidente da Xunta, aquí presente, e votou a favor desa iniciativa. E agora, onde dixen digo, din diego, e o país en venda máis unha vez.

Moi lamentable. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Perdón, señora Prado, ¿non acepta ningunha das dúas emendas? É que non escoitei.

A señora PRADO CORES: Si, si.

A señora PRESIDENTA: A emenda socialista si a acepta.

A señora PRADO CORES: Efectivamente, si.

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Comezamos entón coa votación das proposicións non de lei.

Proposición do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa do señor Fajardo Recou-

so, que acepta a emenda do Grupo Mixto pero como adición, non como substitución.

Polo tanto, votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e D. Ramón Vázquez Díaz, sobre a realización polo Goberno galego dun plan integral de recuperación dos recursos marisqueiros da ría de Arousa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia coa emenda do Bloque Nacionalista Galego incorporada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego en relación co persoal docente e cos centros educativos públicos de ensino non universitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa do señor Fariñas, que non acepta as emendas presentadas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Hipólito Fariñas Sobrino e

sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de mellorarlle a atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa do señor Tellado, que non acepta as emendas presentadas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co sector naval galego para impulsar a entrada no sector da fabricación de compoñentes da eólica mariña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noela Blanco, que non acepta a emenda presentada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España en relación coas tarifas das empresas de telecomunicación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

En consecuencia, queda aprobada esta iniciativa por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Adán Villamarín, que pide a votación de ámbolos dous puntos por separado.

Votariamos entón, en primeiro lugar, o punto 1 da iniciativa. Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a M^a do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a modificar a lexislación estatal e autonómica para acadar a prevención e a protección integral contra a violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

A señora PRESIDENTA: E votamos o punto 2 da proposición non de lei.

Votamos.

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a M^a do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a modificar a lexislación estatal e autonómica para acadar a prevención e a protección integral contra a violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto da iniciativa.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Gale-

go por iniciativa da señora Prado Cores, que acepta a emenda socialista e non acepta a emenda popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a M^a Montserrat Prado Cores e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego en relación coa prórroga da concesión de ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Rematadas as votacións, continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto 6, de interpelacións.

Interpelación de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas aos datos incluídos na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 2014, aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a súa interpelación, dona Yolanda Díaz Pérez, do Grupo Parlamentario de AGE.

A señora DÍAZ PÉREZ: Boas tardes, señora conselleira.

Benvida de novo.

Señora conselleira, presentamos esta interpelación ao Goberno despois de terse publicado o informe que emitiu o CES o pasado día 6 de xullo, e a verdade cunha memoria sobre a situación económica e social deste país que nada ten que ver co relato que están construíndo vostedes; o que indica a todas luces que ou o relato do Partido Popular da recuperación económica e social é falso, ou realmente vostedes

están vivindo directamente noutra planeta, porque –insisto- o informe, que é extenso, dende logo digamos que fai unha emenda á totalidade ao Goberno de Alberto Núñez Feijóo. Non fai falla a oposición, senón que simplemente cada un dos puntos en cada unha das materias que explicita o informe é demoledor fronte a acción ou, no seu caso, a inacción da Xunta de Galicia, e, particularmente, o gabinete que vostede atende.

Efectivamente, o relato é falso porque nin hai recuperación económica e social, como din vostedes, nin sequera Galicia como foi a camiseta que se puxo o señor Feijóo, non é un bo xestor, é falso. O que sinala o CES é que xustamente temos en case todas as variables económicas e sociais un diferencial negativo co resto do Estado. E a min gustárame que vostede, hoxe que ten aquí a oportunidade, nos explicase por que Galicia vai moito peor na comparativa en termos de taxa de paro, en termos de protección social, en termos de crecemento económico do PIB, en termos de desigualdade, en termos de pobreza e demais, que o resto do Estado.

Efectivamente, señora conselleira, claro que non hai recuperación económica, non a hai. A única recuperación económica que hai realmente para o Partido Popular é a recuperación do IBEX 35, que están saqueando e gañando beneficios a mansalva, pero, realmente, como reflicte o informe do CES, dende logo neste país, en Galicia, soamente estamos diante dunha profunda fenda social que leva o nome de desigualdade.

Efectivamente, o CES indica que as súas políticas ortodoxas, radicais, no que atinxe a sermos neoliberais a ultranza –temos varios exemplos neste hemiciclo nas bancadas do Partido Popular-, están conducindo ao exterminio do pobo galego, da nación galega, en definitiva, dos traballadores e traballadoras deste país.

E certamente o CES é demoledor. Indícanos que esa recuperación económica é absolutamente feble en relación coas medias estatais; tan só –como supoño que coñece- o 0,4 % neste país. Mesmo di o CES que non hai recuperación económica, nin esa repercusión chega –e cito literalmente- nas condicións materiais da vida da xente do común. E mesmo di o CES –e non son eu- que a comparativa coa media estatal é un “debe” moi negativo para a Xunta de Galicia, para vostede e para Alberto Núñez Feijóo.

Tamén dá datos demoledores que teñen que ver co diferencial negativo, como a formación bruta de capital: nós no 1,3 % e a media estatal no 3,4 %.

Fala do reparto desigual da carga da crise, e di o CES: a crise estana a pagar os traballadores e traballadoras galegas, non o están a pagar os que máis teñen, os que máis deben de aportar e os que son responsables da crise. Mesmo nos sitúa –como ben sabe vostede- como unha man de obra claramente barata, tan barata que estamos pola cola no prezo das horas traballadas; vai, efectivamente, na cuarta posición, perdendo o ránking, e cada vez –insisto- máis baratos para as patronais deste país, para as que vostede tan ben traballa.

Por certo, chámalle a atención a vostede e á conselleira que tiña que estar dimitida, á señora da privatización masiva da sanidade, e fai un chamamento á Xunta de Galicia. Por favor –di o CES-, invistan máis recursos públicos en educación, en sanidade, en promoción, en protección social. Iso que se cargaron, a protección social, e esas políticas públicas activas que vostede dinamitou completamente. Isto dío o CES, non o di o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, que somos moi vehementes e somos moi belixerantes contra o Goberno da Xunta de Galicia.

Mesmo nos está a dicir que hai inacción na parte regresiva da crise por parte do seu gabinete e da Xunta de Galicia; dío o CES. Estanos dicindo que imos cara atrás, e as súas políticas non soamente non axudan, senón que afondan na situación de crise que temos; é dicir, que non son válidas, como din todos os economistas e mulleres economistas deste país.

Sinala algo do que vostede nunca quere falar: a poboación activa, señora conselleira. Mesmo o Consello Económico e Social pon en alarma, manda un SOS, para esas persoas que teñen o nome de mocidade, 15.000 persoas que perdeu Galicia –di o CES- no último ano, e mesmo tamén esas persoas que estando... Dío o CES e cáusalle risa á señora conselleira, pero eu non me invento nada. Con ler o informe pode... Estou citando literalmente o que di o CES, non é unha versión da Alternativa Galega de Esquerda, e di exactamente isto, que perdemos 15.000 persoas novas, fundamentalmente entre a barreira dos 15 e os 39 anos, señora conselleira. Igual lle fai moita graza, a min non me dá ningunha graza; é o que di o informe do CES.

En segundo lugar, alerta sobre a desprotección social das persoas que están no desemprego na barreira superior aos 45 anos e tamén dos parados e paradas de longa duración, a pesar de que saben que vostedes mesmos, o Partido Popular, tiveron que cambiar o propio concepto de parado de longa duración.

Efectivamente, a grande estafa das caixas de aforros de Galicia, a grande estafa da venda –malvenda– por parte de Alberto Núñez Feijóo e, efectivamente, que o crédito non flúe. Séguenos a indicar o Consello Económico e Social que aos autónomos, ás pequenas empresas, ás pemes e ás empresas en xeral en Galicia, non lles chega ese financiamento do que vostedes presumen; non vostede particularmente, o señor Feijóo de xeito moi particular.

E, sobre todo, alértanos do que está pasando no sector enerxético neste país. Non lle vou citar o que están vivindo Alcoa, Megasa, suma e segue, o que están vivindo os traballadores e traballadoras, e mesmo o risco de desaparición destas empresas. Ou mesmo eses informes públicos que hai que nos din que un factor de diferencial negativo potentísimo xustamente para as empresas deste país é o prezo da enerxía.

Tamén ¡que lle vou dicir!, o que di o propio informe, señora conselleira. A min gustárame ser portuguesa, aínda que ás medias seguro que o somos. ¡Xa nos gustaría que este país tivera os seus niveis de investimento público en I+D+i! Sinala o Consello Económico e Social que é tremendo o factor regresivo dende que chega o Partido Popular, nada máis e nada menos, con ese recorte de investimento, que, como saben, ao día de hoxe é do 0,86 %. Insisto, xa nos gustaría ter o investimento para desenvolver este país que ten Portugal, que está preto de nós.

Alerta sobre a calidade de vida e de benestar social. E atende con gravidade o CES á problemática da pobreza infantil, ao déficit de cobertura de desemprego existente, ao risco de exclusión social das persoas desempregadas, que non van ter posibilidade de desenvolverse como seres humanos, señora conselleira.

Eu supoño que vostede algo me ten que dicir do que vai facer, porque non sei, senón, para qué a temos, sinceramente; non sabemos moi ben para qué.

E mesmo tamén lle afea a conduta a vostede mesma respecto da opacidade e desa longuíssima tramitación que viven as persoas que non teñen nada que levar á boca, como son as persoas que tramitan a risga.

Entón, señora conselleira, nós nesta iniciativa formulámoslle 23 cuestións que eu vou ler, para ver se vostede, das 23, algunha concreta me contesta.

A primeira. O que atinxe, e ten un apartado o informe, respecto do retroceso de calidade tamén nos traballadores e traballadoras públicas. Señora conselleira ¿vai interrogar a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, que como sabe ataca masivamente os traballadores e traballadoras públicas? Supoño que non ten sentido, porque, se hai recuperación económica, non terán por qué seguir sufrindo as consecuencias da crise os funcionarios e funcionarias públicas e os traballadores públicos, que non teñen nada que ver nesta cuestión.

En segundo lugar, ¿van recuperar os niveis orzamentarios –polo menos os que tiñan antes– en educación e sanidade, como indica o CES?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora DÍAZ PÉREZ: Eu case... Si, vale, perdón, é que son 23, pero temos a señora conselleira.

¿Van desenvolver políticas activas en conciliación familiar? Hai un apartado moi interesante, señora conselleira, sobre o que di da conciliación laboral e familiar, respecto do que atinxe a vostede, moi interesante. Todo o que cacarean todos os días respecto á pretendida conciliación familiar. E eu insisto, Consello Económico e Social, que non é da Alternativa Galega de Esquerda.

¿Que medidas van implementar para que deixemos de reducir a poboación activa? ¿Que medidas van executar para superar a situación da xuventude no mercado laboral? ¿Que medidas van desenvolver para incrementar a taxa de cobertura por desemprego? ¿Que medidas vai acordar a Xunta para protexer o colectivo das persoas desempregadas de longa duración e mesmo con idades superiores a 45 anos? ¿Como van reinsertalas laboralmente, señora conselleira? ¿Cales van ser as melloras...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...da Xunta de Galicia para os riscos laborais? Como sabe, incrementouse –remato, señora presidenta, non podo continuar– un 23 % a sinistralidade nos casos de sinistros de morte, señora conselleira.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora DÍAZ PÉREZ: Eu supoño que a vostede algo lle ten que importar. Polo tanto, das 23 cuestións, se é posible, por favor, contéstenos a algunha delas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todos, señorías.

Señora Díaz, a verdade é que non serei eu a que teña que dicirlle a oposición como se ten que facer o labor do control ao Goberno, por suposto, pero na miña experiencia como deputada, tentar facer unha interpelación de 23 preguntas das que nin sequera foi quen vostede de facer a súa exposición, para que en dez minutos un membro do Goberno lle conteste a cada unha delas, evidentemente, isto quere dicir algo que non sei se é que lle falta experiencia como deputada, cousa que creo que non, obviamente, ou que igual ten a necesidade vostede de preparar esta antesala de debate do estado da Autonomía, porque realmente todo o que pregunta é para levalo ao debate do estado da Autonomía.

Pretender falar de sanidade, pretender falar de educación, pretender falar de economía, pretender falar de investigación e desenvolvemento, pretender falar de servizos sociais, pretender falar de todas e cada unha das súas exposicións, levárlle a este Goberno –cando tivemos a oportunidade de coñecer esta interpelación– preto de trinta segundos cada unha destas preguntas. Entón tiñamos dúas opcións. Unha de dúas, ou lle dedicamos 30 segundos a cada pregunta, e así cre vostede que está contestada a pregunta, ou centrámonos

nas preguntas que neste caso son competencia desta consellería.

Nós entendemos que, evidentemente, por respecto, e sobre todo por non tentar ser demagóxico, tentaremos darlle resposta única e exclusivamente ás preguntas desta consellería. Estou convencida –dígoallo xa por adiantado– de que a vou deixar totalmente frustrada, porque dá igual o que diga aquí, e mesmo dá igual o conselleiro que veña aquí a responder, porque se lle contesto a todo, é porque lle dedico pouco tempo, e se lle contesto a parte, é porque lle contesto a parte e probablemente non lle vai gustar a miña resposta.

De todos os xeitos, e por respecto ao que vostede representa, que son os galegos e galegas que confiaron en vostede, voulle explicar a parte que corresponde a esta consellería.

Unha das preguntas –non sei que número é– fala das actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia para superar a situación da xuventude no mercado laboral. Pois a situación da xuventude no mercado laboral é a seguinte –sen chegar ás cifras, que as cifras, evidentemente, adoitan ser teimudas porque están escritas e todos podemos coller a cifra que queiramos–: podemos dicir que temos agora, en agosto, aproximadamente 10.000 parados menores de 25 anos, segundo o paro rexistrado; ou se quere vostede, coller 30.000, que son os que dá a enquisa de poboación activa última; colleríamos calquera delas. O que si sei é que, sexan 10.000 de paro rexistrado, sexan 30.000 da enquisa de poboación activa, son cifras absolutamente inaceptables para este Goberno. E este Goberno, dende o minuto 1, non só está a traballar polo emprego, senón especificamente polo emprego xuvenil, e todo o que puxemos en marcha estase a desenvolver dende o ano 2009, e especialmente dende o ano 2014, con dous plans. Un plan de emprego xuvenil que levaba aparelados 100 millóns de euros, e un plan que se chama garantía xuvenil, que ata hai pouco era ata os 25 anos e agora é ata os 30 anos, que inviste outros 48 millóns de euros; é dicir, preto de 150 millóns de euros, destinados –entre o ano 2014 e o ano 2015– ao fomento do emprego xuvenil.

Estas cifras, que son de investimento nas nosas políticas activas, fixeron que a nosa comunidade autónoma fora onde máis baixou o desemprego xuvenil durante o ano 2014 nos menores de 25 anos. Pero por dicir máis cifras –e volvo repetir que son teimudas, colla as que queira, as de paro

rexistrado, e mesmo tamén pode coller as cifras da enquisa de poboación activa—, hoxe en día na nosa comunidade hai menos desempregados xuvenís de 25 anos, incluso menos de 30 anos, dos que había no ano 2009. Volvo repetir, hai menos desempregados xuvenís de menos de 25 anos, ou de menos de 30, tanto me ten, dos que había exactamente en agosto do ano 2009.

Seguiremos a traballar, porque isto non é unha unha versión triunfalista da visión que ten o Goberno da Xunta de Galicia sobre a situación de desemprego, e, evidentemente, seguiremos a apostar e a demandar que o programa de garantía xuvenil se siga a executar, se siga a executar, e se siga a executar activamente, e que o Goberno central dea todas as pautas para que este programa de garantía xuvenil chegue, canto máis rápido posible, a todo os menores.

Outra pregunta das que fai vostede nesta interpelación de 23 preguntas vai vencellada ás persoas paradas de longa duración que teñen cargas familiares, e en concreto maiores de 45 anos.

Foi esta comunidade a primeira que puxo en marcha un plan complementario para apoiar ese plan, que lle chaman plan activo, que dende o Goberno central provocaba a inserción laboral dos parados de longa duración, e ademais contemplaba tamén a posibilidade de recibir unha axuda de máis de 400 euros.

Nós en xaneiro —este plan foi aprobado en decembro do ano pasado—, e acordado cos axentes sociais, puxemos en marcha un plan específico, para estes parados de longa duración, de 10 millóns de euros, para a súa orientación, formación, recualificación, recoñecemento de experiencia laboral, en definitiva, para poñer a disposición, neste caso, por exemplo, 75 técnicos novos no servizo público de emprego para que poida atender a estas persoas e lle axuden a chegar a todas as ferramentas, como pode ser o fomento do emprego autónomo, como pode ser a adquisición de competencias clave que están enmarcadas dentro dese plan de 10 millóns de euros, con acordo dos axentes sociais, que se está a desenvolver dende este mesmo ano.

Tamén fala vostede de como incrementar a taxa de cobertura do desempregado. Vostede saberá —e digo eu que o saberá moi ben— que a taxa de cobertura non é unha com-

petencia autonómica. A taxa de cobertura é exactamente unha política pasiva, e polo tanto nós, comunidades autónomas, Galicia en concreto, non temos competencias nas políticas pasivas, si as temos nas políticas activas. Políticas activas de emprego que son e serven para mellorar a empregabilidade dos galegos e das galegas, nas que neste ano 2015 estamos a investir 164 millóns de euros, 12 millóns de euros máis. Neste caso, que hai un incremento neste ano 2015, con respecto ao ano 2014, de preto do 14 % máis de fondos de políticas activas de emprego, non é porque haxa un reparto lineal, senón que é porque houbo unha boa execución non só en obxectivos, senón tamén en execución da partida presupostaria deste Goberno. Iso foi o que fixo que, agora que o Estado valora por cumprimento de obxectivos, Galicia percibirá máis financiación para as políticas activas de emprego.

Evidentemente, temos que seguir a traballar para evitar os índices que estamos a ter de accidentes laborais. Sobre todo, isto queremos facelo, como fixemos ata o de agora, na definición desa Estratexia de seguridade e saúde laboral para os vindeiros anos 2015-2020, tentando acordar cos axentes sociais esas medidas que tentarán paliar esa lacra que tamén temos na nosa comunidade, que son os accidentes laborais.

Fala vostede tamén de algo que é importante para este Goberno, que ten tomado as rendas dende o principio, que é a situación na que se atopa a nosa poboación, non só a poboación activa, senón a poboación. Efectivamente, Galicia vive unha crise, aínda vive unha crise grave da que non está a saír, que é a crise demográfica; unha crise que este Goberno entendeu —o presidente— dende o primeiro debate do estado da Autonomía e puxo en marcha distintas medidas non só para axudar á conciliación, senón para facer da nosa comunidade unha comunidade máis amable coa natalidade. Por iso incrementou neste ano máis dun 20 % as desgravacións fiscais para as familias con nenos de 0 a 3 anos, e por iso nas nosas escolas temos o segundo fillo co prezo público gratuíto para as familias que teñan dous nenos nas escolas infantís.

Evidentemente, queremos seguir traballando nas medidas de conciliación que apoian tamén a dinamización demográfica. Facémolo non só como comunidade autónoma, senón tamén no Foro de rexións que temos constituído en España, e mesmo tamén ante a Unión Europea, e así o

que estamos agora é a medrar en prazas. Medrar en prazas que sabemos que significan conciliación; medrar en 3.800 prazas en escolas infantís dende o ano 2009. Medrar significa un 70 % máis de prazas de escolas infantís; por certo, o 99 % están a ser desenvolvidas por traballadores da Xunta de Galicia, en concreto do consorcio. É dicir, escolas infantís novas postas en funcionamento, escolas públicas e prazas públicas; máis alá de que, efectivamente, tamén desenvolvemos dúas ferramentas máis, como son as casas-nido, que desenvolveremos neste ano, e mesmo tamén o servizo de axuda no fogar para a infancia. A isto hai que engadirlle tamén o incremento do cheque infantil. E mesmo tamén é a primeira vez que poñemos á disposición das escolas infantís privadas a posibilidade de concertar 500 prazas máis. En definitiva, máis medidas de conciliación.

Fala vostede tamén de envellecemento para a nosa cidadanía. Evidentemente, para nós é importante mellorar as condicións da poboación tan envellecida que temos na nosa comunidade autónoma, por iso incrementamos o primeiro de toda as prazas públicas nun 50 %...

A señora PRESIDENTA: Remate, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...e, evidentemente, modificamos o modelo de carteiras para dar resposta ás necesidades que teñen os galegos e as galegas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Se fora un debate do estado da Autonomía, tería incluso tempo para responder ao resto das preguntas de competencia desta consellería.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz, réplica.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señora conselleira, eu agradézolle o que contestou. Contestou bastantes cousas, aínda que non o crea vostede. O que pasa é que este argumento do tempo debe ser novo, insisto, porque ocupou bastante do seu tempo xustamente en intentar dar esta réplica.

Mire, señora conselleira, no día de hoxe un xornal deste país publica: A ocupación de xóvenes galegos diminuíu un 25 % dende a reforma laboral. ¿Isto é certo ou non o é? É unha noticia de hoxe. Vostede aquí presumiu do Plan de garantía xuvenil, do que xa lle teño falado, e podo dicir, ademais, un plan estatal e fallido no que atinxe aos resultados de Galicia, e vostede volta aquí a falar do mesmo plan cos mesmos resultados. Mesmo hoxe –supoño que vostede leu a prensa coma min– o titular é contundente: ocupación dos mozos e mozas galegos, un 25 % menos. Non sei, polo menos desmíntame esta realidade.

En segundo lugar, eu xa sei pola miña profesión, señora conselleira, o que son as políticas activas e as pasivas e sei perfectamente cales son as súas competencias, o problema é que vostede sabe que actuando nas políticas activas se incide nas políticas pasivas, sábeo perfectamente. A cuestión está, señora conselleira, en que a min me gustaría que fíxese unha relectura do desmantelamento que fixeron das políticas activas vostedes neste país, señora conselleira. ¿Vostede lembra aquela supresión dos orientadores laborais?, ¿lémbra-se? Eu si e eles tamén, e elas. ¿Vostede sabe que lle están pagando a ETT por esas praciñas? ¿Que por cada traballador ou cada traballadora desempregada que ocupen lle pagan vostedes 3.000 euros? Bueno, claro, é que estas son as realidades, señora conselleira, e disto gustaríame falar porque son cousas bastante graves e bastante relevantes.

Vostede chegou aquí sen cargarse previamente as políticas activas, pero prometendo aqueles disparates de que ían arranxar o problema do paro en 45 días. Esas frivolidades en política páganse. Non as dixemos nós, dixéronas vostedes. E eu creo que agora toca render contas.

A min o que me gustaría saber de vostedes, señora conselleira, diante destes datos tan negativos, que eu lle agradezo que reconeza, é qué vai facer, señora conselleira. Porque non discutamos máis se paro rexistrado ou EPA. En todo caso, EPA, a última –e non minto–: 252.000 persoas, traballadores e traballadoras, en desemprego. Non minto, o 23 % de incremento da sinistralidade laboral con resultado de morte, señora conselleira. O que lle pido son medidas. Vostede falou rapidamente, pero, dígame, ¿vai rectificar as súas políticas? Esta é a cuestión, porque, insisto, eu creo que, agradecéndolle que reconeza os datos, isto é bastante grave.

Respecto da cuestión da demografía e do exilio económico, como nós lle chamamos, señora conselleira, con 15.000 persoas na franxa de idade de ata os 39 anos, claro, que me fale dun foro está moi ben, señora conselleira, pero eu creo que algo temos que facer alén de darlles maletas, como o señor Feijóo na Cidade da Cultura e mesmo pagarlles, como fai a señora Fátima Báñez, a viaxe a estas persoas.

E despois, señora conselleira, claro, vostede fala aquí das prazas que concertan na privada –500–. E, señora conselleira, vostede sabe coma min que son bastante máis caras as prazas na privada que na pública. E vostede, a pesar dos malos datos que ten, segue incidindo no propio negocio que se está a facer nas redes privadas de todo tipo de cuestións. Poderíamos falar de Inditex e doutras, e non falo da fundación, falo doutras cousas.

Despois, eu creo que nas cuestións que aquí lle propoñemos, é dicir, tanto no que atinxe ás medidas de conciliación familiar, no que atinxe á poboación activa, no que atinxe á xuventude, no que atinxe á cobertura do desemprego, no que atinxe ás persoas que están en paro –qué facer con elas despois dos 45 anos, ou qué medidas implementar para reincorporalas ao mercado laboral e demais–...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...e aos riscos laborais, máis que dicirme o propio informe, que xa o sei, dígame qué vai facer. Esta é a cuestión.

E supoño que tamén o resto das medidas que atinxen á pobreza infantil e que atinxen á dependencia e á Risga, se pode, tamén que nos diga qué vai mudar; sobre todo, a Risga, é unha cuestión fácil. É dicir, que diga como imos deixar de tardar nove meses en tramitar unha Risga, ou como imos facer para que cumpramos o que dicía o anterior Valedor do Pobo –o señor Xulio, xa cesado–. É dicir, que se adxudique con carácter provisional, porque os datos seguen sendo demoledores.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Señoría, a verdade é que, por suposto, nunca imos acadar un punto de confluencia nas nosas visións da situación na que está a comunidade autónoma. Vostede ten unha visión absolutamente apocalíptica, pero si que por iso non podo pasar por alto que fixo aquí unha serie de afirmacións nas que non é que non estea de acordo, senón que son rematadamente falsas. Porque vostede na súa primeira intervención dicía que Galicia tiña a peor taxa de paro, que estabamos peor que en España, que tiñamos peores indicadores en pobreza que en España, e que evidentemente Galicia tiña un problema porque non estaba evolucionando do mesmo xeito que o estaba facendo o resto de España, cousa que é rematadamente falsa.

E sabe vostede moi ben que a taxa de desemprego da nosa comunidade –sen facer gala dela– é moito menor que a que ten a taxa media de España. E sabe vostede moi ben –e, se non, debería sabelo– que a taxa de risco de pobreza, colla a que colla –dáme igual que colla a do INE, que colla a AROPE, calquera delas–, nos sitúa á comunidade autónoma como unha das que está ao final da lista en taxa de pobreza. En concreto, estamos, segundo o INE, na quinta posición por debaixo nos índices de taxa de pobreza. E, polo tanto, esa visión apocalíptica que vostede quere trasladarlles aos galegos e ás galegas non só é que non a compartan, senón que ás veces, en determinados indicadores, son rematadamente falsas. Iso non significa que dende este Goberno esteamos contentos coa situación que estamos a vivir, e que non esteamos a poñer todas as medidas, nas nosas competencias, para mudar esta situación e que esta situación vaia a mellor.

E hoxe Galicia pode dicir, por moitos indicadores, que está mellor que hai catro anos. Hoxe Galicia está crescendo, en números negros, cando hai catro anos estaba en recesión e estaba en números vermellos. Hoxe Galicia ten máis afiliados á Seguridade Social; en concreto, no último ano, 21.000 afiliados máis á Seguridade Social que hai un ano. Hoxe Galicia ten menos desempregados apuntados no desemprego que hai tres ou catro anos. Hoxe Galicia, e dito tamén polos informes que lle gusta a vostede coller pero que por suposto non lle gusta ler, é a comunidade que dende o ano 2009 máis baixou a súa taxa de risco de pobreza. E evidentemente, señoría, gústelle ou non lle guste, isto non é

porque si, nin porque veña o vento nin porque lle toque o peto a Galicia. Isto é porque se teñen tomado unha serie de medidas na nosa comunidade, presididas, evidentemente, polo Goberno de Alberto Núñez Feijóo, que teñen influído na nosa economía, que teñen influído tamén na industria; onde, por certo, no mes de xullo –do que vostede tampouco fala– fixo que foramos a cuarta comunidade que máis medrou no índice de produción industrial. Isto significa que estamos tamén a medrar na industria, e evidentemente significa que temos que seguir traballando para conquistar que esta situación mude e poidamos responder a todas as necesidades que teñen os galegos, non só á primeira de todo como importante, como é o emprego, senón tamén a todo o que significa a súa atención social.

E para darlles resposta ás necesidades que teñen os galegos, este goberno, dende o minuto un, blindou o presuposto social, vencellado á educación, á sanidade e aos servizos sociais. Tres de cada catro euros están vinculados directamente e precisamente a esa protección. E non só blindamos, senón que na área da competencia desta consellería medrou, medraron as prazas públicas para escolas infantís, medraron as prazas públicas para centros de día, medraron as prazas públicas de alzheimer, medraron as prazas públicas de residencias. Efectivamente, tamén medrou o presuposto da renda de integración social, dándolles resposta cada ano a todas as demandas de solicitudes que tiñamos das persoas que o estaban a pasar peor. E así seguiremos, de feito este ano tamén tivemos que incrementar o noso presuposto ata chegar dende os 47 millóns de euros aos 53 cos que remataremos neste ano, para poder atender precisamente a renda de integración social.

E quedan dous temas importantes que estamos a pilotar dende o Goberno da Xunta de Galicia: a loita contra a desigualdade cun novo plan que puxo en marcha o presidente Alberto Núñez Feijóo antes do verán, un plan para chegar ás persoas non só que non teñen recursos, senón que teñen escasos recursos, un plan que xa está en funcionamento e en marcha; e, por suposto, a batalla que temos que dar entre todos, que non é competencia da Xunta de Galicia, que é un problema de toda a sociedade galega, que é a situación demográfica da nosa comunidade, á que nós, desde logo, faremos fronte.

A vostede parécelle que, canto peor lle vaia a Galicia, mellor para vostede. Pero o que lle podo garantir é que con este plantexamento lle vai ir moi mal, señora Díaz.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás 16.30, moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos e retómase ás catro e trinta e tres minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Reiniciamos a sesión.

Interpelación de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para que os barcos galegos de cerco dispoñan do aumento de cota de bocarte

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación, ten a palabra don José Ramón Val Alonso, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor VAL ALONSO: Ben, moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Señora conselleira, comezamos un novo período de sesións nesta lexislatura. Eu teño que dicirlle que teño unha profunda sensación de *déjà vu*, de xa ter vivido este debate noutras ocasións. Non sei se a vostede lle pasará o mesmo, pero, bueno, imaxino que non, porque desgraciadamente vostede hai tempo que renunciou a defender os nosos profesionais do mar, a defender o noso sector pesqueiro. E, polo tanto, renunciou vostede tamén a coñecer cales son os seus problemas. Non sei se vostede saberá se seguen a ter os mesmos que hai uns meses ou teñen outros completamente distintos. Desgraciadamente, ten que recoñecer que isto é así, que hai tempo que vostede non se entera de nada do que lle está a ocorrer ao noso sector do mar en Galicia.

Mire, eu case podo entender que vostede faga isto, porque vostede sabe perfectamente a posición que a día de hoxe lle toca ocupar no Goberno do señor Feijóo. Vostede sabe que está politicamente amortizada e que o único que lle toca facer é facer de parapeto do presidente. Esta é a función que lle toca facer, lexítima, non llo vou discutir eu, pero tremen-

damente desafortunada para quen lle toca padecer as súas consecuencias, que neste caso non é outro que o noso sector pesqueiro.

A interpelación que hoxe debatemos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Quere participar no debate vostede tamén, señor Tellado?

A señora PRESIDENTA: Non dialoguen, por favor.

Señor Tellado, faga o favor.

O señor VAL ALONSO: Igual tamén sabe de pesca, non sei, pregunto...

Mire, a interpelación que hoxe debatemos e á que vostede vén responder é para falar dun deses problemas que afectan o sector do cerco; por se non o lembra, un sector composto por 154 embarcacións –bueno, 159–, que dá emprego directo a máis de 1.500 persoas. E é ese que vostedes nos tres últimos anos se encargaron de maltratar continuamente coas políticas que poñen en marcha dende os gobernos que presiden tanto aquí, na Xunta de Galicia, como no Goberno do Estado.

Fíxese, do que imos falar hoxe non é algo novo, é algo que vén de vello. O Grupo Parlamentario Socialista rexistrou unha iniciativa con este mesmo tema o 20 de marzo do ano 2013. Daquela alertabámoslos a vostedes e ao Grupo Popular do que podería pasar coa repartición de posibilidades de pesca feita na zona 9A. Daquela dicíamos o mesmo que hoxe, señora conselleira: que non é comprensible nin asumible por un goberno serio, por un goberno que di defender os intereses da frota galega, aceptar esta proposta de repartición que lle outorga á nosa comunidade o 1,14 % de posibilidades de pesca de bocarte. Iso si, xustificados neses tan manidos e defendidos por vostedes criterios históricos.

Vostede sabe que esta repartición foi unha imposición, sabe que foi unha imposición do anterior secretario xeral de Pesca, do señor Carlos Domínguez, e que foi respaldada tamén por vostede aquí en Galicia. Sabe tamén vostede que lle meteron outro gol ao sector con esta repartición, porque lle dixerón que non se preocuparan, que estiveran tranquilos,

que, se aparecía bocarte nas costas galegas, se ían poñer toneladas á disposición do sector para que puidese pescar tranquilamente.

Ben, eu hoxe pregunto: ¿que foi de todo iso?, ¿que foi dese compromiso adquirido polo anterior secretario xeral de Pesca?, ¿onde están esas toneladas que se comprometeron e que se ían poñer á disposición do sector? Mire, eu a verdade é que non sei como pensa vostede que o sector vai confiar na súa persoa cando lle mente descaradamente, cando non é capaz nin de reclamar que se cumpran os compromisos adquiridos. Esta é a realidade, non lle estou inventando nada, señora conselleira. Vostede sabe perfectamente que iso foi así, aí están as hemerotecas onde pode comprobar as declaracións do anterior secretario xeral de Pesca.

Mire, vostede non fixo absolutamente nada para reclamar o cumprimento deses acordos, e non fixo nada porque a zona 9A leva na práctica pechada para a pesca do bocarte dende o mes de febreiro. É certo que houbo intercambios con Portugal e que se puxo cota á disposición para poder pescar nesa zona 9A, pero tamén hai que saber e hai que dicirlles aos deputados do Partido Popular, por se non o saben, que a Galicia viñeron 12 toneladas, ¡12 toneladas para Galicia fronte ás 1.100 toneladas que se puxeron á disposición da frota andaluza!

Eu non sei se a vostede isto lle parece normal, non sei se a vostede isto lle parece lóxico, esta cuestión. A nós non nolo parece, pero desgraciadamente os barcos e a xente do mar xa están acostumbrados a que con vostedes os que pescan son outros, son os barcos doutras comunidades, mentres os nosos teñen que paralizar a súa actividade e deixar de pescar.

Eu non sei qué é o que lle fai graza, señora conselleira. Onte facíalle graza tamén o debate cos gandeiros, e hoxe fai-lle graza o debate da frota do cerco. Eu non sei, de verdade que non sei, qué é o que lle fai graza, señora conselleira, non o sei. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Señor Val...

O señor VAL ALONSO: E isto que está a pasar, isto que está a pasar na zona 9A, non é algo casual. Pasou en todas e cada

unha das especies peláxicas, en cada unha das reparticións de especies peláxicas, na xarda, no xurelo, no bocarte, e en todas e cada unha das zonas de pesca, na 8C, na 9A. Eu non sei como vostede aínda a día de hoxe é capaz de dicir que ese modelo de repartición nos favorece a nós, aos galegos. Non sei que interese defende vostede, señora conselleira. Cando o 90 % da frota do cerco de Galicia lle está a dicir que esta repartición non é boa, que non pode manter a actividade, vostede segue empeñada en defender esa repartición. Sinceramente, algún día terá que explicar por que segue a defender esta posición.

Porque nós o que lle estamos a pedir é algo moi doado, moi doado, unha posición política en defensa dos intereses da frota galega. Iso que vostedes din repetidamente nos seus discursos, iso de favorecer o emprego no mar, iso de favorecer a economía, de fixar poboación nas vilas costeiras. Vostede ¿cre que con esta repartición se está a favorecer? Sinceramente, é o que lle pregunto. Vostede deberá explicarnos algún día como pode defender esta repartición, cando non é que o digamos nós, senón que o propio sector está a dicir que os está a levar á ruína completa. Ademais, é algo que calquera persoa que teña dous dedos de fronte pode intuír. Porque eu póño de exemplo o que lle fago sempre, señora conselleira: se vostede fose armadora dun barco do cerco que leva 10 ou 12 tripulantes a bordo, que a vostede lle están a outorgar 15.000 ou 20.000 quilos de xarda, 15.000 ou 20.000 quilos de xurelo, coa pesqueira da sardiña sometida a un plan de xestión, co bocarte pechado na zona 9A dende febreiro (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), co bocarte pechado na 8C dende hai aproximadamente un mes, ¿vostede cre que é rendible esa empresa? Mire, no mellor dos casos, e sendo xenerosos, pode manter a actividade durante dous meses con esas posibilidades de pesca. E o resto do ano ¿que fai?

Mire, se realmente están mantendo a actividade no tempo é porque hai unha organización privada que de xeito responsable está a facer a xestión conxunta das posibilidades de pesca. É lamentable, señora conselleira, que teña que ser esta entidade privada a que está a asumir o papel do propio Goberno. O que debería de estar facendo vostede estáo facendo unha entidade privada. E o que é máis lamentable é que vostede non sexa capaz de poñerse do lado dos seus asociados e defender as súas reivindicacións. O único que fai cada día é criticalos, e mesmo nalgunha ocasión, como ten

feito xa hai algún ano, insultalos. Iso é o que está facendo vostede, señora conselleira, aínda que lle dea á cabeza e diga que non, está aí nas hemerotecas. Catro bárbaros exaltados lles chamou, recórde, recórde, señora conselleira. Iso foi así, señora conselleira.

Mire, eu volvo repetirlle que algo non se está a facer ben, algo non se está a facer ben cando no mes de xuño ou xullo o propio sector está pedindo que se poña en marcha o mecanismo de flexibilidade, que vostede sabe perfectamente que é poñer á disposición do ano en curso cota detraéndoa do ano seguinte. A vostede ¿parécelle normal que cando aínda quedan seis ou sete meses para finalizar o ano teñamos que recorrer a este mecanismo?, ¿a vostede parécelle normal? A min non mo parece, e eu creo que vostede debe dar esas respostas e por iso ten as cuestións que hoxe lle plantexamos por escrito. Porque, sinceramente, señora conselleira, vir aquí a rir cando aí fóra hai moita xente que o está a pasar mal... Hai moita xente que leva tempo manifestándose continuamente contra as súas accións, que cada venres se reúnen en Portosín porque saben que teñen o xugo encima das súas cabezas, e vostedes están aí sen facer absolutamente nada.

Mire, a min dóeme dicirle o que lle vou dicir, pero, se realmente quere facer algo positivo polo sector, o mellor que pode facer é coller as maletas e marchar para a súa casa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira do medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

(*Murmurios.*)

Prego silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Val, vostede falaba dun trato discriminatorio na repartición que se fixo para a zona 9, e eu creo que é necesario matizar o que é discriminatorio. Eu entendo que algo que se fai conforme a lexislación e que conta cuns criterios

definidos nunca pode ser discriminatorio para ninguén, máxime cando as cuestións están baseadas nos propios datos achegados polo sector. A repartición actual desta especie para a nosa frota ten que someterse a unha base de criterios de capturas históricas, sendo escasas as capturas desa frota nesta pesqueira, xa que a media de anchoa descargada non acadaba nin as 100 toneladas anuais nos últimos quince anos. Ademais de considerarse nesa repartición unha ponderación socioeconómica, temos que lembrar que seguimos repartindo as posibilidades de pesca con outra frota de ampla dependencia e implicación social, e entendemos que ninguén pode desbotar iso á hora de analizar esta cuestión. En todo caso, que esa repartición considere esas cuestións non quere dicir que esteamos conformes con el en termos prácticos, xa que entendemos que, ao ser unha especie migratoria e de ciclo de vida curto, podería dar maiores rendementos, se ben sempre respectando os criterios e límites biolóxicos para evitar colapsos como os dados hai uns poucos anos.

Dito isto, e contestando as preguntas que vostede facía no seu escrito, ¿que xestións ten feito o Goberno galego para que os barcos galegos de cerco dispoñan do aumento da cota de bocarte comprometida polo Magrama na zona 100 9A? Temos que dicir con carácter previo que estamos na mesma postura na que estivemos sempre, a de cumprir o compromiso que o Goberno central ten co sector, e que permitiría dispor de posibilidades de pesca cando esta especie apareza. Neste senso, e para solucionar unha eventual falla de cota da frota galega para pescar bocarte, comprometéase a posibilidade de dispor de cota de pesca aqueles anos nos que o recurso se atope nas nosas augas. Para definir esta posibilidade de articular este compromiso, desde a Consellería recolleuse a proposta formulada pola Comisión Sectorial do Cerco do Consello Galego de Pesca, que na súa xuntanza celebrada o pasado 13 de xullo amosaba o seu desacordo coa actual repartición da cota de anchoa na zona 9A, tal e como queda recollido na Orde 1307/2013, do 1 de xullo. Entende o noso sector que esta repartición se aceptou por parte dos representantes da frota galega con base nun compromiso do secretario xeral de Pesca que debería cumprirse. Con base nas circunstancias expostas e co fin de dar cumprimento ao compromiso, adoptaba acordos sobre unha proposta de traballo que resolva a situación nos anos nos que apareza recurso nas augas da zona 9A de Galicia, e que reside nunha adecuación no sinalado na orde á que antes me refería.

Formulouse a posibilidade de que na repartición da cota correspondente a España no TAC de anchoa na zona 9A se asigne unha reserva anual dun 10 % da cota española nesta zona para a súa pesca polos buques de cerco con porto base en Galicia no caso de presenza de anchoa nas augas do norte da zona 9A e que estaría sometida ao seu mantemento ata o 31 de outubro de cada ano. Tras esa data, e de non darse a necesidade de asignación e uso desa cantidade, efectuaríase a súa reasignación conforme as necesidades da frota española de cerco que opera nas augas desa zona.

Deste xeito elevouse esta proposta ao Ministerio para a súa análise, e foi reiterada naqueles foros de análise que tiveron lugar neste marco estatal e nos que a Xunta participou. Ademais, e para ampliar esta cota de anchoa, promoveuse a posibilidade dun intercambio de sardiña por anchoa con Portugal, que, como vostede ben debería saber, non conta coa aprobación de todo o sector, polo que deberemos considerar a súa aplicación.

En canto a se cremos que o trato que está a recibir a frota galega na repartición de posibilidades de pesca por parte do Ministerio é o axeitado, creo que cómpre analizar esta repartición por xunto, xa que analizar a mesma con base nunha soa especie pode resultar mesmo capcioso. Así, a primeira cuestión que teño que subliñar é que nos parece unha repartición acorde á lexislación, e cuns criterios definidos nos que a ponderación socioeconómica da nosa frota avanza e no que temos que ver a vantaxe de saber como, canto e onde podemos pescar. Esta repartición, en termos da nosa frota galega de cerco, ten un resultado bo no xurelo, menos bo na xarda, xa que esta segue lastrada e condicionada polo pago dunha multa pola sobrepesca desta especie nos anos 2009 e 2010, e o xurelo suxéitase aos criterios que marcaron as pesqueiras para todas as outras frotas galegas. Pero non é menor dispor dun 24,8 % da cota da xarda e dun 43,2 % do xurelo no conxunto das tres zonas de pesca, obtendo mesmo cifras a destacar, como o 97,9 % da cota desta especie na zona 9A, que é a que se dispón de Fisterra para o sur.

Neste senso, cremos que, asemade, esta repartición vai na liña que sempre demandamos e que mesmo a propia frota demandaba. Queremos poder pescar e ordenar a pesqueira pensando que non regular é sempre a peor opción, xa que iso era o que facían outros gobernantes e de aí xorden dúas sancións por sobrepesca de xarda. Ademais, temos que ter en

conta que esta repartición que analizamos no caso da anchoa queda limitada polo feito de ser unha especie altamente migratoria cuxa presenza nas nosas augas non era habitual nos últimos anos e que derivou nunha escasa descarga da mesma por parte da nosa frota en Galicia. Neste senso, a descarga media anual nos portos galegos da zona 9A non acadara as 45 toneladas nos últimos quince anos anteriores ao acordo, e temos que recordar que as posibilidades asignadas para este ano ou para o anterior superaban as 50 toneladas. Xa que logo, naquel intre, salvo estes dous últimos anos, non teríamos pescado a cota que se nos ía asignar, mais a abundancia neste bienio fai que deba mudar esa repartición para consolidar o compromiso e as posibilidades de pesca para a nosa frota.

En relación con que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego, quixera sinalar que estamos traballando nunha mellora na achega de datos e da supervisión dos mesmos para evitar que se nos aplique outra sanción por sobrepesca como a que xa temos e que, como vostedes ben coñecen, supoñen pan para quince días e fame para moitos meses. Cremos que esta liña de traballo, xunguida á demanda que sinalamos entre o Consello Galego de Pesca e a Xunta, poderá traer resultados positivos para a nosa frota, xa que as exiguas cotas deben ser axeitadas. Nese esforzo levamos traballando, mal que a vostede lle pese, dende o ano 2009, e cremos que imos no bo camiño. As cotas das especies obxectivo do cerco, a xarda, o xurelo e a anchoa, soben desde o ano 2009 un 52 %. Ademais, habería que lembrar que se recuperou o stock norte desta pesqueira cunha cota importante na que non existe repartición e que estes anos permitiu pescar aos nosos cerqueiros de forma importante ao norte de Fisterra.

En relación coa súa última pregunta sobre se imos exixir unha nova repartición, cremos que quedaría contestada ao reler a proposta de asignación de cota. Mais tamén quixera facer unha consideración engadida sobre a cuestión. Esta céntrase na importancia de tratar de non enganar con cantos de serea o sector. Xa que ao ir buscar a la pode resultar que volvamos trasquilados. Nós temos que ter en conta que a especie principal da nosa frota é o xurelo, da que temos na zona 9A practicamente o 98 % das posibilidades de pesca. Se reabrimos a repartición, pode ser que a frota andaluza tamén reclame unha apertura da repartición do xurelo, e pode ser que nos volvamos ver na situación de que a anchoa

non entra todos os anos en Galicia. Por non perder unha especie que é casual en Galicia podemos perder a especie obxectivo do cerco.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica do señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Señora conselleira, a verdade é que é difícil vir aquí e vir como vén vostede, unicamente a cubrir o expediente.

Todo iso que me dixos xa o sabemos, e xa o sabe o sector, pero non vale absolutamente para nada, para nada, señora conselleira. ¿Vostede quere dicir que están hoxe mellor os barcos do cerco que hai catro anos? ¿Vostede quere dicir iso? Bueno, pois a verdade é que, se estamos nese punto, non hai nada máis que discutir. Ou sexa, non hai nada máis que discutir. ¿Estamos mellor que cando os barcos podían pescar 6.000 quilos de xurelo ao día, 7.000 de sardiña, 10.000 de bocarte e agora, dende o 16 de xuño, poden pescar 1.000 quilos á semana de xurelo, a xarda está desaparecida e o xurelo pechado na zona 8C dende onte? ¿Iso é estar mellor? A verdade é que, se estamos nese punto, non hai moito máis que discutir, señora conselleira.

Mire, vostede fállame de que é un criterio conforme á legalidade. ¡Faltaría máis! Pero nós o que levamos moito tempo dicíndolle é que o que di a Lei de pesca é que a repartición hai que facela con base nos históricos, efectivamente. Pero en ningún sitio di que teñen que pesar o 70 %. Iso foi algo que decidiron vostedes. Vostedes decidiron que eses históricos tiveran nun peso relativo do 70 % na repartición. Iso decidírono vostedes, e o que estamos pedindo é que se cambie e que teñan en conta outros criterios, como pode ser o emprego no mar.

Esa é a realidade, señora conselleira, e vostede vén aquí a falar de sancións por sobrepesca. Pero ¿vostede non era conselleira xa daquela? ¿Non tiña ningunha responsabilidade vostede no control tamén? ¿Non era vostede conselleira no ano 2009 e no ano 2010? ¿Non tiña ningunha responsabilidade vostede, señora conselleira?

E, ademais, eu podo dicirlle unha cousa: no da sanción por sobrepesca eu non creo nela. Cando hai outros países

que se están autoasignando millóns e millóns de toneladas, nós temos que pagar unha sanción por sobrepesca. E está moi ben iso de socializar o problema, porque vostede sabe perfectamente os datos de captura. Ou sexa, que os que pescaron iso son os que agora están premiados na repartición. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Non hai ninguén que se dea conta diso na Consellería? Ou sexa, está toda a frota galega pagando as sancións por sobrepesca e non teñen cota, e os que pescaron son os que están tendo agora esa repartición de posibilidades de pesca. Iso é así, señora conselleira, e vostede non di absolutamente nada, non di absolutamente nada, señora conselleira. A min paréceme increíble que se dean situacións como a que se deu a pasada semana no porto da Coruña: que chegue un barco cántabro e desembarque 40.000 quilos de xurelo nun día, ¡40.000 quilos de xurelo!, cando os nosos barcos poden descargar 1.000 quilos á semana. E a vostede iso parécelle normal.

Mire, 120 barcos galegos que fan a xestión conxunta tiñan no 8C –porque xa teñen pechada a pesqueira– 1.430 toneladas de xurelo para todo o ano. Xa as esgotaron. E 41 barcos cántabros, por falar dos cántabros –porque sempre temos a idea de que falamos dos vascos– teñen 3.119 toneladas de xurelo. É dicir, un 54 % máis. ¿A vostede isto parécelle normal? Se me di que si, a verdade é que xa non hai moito máis que falar. Non, esa é a realidade. E quéreme dicir que hoxe están mellor, que están hoxe mellor que hai tres e catro anos.

Mire, señora conselleira, eu realmente –díxenllo ao principio da miña intervención– teño unha sensación de estar no mesmo día, levantarme sempre no mesmo día, vir ao Parlamento con estas cuestións, cunha reivindicación do 90 % do sector do cerco en Galicia, e vostede é un frontón, un muro, en lugar de posicionarse ao seu lado. ¿Por que defende vostede esta repartición, se pode comprobar perfectamente como non é bo para o sector, non é bo, señora conselleira, e vostede sábeo perfectamente? Vostedes estanos obrigando a xogar no fío da navalla. Porque vostede bote as contas: dende xuño, 1.000 quilos de xurelo á semana; 1.000 quilos de xurelo son 100 caixas escasas, a 8 euros a caixa son 800 euros á semana. ¿Como pode un barco con 10 homes a bordo sacar os gastos do barco, gasoil, seguridade social dos tripulantes e repartir un salario para esas 10 persoas? ¿Como vai facelo, señora conselleira? ¿Como vai facer iso? Iso é o que

ten que responder. Aquí non vale que veña vostede ao Parlamento e diga: Non, non, é que está moi ben esta repartición porque conseguimos aumentar na zona 9A un 50 % ou un 90 % o xurelo. ¿E nas demais zonas?

¿E por que non fai un transvasamento de xurelo da 9A á 8C? ¿Por que non o solicitan? É que non fan absolutamente nada, señora Quintana.

Mire, eu desgraciadamente teño que rematar como lle dixen antes. Eu creo que está vostede completamente amortizada politicamente, o mellor que pode facerlle ao sector e a si mesma é marchar para casa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Val, eu terei que marchar para casa, pero tamén é ben triste que vostede, que foi delegado de Pesca, haxa determinados conceptos que non acabe de entender. Agora explícome como estaba a pesca cando nós chegamos ao Goberno no ano 2009, agora mo explico. *(Aplausos.)* Confundir uns topes comerciais cuns topes de pesca, hai que ter... *(Aplausos.)*

A ver, faga uns cálculos ben sencilliños. Vostede dixo 6.000 quilos diarios de xurelo, 7.000 quilos diarios de sardiña e 10.000 quilos diarios de xarda, por 159 barcos, por 365 días que ten o ano, ¿cantos topes tiñamos para pescar logo? Bueno, pero, por favor, señor... Vostede estame dicindo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Val!

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): É mentira, iso é un tope comercial, non se pode descargar máis diso. Agora, iso non quere dicir que sexan todos os días de todo o ano que tiveran esas posibilidades de pesca, porque nunca tivo España esas posibilidades

de pesca. Non se poden confundir os topes comerciais coa repartición que temos, e vostede, que foi delegado, iso deberíao saber.

E tamén lle digo unha cousa, tamén lle digo unha cousa para que non se poña nervioso. O primeiro que fixemos nós para arreglar o problema dos barcos de cerco foi botar por terra un acordo que fixo o goberno socialista de Madrid de darlles máis posibilidades de pesca aos barcos de arrastre que aos barcos de cerco. Iso foi o primeiro, e agora vostede aínda me vén pedir a min explicacións.

¿Quéreme vostede dicir a min –cos datos, ¡eh!–, quéreme vostede dicir que, se no ano 2009 tiñamos 64.964 toneladas de posibilidades de pesca de xurelo, xarda e anchoa e agora temos 98.772 toneladas, iso non é un incremento dun 52 %? Faga vostede os cálculos. ¿Pódeme vostede dicir como antes vivían ben os barcos e agora é imposible?

Señor Val, non se deixe levar pola paixón, eu xa sei que vostede non me quere ver a min á fronte da Consellería, pero sexa coherente coas súas explicacións, sexa reaccionario á súas explicacións, vaia de vez en canto á lonxa, que a ten ben cerca en Burela. Eu estiven hai quince días alí, estaban os barcos de cerco encantados cos cupos que teñen este ano de bocarte. É certo que na zona 9 temos poucas posibilidades de pesca de anchoa, porque no seu momento decidimos apostar pola especie preferente para a nosa frota, que é o xurelo. E así o entende a maioría do noso sector.

Nós temos que pensar en todos, non se pode enganar o sector. Non faga eses aspavientos. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Val, faga o favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): É que vostede vén aquí cunha serie de imprecisións que non son lóxicas. Eu podo entender que alguén, para venderlle unha noticia a un periódico, diga que antes tiñamos 6.000 quilos de xurelo, 7.000 de sardiña, 10.000 de xarda. Si, como norma comercial, pero non como tope de pesca. Porque ese cálculo calquera que viva no sector sabe que é así, que non podían pescar todo iso todos os días do ano, porque España nunca tivo esas posibilidades de pesca.

E non me veña a min a denunciar que eu xa estaba na Consellería no ano 2009 e xa estaba na Consellería no ano 2010. Galicia, dende o ano 2009, cambiou a súa visión en Europa e así nolo recoñeceu tanto a comisaria Damanaki como a directora xeral Lori Evans. Outras comunidades, non; e o goberno que había naquel momento tampouco. Incluso chegou a dicir que o que se pescaba en augas interiores non contaba. Logo veunos a multa por sobrepesca e, amiguíto, agora que veñan os demais e que o arreglen.

Aquí, como lle digo sempre, defenderei o meu sector, sigo reclamando a Madrid que nos deixen pescar posibilidades na zona 9A para anchoa, pero buscando unha solución para que non nos toquen a clave de repartición e nos quiten o xurelo, que é unha especie fundamental para a frota do cerco.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Interpelación de D. José Antonio Sánchez Bugallo e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a aplicación da disposición transitoria terceira, punto 3, da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xuño, de costas

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Bugallo, para formular a súa interpelación.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas e moi boas tardes, señora presidenta.

Moi boas tardes, señorías. Tamén á señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O día 30 de maio do ano 2013 publicábase no *Boletín Oficial do Estado* o texto da recén nada Lei 2/2013, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de costas. A mencionada lei abría un prazo de dous anos a partir do día 31 de maio de 2013, é dicir, desde o día da súa entrada en vigor, para que aos núcleos ou áreas que á súa entrada en vigor non estiveran clasificados como solo urbano se lles puidera aplicar a disposición transitoria terceira da antes mencionada Lei de costas.

O contido desta lei foi obxecto dunha interpelación neste mesmo pleno, xustamente o mesmo día que o Senado aprobaba o texto da lei. Esa interpelación debateuse na sesión do 24 de abril de 2013. Eu voules ler algunhas das cousas que o señor conselleiro, o seu antecesor no cargo, don Agustín Hernández e eu mesmo nos dicíamos aquí. Decía quen lles fala naquel momento que o obxecto da lei -e así se explica na súa memoria- é resolver determinados problemas e, especificamente, o problema dos propietarios de inmobles na costa dentro da liña de protección, especialmente determinados bens hipotecados -por certo, en gran medida titularidade de cidadáns ingleses, franceses ou alemáns, con cédulas hipotecarias que están en bancos tamén maioritariamente ingleses ou alemáns-. E tamén se dicía, e tamén se recolle expresamente na propia lei, que é resolver a situación daquelas concesións administrativas industriais que vencen en 2018 e que a través desta lei poderán verse prorrogadas ata o ano 2093. Dicíamos iso e poñiamos como exemplo unha coñecida instalación da que se acaba de falar non hai demasiado tempo neste mesmo Pleno, que é Ence, na ría de Pontevedra.

Retrucaba o señor conselleiro, don Agustín Hernández, páxina 36 do mesmo boletín, e dicía o seguinte: “Dá a sensación, señor Bugallo, de que a lei está pensada segundo vostede para as grandes empresas e para os cidadáns estranxeiros. Pero, sen dúbida, señor Bugallo, supoño que vostede tamén saberá perfectamente que miles de galegos do noso litoral se verán beneficiados pola aplicación da lei”.

Seguía dicindo: “Non haberá, como sabe vostede, ningunha prórroga automática para as ocupacións industriais, nas que terán a última palabra as comunidades autónomas”. Repítoo, porque é unha gran mentira -isto dígoo eu-: “(...) terán a última palabra as comunidades autónomas”.

E, entusiasmado, seguía dicindo: “A modificación da Lei de costas vénlle dar cobertura a unha reivindicación histórica como recoñecemento dos núcleos tradicionais do noso litoral”. E incluso seguía máis adiante -páxina 37- dicindo: “Estímase que a modificación da lei permitirá beneficiar nun primeiro momento a 8.000 vivendas”. Entendo que se refería a Galicia.

Nas mesmas datas, o senador Enrique López Veiga, tamén entusiasmado, á parte de falar das 8.000 vivendas,

dicía: “*Se cambiaron muchas cosas porque la ley del 88 tuvo problemas para aplicarse, y sí, hay algunas cosas de justicia, como dar solución en Galicia a los núcleos marineros de Ribeira, Marín, A Illa e Vilaboa*” -mencionaba-. E máis adiante dicía: “*Es una ley de ámbito nacional, y si lo que presenta es para solucionar un caso puede abrir puertas, especialmente en las zonas turísticas, que el Ministerio de Medio Ambiente no quiere abrir. Yo puedo entender eso, se intentó con la Illa de forma específica pero no fue posible*”. O da Illa non foi posible, pero en Formentera, en Ampuriabrava, na Illa Cristina, alí si foi posible porque alí a presión turística é moito inferior.

Incluso emocionado, nese mesmo momento -teño aquí outro periódico-, falando precisamente da súa consellería, voules ler, di: “*En esta situación*” -fálase de núcleos que se atopan non recoñecidos- “*se encuentran 255 asentamientos, 126 corresponden a 23 ayuntamientos de Pontevedra, 119 a 29 ayuntamientos de A Coruña, 19 a 6 municipios de Lugo, según los datos facilitados por la Consellería de Medio Ambiente*”. E segue dicindo: “*El proceso para regularizar estas viviendas resultará bastante sencillo según cuenta*” -menudo conto, digo eu tamén- “*la secretaria de Ordenación del Territorio y Urbanismo, Encarnación Rivas. Bastará con que el concello remita una notificación al Ministerio de Medio Ambiente, que es el que tiene las competencias sobre la costa*”.

Bueno, logo fala dos máis beneficiados, e pon como exemplo a Cangas, con 18 núcleos, e a Oia, con 14, que xa nos falará vostede de como están eses núcleos.

O certo, señorías, é que o 31 de maio de 2015 se cumpriron os dous anos de prazo para que os concellos solicitaran a regularización dos núcleos tradicionais. Polo tanto, unha vez rematado ese prazo, sabendo que hai algún caso que parcialmente está resolto, sabendo que hai bastantes casos en que foron denegados todos os núcleos solicitados e sabendo que hai seguramente outros casos que están en tramitación -porque o Ministerio ten dezaioito meses para resolver-, por parte do Grupo Parlamentario Socialista témoslle que preguntar, señora conselleira, cal é o balance destes dous anos. ¿Cantos dos 255 núcleos foron regularizados ao longo destes dous anos? ¿Cantas das 12.500 vivendas foron regularizadas, ou polo menos das 8.000 que se ían beneficiar con carácter inmediato segundo os datos que vostedes facilitaron?

Señoría, recentemente a súa consellería acaba de facer público que ofrece a súa colaboración, e a Administración central, para axudar os concellos e asesoralos a resolver este problema. Non está mal, pero seguramente chega 27 meses tarde este ofrecemento. A esta Cámara e, dende logo, ao noso grupo parlamentario gustaríanos saber qué fixo a súa consellería nesta materia ao longo destes dous anos e cales foron os resultados dese procedemento que, segundo dona Encarnación Rivas, segundo o senador Enrique López Veiga e segundo o anterior conselleiro, ía ser tan rápido, tan sinxelo e aparentemente tan eficaz.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Bugallo.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dona Ethel Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señor Sánchez Bugallo, dende logo que no Goberno galego somos conscientes de que Galicia conta con singularidades propias na ordenación urbanística. En Galicia temos peculiaridades históricas que nos diferencian do resto de España, é de todos coñecido. Somos a rexión peninsular con máis quilómetros de costa, máis de 1.400. Somos a comunidade autónoma onde se concentran a metade dos núcleos de poboación de España, e son características endémicas do territorio galego que nos levaron a crear un tipo de solo único en toda España, que é o solo de núcleo rural, un solo eminentemente urbano pero ao que non se lle pode exixir os mesmos servizos porque estamos falando de pequenas poboacións, de pequenos núcleos. Núcleos rurais que constitúen unha peza clave para o progreso de Galicia, porque non podemos concibir unha Galicia próspera sen un rural vivo e por iso necesitamos e queremos, dende logo, poder dar seguridade e tranquilidade ás persoas que viven nestes núcleos. E por iso na Xunta claro que vimos traballando intensamente, teño que dicir, para lograr que a normativa estatal recoñeza a equivalencia entre o núcleo de solo rural e o solo urbano. E así o está facendo o Ministerio de Fomento coa nova Lei de carreteras, e así con ese mesmo criterio propuxemos e conseguimos que se aceptara na reforma da Lei de costas e,

por certo, tamén o pretendemos coas alegacións que presentamos ao real decreto que está tramitando o Ministerio que regula os usos de zonas inundables, ao que vostede non fai referencia pero dende logo que é moi importante; alegacións que espero, seguro, que se terán en conta coa sensibilidade do Goberno de España, como se demostrou coa reforma desta Lei de costas. Porque creo que si que abriu unha nova porta, porque recolle mecanismos para regularizar os nosos núcleos costeiros tradicionais, que están aí dende antes do ano 88. Como ben dicía vostede, a Lei de costas aplica un réxime de limitacións na zona de servidume de protección establecida para 20 metros de solo urbano e para 100 metros para os que están fóra del, e provoca que moitas edificacións en solo de núcleo rural no litoral pois se atopen fóra da ordenación. Pero teño que dicir que dende a Xunta sempre defendemos estas peculiaridades e dende logo compartimos e queremos facer compatible o núcleo tradicional coa protección do noso litoral.

E grazas a ese traballo conxunto realizado entre Xunta e Goberno central, a Lei de costas recolle por primeira vez unha vía para resolver esta regularización e resolver esta demanda para poder regularizar estes núcleos tradicionais, un camiño que pasa por pasar a zona de 100 metros a 20 metros naqueles municipios que demostraren e acrediten a existencia destes núcleos urbanos consolidados con anterioridade ao ano 88. Así pois, para que os núcleos costeiros tradicionais poidan contar con este amparo legal, os concellos deberían de acreditar correctamente e con rigor pois a existencia destes núcleos. É un camiño, dende logo, no que a Xunta sempre ofreceu e prestou a máxima colaboración a todos e cada un dos municipios que o solicitaron, a todos os municipios que o solicitaron.

Na Xunta estamos convencidos de que a mellor fórmula para acadar este obxectivo pasa por regularizar estes núcleos a través dos plans xerais. Insistimos, teño que volver insistir, na necesidade de axilizar eses plans de ordenación municipal naqueles concellos onde teñen estes problemas. O mellor exemplo témolo en Marín, sábeo vostede. Consegui dar seguridade xurídica e tranquilidade a eses cidadáns que viven neses núcleos, e conseguíuno a través do seu plan xeral. Marín iniciou o traballo por onde o tiña que facer, aprobando o plan xeral, e isto foi o que facilitou a delimitación destes núcleos costeiros, unha aprobación, dende logo, que é todo un exemplo, exemplar, porque todos os políticos

traballaron de forma unida. E unha vez definidas e delimitadas estas poboacións, estes asentamentos, foi moito máis doado, claro que si, conseguir que a Agüete, Casás, Loira, Teira e Mogor acadasen a igualdade de condicións que o solo urbano.

Isto é unha mostra máis –teño que dicilo– de traballo ben feito. E coa acción coordinada e conxunta e o traballo constante das administracións pódense acadar, dende logo, resultados satisfactorios, porque estamos ante logros, como é o caso de Marín, que benefician e dan seguridade xurídica aos galegos que viven na nosa costa e no noso rural. E Marín sabe que non é o único municipio galego que iniciou e concluíu con éxito este tema. Hai outros concellos que tamén o lograron; por exemplo, vou falar do concello de Baiona, núcleo de Rocamar; no concello de Muros, cinco núcleos: A Bornale-O Cruceiro, Surribos, A Viña, A Robaleira e Valde-xería. E a clave do éxito, a clave deste éxito nestes concellos que acabo de nomear, é que souberon definir un bo plan xeral, con transparencia e con lealdade. Contar con planeamento urbanístico sei que non é o único método, pero dende logo é o método que ten acreditado e ten probado que é o que ten máis eficacia. E aí temos os exemplos do concello de Marín, do concello de Baiona e do concello de Muros. É a fórmula que, dende a Xunta, apoiamos sempre, pola que apostamos dende o principio e, dende logo, seguimos apostando.

Señoría, queremos dar solucións, claro que si, e aínda estamos a tempo, aínda estamos a tempo para lograr novas regularizacións e para aproveitar ao máximo esta oportunidade que nos deu esta nova normativa. Porque, señoría, aínda que a Xunta non ten competencias directas na solución deste problema, si que lle podo asegurar que é un asunto no que o Goberno se implicou dende o principio, e seguimos, dende logo, implicados. Mantivemos numerosas reunións coa Dirección Xeral de Costas, desprazámonos en reiteradas ocasións a Madrid para consensuar e propoñer solucións e iniciamos procesos de diálogo. E podo dicir que o Goberno de España dende logo entendeu e recoñeceu a verdadeira situación singular da nosa costa galega.

Pese a todos os esforzos, como di vostede, hai concellos que viron denegado o recoñecemento das súas singularidades. Pero os concellos que seguen esforzándose seguirán esforzándose para que estas singularidades sexan tidas en

conta. E tamén dende o Goberno galego seguimos comprometidos e traballaremos no ámbito das nosas competencias e das nosas responsabilidades de cara a lograr un resultado, o resultado que sexa beneficioso para que poidamos regular o maior número de núcleos galegos e dotar da máxima seguridade xurídica o máximo número de vivendas. E, por iso, a finais do mes pasado remitílle unha carta ao secretario de estado para pedir e concretar unha reunión, unha reunión que puiden tela o pasado 1 de setembro. Tiven a oportunidade de trasladarlles ao secretario de estado do Ministerio de Medio Ambiente e á directora xeral de Costas a preocupación do Goberno galego. Eu teño que dicir que foi unha reunión fructífera, porque solicitamos, e así se nos permitiu, que a Administración autonómica tomara parte nestes procesos abertos para a regularización destes núcleos costeiros ao amparo da nova Lei de costas.

O noso propósito é poder prestar o mellor asesoramento técnico aos municipios afectados, aos municipios afectados que así nolo soliciten, de cara a dotar a máxima seguridade xurídica e tamén ao maior número posible de asentamentos tradicionais. Este é un obxectivo prioritario, prioritario para os nosos concellos costeiros, dende logo tamén prioritario para a Xunta de Galicia, e son consciente de que é unha vella reclamación cidadá pero tamén unha reclamación que facemos nosa. É un cometido no que os concellos que nolo soliciten contarán co noso apoio, coa nosa determinación e, dende logo, sensibilidade. No Goberno galego somos os primeiros que queremos dar seguridade xurídica e tranquilidade a eses veciños que viven na nosa costa e no noso litoral galego nestes núcleos rurais.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora conselleira.

Réplica do señor Sánchez Bugallo, do Grupo Socialista.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas novamente. E boas tardes, señorías.

Ten razón nunha cousa que dixo a señora conselleira. Eu non falei da Lei de zonas inundables, pero é que o tema que hoxe traemos é a Lei de costas, e das zonas inundables xa veremos qué é o que sucede. O que estamos agora vendo é o que sucedeu coa Lei de costas, e teño que lembrar o com-

promiso anunciado polo Partido Popular nesta Cámara, polo senador do Partido Popular Enrique López Veiga, pola secretaria xeral de Urbanismo, que segue sendo a mesma secretaria xeral de urbanismo, sobre as 8.000 vivendas que ían regularizar a súa situación con carácter inmediato, sobre os 255 núcleos.

Mire, señora conselleira, en Galicia, e sábeo tamén vos tede coma min, hai 87 concellos na costa. Vostede acaba de dicirnos que hai 8 que aparentemente puideron regularizar a súa situación. Só faltan 79. Nós temos constancia de que polo menos 58 solicitaron a regularización dos seus núcleos. Vostede falou dalgúns que o resolveron favorablemente. Eu pódolle falar doutros, como Nigrán, que solicitou 18 núcleos e que lle foron recoñecidos 2 e denegados 16; doutros como Vilanova, a Illa de Arousa, O Grove ou Fene, nos que lles foron todos denegados, e aproximadamente outros corenta e tantos que a día de hoxe non sabemos cal é a situación. Nós temos pedida a información no Parlamento de España, de momento esa información non se nos contestou. Previsiblemente non se nos vai contestar, porque rematará esta lexislatura aparentemente o 23 de outubro, e é moi probable que non se nos conteste antes. Pero a pregunta é: con iso que se ía regularizar con carácter inmediato e de forma tan doada, ¿como é posible que haxa agora tantas dificultades?

Eu voulle falar dalgún dos problemas que está habendo, un dos problemas nos que houbo un gran engano, e que vostedes lle venderon á toda a cidadanía –e aquí o dixeron, incluso eu non hai moito discutín cun senador do Partido Popular que estaba convencido de que iso se aprobara así–. Vostedes presentaron unha emenda, que, ademais, fora aprobada por este Parlamento, na que dicía que eses núcleos tiñan que reunir un de dous requisitos: ou un nivel de consolidación edificatoria ou dispoñer de todos os servizos. O que pasou foi que en Madrid o “o” cambiárono por un “y”, e hai que ter as dúas condicións, tanto de consolidación edificatoria como de dispoñer de todos os servizos.

Pero non acaba aí a cousa. É que, ademais, están exixindo que se acredite o cumprimento de ambos os dous requisitos con data do ano 1988. Non con data actual, senón que xa había que ter todos os servizos no ano 1988, e esa é unha das causas dos problemas.

Aproximadamente o 50 % dos núcleos dos que se solicitou a súa regularización en España están en Galicia. Non sabemos como vai evolucionar porque aínda teñen dezaoito meses para resolver desde que finalizou o prazo, e iso quere dicir que a día de hoxe aínda quedan 14 ou 15 meses para que acabe. Desde logo, rápido non foi.

Desde logo, a nós non nos queda máis remedio que entender que o señor conselleiro, o seu antecesor, mentiu cando dixo aquí que a Xunta de Galicia e que a Administración autonómica tiña a última palabra –e iso é unha evidencia– en relación coas implantacións industriais. Desde logo, non dixo a verdade cando falou da regularización inmediata desas 8.000 vivendas. Temo que o señor López Veiga mentía, ou polo menos non dixo a verdade, cando dicía que non se puido contemplar a excepcionalidade da Illa porque o Ministerio de Medio Ambiente non quere abrir portas nas zonas turísticas. Cando en realidade Formentera, Ampuriabrava, Santa Pola, Illa Cristina, esas si son zonas turísticas moitísimo máis que a Illa de Arousa, onde viven 7.000 habitantes permanentemente en 7 quilómetros cadrados. Teño que pensar que ou mentía ou estaba inmensamente despistada a señora secretaria xeral de Urbanismo cando dicía que cun carácter inmediato e de forma absolutamente sinxela, cunha simple comunicación, se arreglaría o dos núcleos tradicionais.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: E agora, a tres meses das eleccións xerais, cando vostedes nos veñen prometer que agora o van arreglar todo, a pregunta é: ¿por que debemos crelos, señora conselleira? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señor Bugallo, a Xunta, como sabe, interveu para lograr unha modificación dunha normativa, unha modificación da Lei de costas, que, dende logo, foi unha nova vía para regu-

larizar esta demanda histórica dende hai máis de vinte e cinco anos, para que os concellos puideran regularizar. Pero son trámites, a partir de aí, que fan o Ministerio e os concellos. Era responsabilidade dos concellos remitir directamente ao Ministerio os informes técnicos que acreditaban a persistencia deses núcleos, sen a participación da Xunta neses expedientes. A participación tivémola directamente no Concello de Marín porque nola solicitou. Dende logo, non podemos axudar aqueles concellos que non nola solicitan, por iso aproveitamos para facer un chamamento de que estamos á disposición de todos os concellos para ofrecerlles o máximo asesoramento técnico e, por suposto, apoio técnico para resolver estas situacións. E claro que é unha cuestión complexa, é unha cuestión complexa e por iso digo que estamos á disposición dos concellos.

É innegable que a modificación da Lei de costas supuxo unha oportunidade única para resolver este problema. Porque, como acabo de dicir, non é un problema novo, e vostede sábeo, señoría, é un problema que arrastramos dende hai máis de vinte e cinco anos. E tivo que chegar este goberno de España para ofrecer solucións e ofrecer alternativas. E iso é grazas a esta reforma lexislativa impulsada por este goberno. O Goberno do Estado soubo comprender, entender e atender estas singularidades do pobo galego, e vinte e cinco anos despois temos unha nova vía, con esa nova Lei de costas, para regularizar esa situación urbanística das vivendas de moitas familias e do modo de vivir de moitos galegos.

Esa vía eu teño que dicir que ten resultados satisfactorios, temos o exemplo do concello de Marín. Creo que non hai que menosprezar en ningún caso, Marín, Baiona, Muros, municipios que solicitaron a rebaixa da servidume de protección, e que recoñezan eses núcleos rurais en igualdade de condicións que o solo urbano. E comprobaron que os seus plans xerais –insisto– son unha baza fundamental para conseguir isto.

Non son estes os únicos municipios. Tamén hai outros núcleos que o conseguiron. No concello de Gondomar, de Nigrán e do Rosal tamén obtiveron resultados positivos. Dende logo, na Xunta de Galicia estamos convencidos de que o mellor camiño é o que fixeron Marín, Muros e Baiona. É o mellor camiño e o mellor exemplo, a través dos plans xerais.

Pero, dende logo, non me entenda mal. Por suposto que queda traballo por facer, queda traballo por facer e os concellos afectados deben continuar dando pasos para sacarlle a máxima rendibilidade e aproveitar ao máximo esta oportunidade que nos dá esta nova Lei de costas, un traballo no que, por suposto, seguirán contando coa máxima disposición e a máxima colaboración da Xunta de Galicia. Porque aínda que as comunidades autónomas –vostede sábeo– non temos competencias directamente neses expedientes, na Xunta si que nos involucramos e queremos seguir colaborando, acompañando e apoiando as administracións locais que nolo soliciten, obviamente.

A implicación da Xunta ponse de manifesto con distintos encontros que estamos a manter cos representantes do Ministerio de Agricultura, de Alimentación e Medio Ambiente, e coa Dirección Xeral de Costas, xuntanzas que imos continuar a ter, na procura de conseguir o máximo número de núcleos regularizados.

Como dixen, o pasado 1 de setembro tiveron unha xuntanza co secretario de estado e coa directora xeral de Costas, na procura de buscar solucións para que poidamos formar parte dos procesos abertos e prestar o mellor asesoramento técnico. A intención da Xunta é ir caso por caso. Digo outra vez que nos poñemos á disposición dos concellos que nolo demanden, porque esa é a forma máis fiable. E xa lle adianto, señoría, que estes aspectos centrarán a próxima xuntanza, que será este venres 18 de setembro en Madrid. Un equipo técnico da Xunta de Galicia con outro equipo técnico do Ministerio tratarán en Madrid estes temas para abordar o tema e avanzar cara a regularizar máis núcleos do noso litoral.

O noso obxectivo é seguir afondando neste asunto, buscar a máxima coordinación entre administracións –que é imprescindible–, prestar asesoramento...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): ...e ofrecer solucións, que se conseguen con traballo, con implicación, con constancia e con determinación de todos.

Eu dígolle, señor Bugallo, que estamos a tempo, aínda estamos a tempo, e a Xunta creo que está onde ten que estar,

ofrecendo máxima colaboración a cada un dos nosos concellos galegos que queiran traballar para conseguir este obxectivo de regularizar os núcleos do litoral galego.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 8, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para colaborar na resposta á crise humanitaria que se está a dar na Unión Europea.

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Trenor para formular a súa pregunta.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, nestes momentos a Unión Europea afronta un desafío humanitario co desprazamento de milleiros de sirios que foxen da guerra, da fame, da miseria e tamén do xenocidio. Cada vez son máis os que morren no intento desesperado de fuxir das persecucións políticas ou relixiosas. Cada vez son máis os que veñen aos nosos países buscando un espazo de seguridade, de liberdade e de respecto aos dereitos humanos.

Desde o inicio do conflito armado –e xa levamos máis de catro anos de guerra– millóns de persoas abandonaron os seus fogares, máis de 11 millóns de persoas. A maioría, desprazados dentro do seu propio país; e máis de 4 millóns, fóra das súas fronteiras.

Esta crise é unha crise complexa e ten causas diversas, e a nós tócanos xogar un papel decisivo na súa solución e ante a que temos que dar respostas, respostas no eido político e económico, pero tamén no eido humanitario. Respostas que obrigan a toda Europa, a todos os españois e, polo tanto, a todos os galegos. Respostas serias e solidarias, e tamén coordinadas, fuxindo dos electoralismos, dos populismos e deses nacionalismos que queren levantar os novos telóns de aceiro.

Temos un primeiro reto, xa que estamos ante todo, como define a Axencia da ONU para os Refuxiados, nunha crise derivada da chegada do maior número de refuxiados en décadas, quizás o maior número de refuxiados dende a Segunda Guerra Mundial.

Os galegos fomos sempre un pobo solidario e que contou tamén coa solidariedade doutros pobos, pero non é só por unha cuestión de gratitude histórica e tampouco para calmar a nosa conciencia, é fundamentalmente porque queremos formar parte da solución. Para nós é unha obriga moral, e queremos actuar con determinación. Determinación que xa mostrou o presidente, que adiantou unha oferta asistencial e de instalacións, determinación amosada por vostede, que está a traballar nun plan de acollida, e determinación tamén amosada por outros responsables de distintas administracións locais, organizacións non gobernamentais, de familias, que teñen comunicado a súa disposición para colaborar no dispositivo necesario que se poñe en marcha para a acollida dos refuxiados.

¿Pode, señora conselleira, adiantarnos as medidas que tomou e está a tomar o Goberno galego para colaborar na resposta a esta crise humanitaria?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Trenor.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas.

Señoría, dicía vostede, e dicía ben, facendo unha descrición da situación de excepcionalidade que está a vivir a Unión Europea neste asunto, que é, se cabe, o maior éxodo humano que houbo dende a Segunda Guerra Mundial, e que, polo tanto, precisa dunha atención unida e dunha atención especializada por parte da Unión Europea. Se cabe, temos que contribuír a que sexa a Unión Europea, precisamente, o que foi nos seus inicios, na súa orixe, que é máis unión pero tamén, se cabe, máis humanitaria, que é como naceu esta Unión Europea. E, sobre todo, máis alá de falar das necesidades que poidan precisar as persoas que neste momento

están neste éxodo, tamén deberíamos falar de como atallar este problema dende a súa orixe.

Pero, como dicía vostede, Galicia non pode ser, nin é, allea a esta situación de emerxencia humana e de emerxencia social, non podemos nin queremos quedar de brazos cruzados ante este drama que viven milleiros e milleiros de persoas que están a fuxir dun conflito bélico. E ante esta situación de emerxencia humanitaria, a Xunta de Galicia ofreceu unha resposta inmediata, unha resposta que fose rápida, seria e sobre todo solidaria para ofrecerlla ao Estado español, e os recursos que dende esta administración garantan unha atención que sexa áxil, pero sobre todo, e o máis importante, unha atención digna ás familias de refuxiados que puideran chegar a España e que, polo tanto, puideran tamén chegar a Galicia. De aí que fomos a primeira comunidade que nos puxemos á disposición do Estado, que é o único que ten competencias para, dun xeito coordinado, ofrecer a mellor resposta.

É importante ter presente que falar de asilo, falar de refuxiados, non é o mesmo que falar de inmigración. A política de asilo é unha política nacional especializada, e, polo tanto, o Goberno central é o único competente para pilotar esa resposta coordinada que debe de dar o país. Aínda así, no Goberno galego levamos semanas traballando arreo para poñer en marcha un plan propio de acollida, anticipándonos ás peticións que estamos seguros de que vai facer o Goberno central.

Non se trata, como sabe vostede moi ben, só de acoller, non estamos falando de ofrecer vivendas, non estamos falando de ofrecer unha axuda económica, que tamén, senón, sobre todo, de continuar co seguinte paso, que é integrar, que é unha faceta tan importante como a do acollemento, posto que estas persoas no momento en que cheguen a España serán españois e galegos de pleno dereito, e terán acceso a todos os dereitos que temos os españois e os galegos.

Nestas dúas semanas fomos dando pasos que considero que son imprescindibles para artellar esta estratexia. Ofrecemos as 300 prazas que hai nas nosas residencias e albergues. Poderíamos ofrecer máis se foran necesarias, e tamén, evidentemente, facer destas instalacións unhas instalacións de tránsito, dun xeito temporal, tal e como aconsellan nas ONG que traballan con refuxiados, para intentar integralos na nosa sociedade da maneira máis rápida.

E por iso tamén plantexamos un programa de voluntariado que acompañe nese momento de acollida; sobre todo para eliminar as barreiras do idioma e as barreiras que poida haber sociais.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, señorías.

Conselleira, debemos felicitarnos como sociedade os galegos, xa que, ante a situación de emerxencia de dimensións incalculables, non podíamos quedar de brazos cruzados nin impasibles ante as consecuencias dramáticas do conflito bélico que dura xa catro anos, e fomos a primeira comunidade en ofrecernos ao Goberno central para axudar nesta crise.

Como ben di vostede, non se trata só de acoller e proporcionar os servizos máis básicos, senón tamén de integrar, de aí, precisamente, a complexidade desta crise. E non podemos desprezar ningunha axuda.

Destaca vostede a colaboración, a planificación e a unificación de esforzos. Houbo moitas ofertas e é necesario artellar unha estratexia que recolla as achegas de todos os implicados, como está vostede a facer. Sumar esforzos entre todos, o da Administración autonómica, o da Federación Galega de Municipios e Provincias, o das organizacións non gobernamentais, o das familias, e tamén, por suposto, o dos voluntarios.

¿Pode, señora conselleira, concretar que tipo de recursos van estar incluídos nese plan? ¿Pode tamén, conselleira, dicirnos en que fases se vai dividir ese plan? E, por favor, ¿pode tamén dicirnos cando imos ter un primeiro coñecemento dos recursos que van integrar ese plan?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Trenor.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): A situación que se está a vivir, por desgraza, non é unha situación puntual. Non é unha situación que vaia acompañarnos un mes, nin sequera un ano. É unha situación que vai estar con nós durante os próximos anos, polo tanto, as respostas dos gobernos responsables teñen que ser non só para agora mesmo, senón, evidentemente, hai que garantir esta resposta nos anos vindeiros. Por iso, dentro da Comunidade Autónoma, entendiamos necesario pilotar, dende o Goberno da Xunta de Galicia, un equipo de traballo que nace con vocación de permanencia –é dicir, non só para hoxe, senón para os próximos anos–, onde participan distintos departamentos da Xunta de Galicia como sanidade, educación e benestar, infraestruturas, cooperación e, evidentemente, tamén a Fegamp e as ONG, precisamente para artellar esa estratexia que dea resposta áxil de todos os recursos, programas e apoios que dende a Comunidade Autónoma podemos facerlle chegar á Administración do Estado.

Quero facer recoñecemento do traballo conxunto, quero facer chegar o agradecemento tamén ás distintas institucións que, aínda non estando neste grupo de traballo, como o Colexio de Psicólogos, o Colexio de Odontólogos, mesmo tamén o Colexio de Avogados, ofreceron a súa colaboración. E mesmo tamén quero facer o máximo recoñecemento á solidariedade das familias galegas, que fixeron chegar distintos recursos e ofrecementos, a través das súas capacidades e a través tamén, evidentemente, dos concellos.

A suma dos nosos esforzos, a suma de todos os esforzos, serenamente e coordinadamente, pilotados por quen os ten que pilotar, é o único que pode garantir realmente esa solución rápida, áxil e digna que precisa esta crise humanitaria. Por iso esta resposta que dende o Goberno da Xunta de Galicia pedimos aos concellos e pedimos tamén ás ONG.

O día de hoxe tiñan de prazo para presentarnos eses recursos. Xa se están recibindo comunicacións dende a Fegamp de todos o recursos que os concellos están a poñer á disposición, Aínda non rematou o día, polo tanto, non quero falar de cifras exactas porque aínda están a chegar as comunicacións por parte da Fegamp de todos os recursos que están a poñer á disposición desta coordinación. Evidentemente, tamén as ONG están a poñer enriba da mesa as súas capacidades para –insisto– dar esa folla de acollida e, despois desa folla de acollida, dar esa folla de integra-

ción que deberemos de prestar dende esta Comunidade Autónoma.

Teño a intención de comparecer neste Parlamento para dar boa conta de todos os pasos dados, non só dentro de Galicia, senón mesmo tamén en conxunto co Estado, posto que fomos invitados a participar na xuntanza no Ministerio de Traballo para tentar, precisamente, coordinar estas actuacións. Daremos cumprida conta de todos os pasos que esteamos dando como Comunidade Autónoma, pero vaia por diante o meu maior agradecemento a todos os concellos, a todas as entidades, a todas as ONG e tamén a todas as familias que puxeron a disposición os seus recursos e capacidades para atender este drama humano que está asolando a Unión Europea e que, evidentemente, precisa de todos nós a solidariedade.

Estou convencida de que...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...este esforzo conxunto e coordinado...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...dará o resultado que todos esperamos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre a oferta formativa no Centro Integrado de Formación Profesional Portovello, de Ourense

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señora Iglesias, para formular a súa pregunta.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta. Boa tarde.

Boa tarde, conselleiro.

A orde do 11 de xuño do 2015, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, reduce a oferta

educativa do Centro Portovello de Ourense, eliminando a oferta presencial de persoas adultas no Ciclo Superior de Educación Infantil e no Ciclo Medio de Atención ás Persoas en Situación de Dependencia. Tamén se reduce a oferta no Ciclo de Administración e Finanzas. O Ciclo Superior de Educación Infantil atopábase totalmente consolidado, e en vías de consolidación o Ciclo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia. Os estudos mencionados manteñen unha ampla taxa de matrícula e acadan un alto índice de empregabilidade. Máis do 90 % das alumnas matriculadas en cursos anteriores hoxe traballan, actualmente traballan.

Ourense será a única das provincias galegas que non disporá dunha oferta completa das tres modalidades de FP: ordinaria, persoas adultas presencial e persoas adultas a distancia. Unha vez máis, señor conselleiro, a provincia de Ourense é relegada e discriminada polo Goberno, nun modelo de país cun grave desequilibrio territorial.

Agora o alumnado adulto interesado nestes estudos só poderá formalizar a matrícula na modalidade a distancia. Isto dificulta a continuación ou remate dos ciclos, o que implica a perda de oportunidades de traballo nunha provincia con grandes necesidades sociais e sanitarias, das máis envellecidas do Estado e con poucas oportunidades laborais dentro do país.

Polo anteriormente exposto, fágolle a seguinte pregunta: ¿Que razóns xustifican a redución da oferta educativa no Ciclo Superior de Educación Infantil e no Ciclo Medio de Atención ás Persoas en Situación de Dependencia no Centro Portovello de Ourense?

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Iglesias.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Boas tardes, señora presidenta.

Señora deputada, permítame facerlle unha reflexión inicial. Vostede fala de redución, vostede fala de recorte, vos-

tede fala de menor oferta para Ourense, e eu creo que o seu plantexamento é absolutamente falso. É xustamente ao revés, eu diría que é xusto ao contrario, e voulo explicar.

Houbo, iso si, unha reorganización da oferta académica neste instituto neste ciclo. E houbo unha reorganización consensuada, tanto cos equipos directivos do centro como cos servizos de inspección. E nesa reorganización o resultado da mesma é que hai máis oferta educativa para a cidade e para Ourense. Hai máis de 55 prazas públicas, hai máis ciclos formativos para a cidade e para a provincia e hai unha maior diversificación da oferta.

E vou dar unha explicación mínima porque vexo que ao mellor algúns deputados non coñecen o tema de fondo. É dicir, vostede fala de dous ciclos, o Ciclo Superior de Educación Infantil e o Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, que teñen unha oferta educativa de mañá e tarde. Pois ben, nesa reorganización o que se plantexou foi que ambos ciclos, o Superior de Educación Infantil e o Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, fosen só pola mañá, e á tarde se fíxesen outros ciclos e se plantexase para compensar unha oferta a distancia ou semipresencial. E en compensación, ou grazas a isto, o que fixo o centro foi incrementar dous ciclos novos, dous ciclos que non había nin na cidade nin na provincia; un é o Ciclo Superior de Animación Sociocultural e Turismo e outro o Ciclo Superior de Comercio Internacional. É dicir, increméntase e diversifícase a oferta educativa. E, por certo, os alumnos que cursaban estes ciclos pola tarde non tiveron ningún tipo de problema; moitos deles pasaron para a mañá e outros están facéndoo no réxime a distancia. Co cal, o resumo desta reforma, desta reestruturación, foi: máis prazas educativas, máis ciclos formativos, maior oferta e maior diversificación da oferta en ciclos, tanto de ciclo medio como de ciclo superior. Co cal, realmente, non entendemos moi ben a alarma que se xerou no seu momento e tampouco entendemos moi ben como se é capaz de intentar trasladar á cidadanía, algo que é positivo para o sistema educativo, como algo negativo.

Repito, máis prazas públicas, 55 máis; máis ciclos formativos, ciclos diversificados e un incremento da oferta educativa na cidade de Ourense. E por encima, o segundo curso de formación profesional básica, co cal, realmente, estamos a falar dunha mellora substancial para o sistema, e lamenta-

mos que vostedes, de algo que é positivo, intenten trasladar unha imaxe de que é negativo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica da señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, ¿a quen quere enganar? O colectivo do profesorado e o equipo directivo están en contra desta medida. É máis, foron falar co alcalde, o anterior conselleiro de Cultura, e este ofertoulles trasladar á Xunta o problema, cando a función dun alcalde digo eu que non é trasladar, para iso están outras vías administrativas.

Ademais, señor conselleiro, dá exactamente igual que a oferta en réxime a distancia sexa maior que a presencial, que se diversifique a oferta e se incrementen as prazas; iso dá igual. Esta nova oferta de cursos a distancia, no ciclo de atención á dependencia e no superior de animación sociocultural, faise a conta da eliminación dos outros estudos. Ou sexa, que iso de que mellora é mentira. Ademais os que se suprimen, señor conselleiro, están ofertándoos nun centro privado, un centro privado que ademais non está concertado.

Ademais, señor conselleiro, vostede si que non está enterado, porque un importante número de afectadas que se tiñan incorporado aos estudos pola vía eliminada quedan en situación de desamparo; non poden acudir polas mañás dadas as súas circunstancias persoais, son maiores e veñen do medio rural moitas delas, e cústalles. Ou sexa, tiñan un horario que era moi adecuado para esta situación. E ademais é un alumnado que carece de competencias dixitais e recursos propios para seguir un curso a distancia.

Vostedes pretenden aplicar ese principio do que tanto presumen, de facer máis con menos, e o resultado tradúcese neste tipo de accións políticas. Porque xa lle repito, o custo dos novos cursos será cero a nivel de profesorado. ¿Por que? Porque o profesorado que impartía nestes outros cursos que vostedes eliminan...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Iglesias.

Moitas grazas. (*A señora Iglesias Sueiro pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Iglesias, moitas grazas.

Ten a palabra para a réplica o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señora deputada, vostede entenderá que eu non quero nin podo enganar a ninguén, nin quero nin podo. Cando falo de que hai máis oferta educativa aí non estou enganando, hai máis de 55 prazas públicas novas; cando falo de que hai maior oferta e maior diversificación, estou falando de que hai dous ciclos superiores novos, un de comercio internacional e un de turismo e animación sociocultural que non había nin na cidade nin en Ourense. E cando estou falando de que a oferta se mantén, estou falando de que había oferta de mañá e tarde, trasladouse á mañá, e agora gran parte dos alumnos da tarde se recolocaron na mañá e outra parte faino a distancia. Iso non é enganar a ninguén, señora deputada.

Eu creo que se xerou un revuelo en torno a este tema que realmente non ten moito recibo. Vostede cítanos ao señor alcalde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede entende perfectamente que cada administración ten as súas competencias. A competencia da Xunta de Galicia é organizar e planificar a oferta académica, neste caso para mellor, porque se mellorou notablemente a oferta académica. Vostede entenderá que neste caso o que se plantexa é unha solución que foi falada e que foi consensuada cos equipos directivos e cos servizos de inspección sen ningún tipo de problema. Eu rógole, señora, que se informe ben, porque se non está dalgún xeito enganando vostede ou intentando enganar vostede á cidadanía.

Eu creo que os datos que plantexamos son datos absolutamente obxectivos: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) máis oferta, máis diversificación da oferta e enriquecer tamén a formación profesional básica. Eu creo que eses son datos absolutamente obxectivos. E realmente o que non entendemos moi ben é por que hai ou por que houbo ese afán de intentar converter algo que é positivo para os estu-

dantes, para a cidade de Ourense e para a provincia de Ourense, con dous ciclos superiores que antes non había e que agora os hai, sen perder en ningún momento a oferta preexistente, dando cabida tamén ao segundo ciclo de formación profesional básica e incrementando os graos normais en algo negativo. Realmente nós non o entendemos, máis alá do intento de xerar un alarmismo sen maior fundamento.

En todo caso, como xa lle dixen, creo que a cidade de Ourense e a súa provincia, con esta reforma e con esta reorganización interna, mellorou notablemente a súa oferta educativa, e pensamos que neste caso hai datos obxectivos: máis prazas, máis ciclos, dous ciclos superiores novos e unha maior diversificación da oferta, que, no seu conxunto, é boa para a cidade e é boa para a provincia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto da denuncia en relación coa discriminación polo uso da lingua galega dunha usuaria do campamento de verán organizado polo Centro Hípico Casas Novas, de Arteixo

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Pontón para formular a súa pregunta.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

“Te explicas tan mal que no te entiendo. Es que a ti no te entiendo como hablas. Si yo te hablo en castellano, tu obligación es hablarme en castellano. Aquí todos hablamos castellano y tú tienes que hablar castellano”.

Conselleiro, estas son algunhas das frases que tivo que soportar unha nena de 10 anos nun campamento hípico organizado nun centro que é o Centro Hípico Casas Novas de Arteixo. Son unha mostra, señorías, do maltrato ao que se someteu a unha menor por utilizar a nosa lingua.

Na denuncia que formulou a nai desta menor explica que esta nena viviu durante unha semana esta situación, que lle

causou un gran dano psicolóxico, que se sentiu continuamente desprezada e humillada. Nunha entrevista pública que estou certa que vostede leu, a nai conta: “O primeiro día viña encantada polo moito que lle gustaba o tema dos cabalos. É moi extravertida. Mais o segundo día xa viña de capa caída. Tiña pagadas dúas semanas e accedín a non continuar co curso”.

Cónstanos tamén, señor conselleiro, que a nai da rapaza lle trasladou o problema que lle estaban creando á súa filla aos responsables deste centro, e que a resposta que tiveron por parte de quen dirixe esta institución é: *No le des importancia. Tienes que entender que aquí no todos hablan gallego. Será porque no la entienden.*

Considero tamén importante aclarar, porque así mo fixo chegar esta nai cando falei con ela, que en ningún momento nin tan sequera lle pediu –como podería facer– que lle falaran en galego á súa filla, simplemente lles pedía que deixaran de discriminar e de maltratar á súa filla por utilizar a lingua galega.

Nós sabemos que indirectamente o centro reconece o problema, aínda que non queira facelo de maneira oficial, e que, en todo caso, o que intentou é meter debaixo da alfombra esta discriminación, tapar este problema. Mais, afortunadamente, hai moitas persoas valentes que están dispostas a denunciar humillacións e que non están dispostas a acatar con resignación a discriminación que sofre a lingua galega.

A nós, desde logo, parécenos que ese é un xesto importante porque acaba co silencio desa discriminación que existe e que moitas persoas aceptan dunha maneira submisa e calada. Hai denuncias ante o Valedor, ante a Xunta, ante Consumo, mais, señor conselleiro, nós hoxe o que queremos saber é, ante feitos tan graves, onde se humilla a unha menor por falar en galego, que van facer vostedes. E sobre todo, señor conselleiro, que van facer para que nunca máis ningunha persoa, ningunha nena nin neno deste país, teña que sentirse... *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora deputada, a nosa responsabilidade política, e tamén lle digo, a nosa responsabilidade persoal, é que ningunha persoa en Galicia sufra maltrato de ningún tipo, por falar en galego ou por falar en castelán. Que non sufra ningún tipo de maltrato nin discriminación. E tamén nos gustaría –e tamén lle digo– que isto fose igual en todas as comunidades autónomas onde existen linguas cooficiais, tamén nos gustaría. E nalgún caso temos visto a través dos medios que se chega incluso a facer escrache por pedir ter a educación nunha das dúas linguas oficiais que hai nalgunha comunidade autónoma. Eu creo que esa é a nosa responsabilidade política e persoal, e estou seguro de que vostede tamén a comparte, que ninguén se sinta nunca discriminado nin ninguneado por elixir falar unha lingua ou outra en total liberdade.

Dito isto, vostede trae aquí a debate unha cuestión, unha queixa, que safu nos medios de comunicación este verán. É certo que houbo unha denuncia, que foi trasladada neste caso a través da Mesa pola Normalización Lingüística. A Secretaría Xeral de Política Lingüística recibiu esta denuncia tamén, ou esta queixa, o 27 de xullo, acaecido este suceso durante un campamento de verán para nenos que hai no Centro Hípico de Casas Novas, de Arteixo. Este departamento, creo que dun xeito moi dilixente, ao día seguinte, o 28 de xullo, envía un escrito aos organizadores de devandito campamento. Obviamente lle solicitan información detallada acerca dos feitos denunciados; lémbrralle a lexislación que existe en materia lingüística, especialmente, particularmente, no tocante a non discriminación por razón de lingua; e ofrécelle, por suposto, toda a colaboración da Administración autonómica na tarefa de normalizar a lingua galega, facilitándolle a este centro hípico todo tipo de recursos e ferramentas para completar este traballo de normalización.

Ademais, obviamente, tamén neste escrito a Secretaría Xeral dille e advírtelle que, de ser certas estas denuncias, sería unha vulneración dos dereitos lingüísticos que, obviamente, está agravada por tratarse dunha menor, dunha nena de 10 anos. E tamén se lle di que, de confirmarse o sucedido, se solicita que o centro faga as accións oportunas para rectificar esta situación.

O centro hípico tamén nos respondeu, supoño que vostede tamén terá a resposta a través da Mesa. E ben, esta resposta chega o 25 de agosto. O centro nega que existise unha vulneración dos dereitos lingüísticos de ningún dos seus usuarios, e –insisto– nós entendemos, non sei se coñece vostede a resposta, pero o que si lle podo dicir –e leo textualmente– é que é unha interpretación errónea dos feitos e que en ningún caso supuxeron unha discriminación ou menosprezo a ningunha persoa.

En todo caso, por parte do centro houbo maior disposición ao diálogo coas persoas afectadas, e tamén...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...en certa medida, nós...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. *(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor conselleiro, eu teño aquí na miña man Normas institucionais de Galiza, estas que vostedes din que respectan. E nestas normas, o Estatuto de autonomía, di no artigo 5: “Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua. Os idiomas galego e castelán son oficiais. Os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego”.

Temos unha Lei de normalización lingüística que di: “Os poderes públicos de Galiza adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua”.

E se me atende, señor conselleiro... Pediría que este tempo...

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón, continúe coa súa pregunta. O conselleiro estalle atendendo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señora presidenta, é que a min me parece unha falta de respecto moi grande que

cando estamos respostando nun debate... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Paréceme moi ben, pero como isto vostedes o queren converter nun absoluto paripé, permítame que eu non acepte que un conselleiro non atenda cando estamos falando dun tema tan grave. Porque lle estou dicindo que hai unha lexislación, señor conselleiro, que os obriga a actuar. Hai unha lei que aprobou o seu partido, que di de apoio á familia e convivencia de Galiza, que no seu artigo 42 fala dos dereitos de especial protección da infancia e da adolescencia, establecendo na letra k) o dereito a se expresaren na súa lingua propia, de orixe ou de libre elección, e a non seren discriminados por razón dela.

Da súa resposta o que se desprende é que, ante unha vulneración de dereitos fundamentais, a súa consellería o único que fai é escribir unha carta na que acepta a versión do centro hípico. ¿Alertaron á conselleira de Asuntos Sociais porque se están vulnerando os dereitos fundamentais dunha menor? ¿Abriron unha investigación en serio? ¿Falaron coa familia? ¿Responderon á demanda que presentou a familia ante o Instituto Galego de Consumo, porque tamén hai unha vulneración dos seus dereitos como consumidora? ¿Cantas leis máis quere que lle diga e que lle cite que vostedes vulneran e ignoran?

Nós o que lle pedimos non é que nos veña aquí falar de Cataluña nin de ningún outro lugar, senón que veña aquí a defender...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Pontón, rematou o seu tempo. ¡Señora Pontón! (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Señora Pontón, señora Pontón. (*Murmurios.*) ¡Señora Pontón, ten unha chamada á orde! Rematou o seu tempo. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Señora Pontón... Señora Pontón, ¿quere unha segunda chamada á orde? (*Aplausos.*)

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Pontón, eu son galegofalante de toda a miña vida, de toda a miña vida, e estou seguro de que unha gran maioría destes deputados do Partido Popular (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) son galegofalantes e teñen o galego...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...como a súa lingua materna. Eu creo que vostedes cren que aquí hai galegos de primeira e de segunda, dende o seu punto de vista. (*Murmurios.*) Vostedes son de primeira, e ao resto téñennos... Temos que pedir perdón ou por ser do Partido Popular ou por falar en galego. (*Aplausos.*) Porque realmente, realmente... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

Perdón, señor Jorquera, creo que vostede non está intervirndo nesta pregunta. Se quere vostede intervir... (*O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Jorquera, está intervirndo o conselleiro. Respete o turno do conselleiro. (*Murmurios.*)

Señor conselleiro, continúe.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Eu o mesmo respecto que me solicitaba a portavoz do Bloque Nacionalista tamén llelo pido a vostedes cando estea falando un membro do Goberno, que non interrompan. Tamén lles pido o mesmo respecto. (*Aplausos.*) Creo que tampouco é moi difícil, creo que tampouco é moi difícil. En todo caso, tamén nos alegramos, señora Pontón, de que vostede recorra ao Estatuto de autonomía. O Partido Popular coñece moi ben porque o votou a favor. Este partido coñece moi ben o Estatuto de autonomía porque o votou a favor, e outros non poden dicir o mesmo, aínda que agora recorran a el. (*Murmurios.*) En todo caso, nós estamos falando dunha adminis-

tración, e unha administración non debe ser xuíz e parte, non debe ser xuíz e parte.

Eu creo que á señora Pontón na primeira intervención lle demos unha resposta técnica e rigorosa. E houbo unha resposta bastante áxil na acción administrativa. Agora, se vostede dá como verídica unha parte e non dá a outra, obviamente nós non somos xuíces para ter que investigar. Co cal, realmente, señora Pontón, eu aí creo que vostede está dando a razón a unha parte e non á outra.

Nós abrimos un expediente, o que se debe abrir, o correspondente expediente administrativo. Atendemos a queixa presentada. Solicitamos e recibimos información e entendemos que a situación foi aclarada polas propias partes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Que é o que temos que facer nós? Nós o que temos que facer, como lle dixen ao principio, é velar por que ningunha persoa sexa discriminada ou sufra vulneración por usar unha lingua ou outra. E tamén entendemos que a defensa da lingua propia, que obviamente cada un ten a súa forma de facer, e cada un comparte unha forma diferente de facelo, debe facerse a través de accións en positivo. De nada vale, entendemos que de nada vale... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...xerar un debate político-social en negativo... *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Jorquera.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que, máis que beneficiar, prexudica ao galego.

Por suposto, esta rapaza, como calquera outra persoa que se vexa vulnerada nos seus dereitos por estas cuestións, o que ten que facer é defender os seus dereitos. Agora, hai os marcos legais establecidos, hai os marcos legais establecidos, e non debemos dar veracidade a unha cuestión ou a outra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

E eu sempre digo, señora Pontón, sempre digo...

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que é hora de que empeceamos a falar en positivo do galego, se queremos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...traballar no que nos une e non no que nos separa.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte do Goberno galego dos avances producidos nos dous últimos anos no eido da protección dos Camiños de Santiago

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Baamonde, para formular a súa pregunta.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, vamos ver se recuperamos a tranquilidade parlamentaria falando do Camiño.

Señor conselleiro, sabido é que dende o momento que no lugar chamado Campus Stellae se descubriu o sarteiro que contiña os restos do Apóstolo Santiago, *(Murmurios.)* alomenos conforme a versión que deses feitos dá a tradición cristiá, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o certo é que o tránsito constante e progresivo de peregrinos converteu a Compostela, xunto con Roma *(Murmurios.)* e Xerusalén, nunha das cidades esenciais da cristiandade. E ao mesmo tempo, cumprindo o dito nos versos do poeta de que *se hace camino al andar*, converteu tamén o Camiño de Santiago nun fenómeno de transcendencia universal.

Non é a nosa intención, loxicamente, falar da transcendencia do Camiño, pero si aproveitar esa transcendencia

para incidir na cuestión absolutamente necesaria da seguridade da ruta nos eidos da conservación, da seguridade, das infraestruturas, etc.

Por iso, e tendo en conta por un lado que o Camiño de Santiago, por riba de todas as cousas, constitúe un patrimonio cultural de valor inmenso e incalculable; tendo en conta, por outra parte, que a Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago, identifica como tales o Camiño Francés, o Portugués, a Ruta da Prata, os do Norte, na dobre acepción da Costa e Primitivo, os de Fisterra e a ruta do mar de Arousa e Ulla, e que inclúe tamén todas as rutas históricas documentalmente acreditadas, ao abeiro do que se ten feito a solicitude mesmamente nesta cámara do recoñecemento do chamado “Camiño de Inverno”, a nosa preocupación vai dirixida a incidir pola protección dese valor patrimonial que representa o Camiño.

E, polo tanto, a pregunta que lle facemos vai dirixida, señor conselleiro, a coñecer cal é a valoración que fai o Goberno da Xunta de Galicia ao respecto do recoñecemento da conservación das rutas que compoñen o Camiño de Santiago.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor deputado, todos os galegos queremos o Camiño, para todos é un símbolo de identidade e un recurso patrimonial e cultural de primeira orde, e forma parte da nosa historia e da nosa tradición.

Na longa historia que ten o Camiño, na secular historia que ten o noso Camiño, no período contemporáneo hai un fíto singular, hai unha data singular, que marca un punto de inflexión respecto do Camiño, que é o ano 1993. Neste ano, no ano 93, o Goberno daquel entón presidido polo señor Fraga plantexa unha estratexia integral de promoción, de

posta en valor, de difusión para o gran público, do que é o Camiño de Santiago. A partir de aí hai un cambio substancial, moi substancial, de todo o que ten que ver co Camiño, hai unha espiral de crecemento, de consolidación, de divulgación dos valores e da potencialidade do Camiño. E a Xunta de Galicia sempre tivo o Camiño como unha referencia na súa acción política, tanto no eido xurídico como noutros eidos.

No eido xurídico foi no ano 96 un goberno neste caso do Partido Popular quen puxo en marcha a Lei de protección dos camiños. Actualmente tamén está reformando a Lei de patrimonio para ter unha nova lei de patrimonio onde os camiños de Santiago obviamente teñen un lugar preferente, como non pode ser doutro xeito para un ben sobranceiro para Galicia como é o Camiño de Santiago.

Tamén se profundou moito nos instrumentos de xestión. O actual goberno plantexou as delimitacións e aprobou as delimitacións dos diferentes camiños, cuestións que teñen unha gran transcendencia porque fixan a veracidade histórica do trazado do Camiño e tamén ten consecuencias urbanísticas sobre o uso do Camiño. No ano 2011, o Camiño Francés, no ano 12 o Camiño Primitivo, todos os camiños da cidade de Compostela no ano 13, o Camiño Inglés no 14, o Camiño do Norte, pola costa, no 14 tamén. E actualmente estase traballando no que é a delimitación dos camiños portugueses nas súas variantes, no que tamén, cos avances que temos feito a nivel de estudos técnicos, contamos, a finais de outubro ou principios de novembro, comezar xa a reunión cos concellos para incoar o expediente de delimitación do Camiño Portugués nas súas diferentes variantes. E tamén temos planificado para o ano seguinte plantexar e abrir os estudos para a delimitación da Ruta da Prata, ou o Camiño Mozárabe, e tamén do Camiño de Fisterra.

Ademais, este traballo ten un recoñecemento, tivo un recoñecemento. É o caso das clasificacións da Unesco, tanto para o Camiño Francés no seu momento, que supuxo un antes e un despois do Camiño como patrimonio da humanidade, como moi recentemente para o Camiño do Norte nas súas dúas variantes, na da costa, que entra por Ribadeo, e no primitivo e interior, que entra pola Fonsagrada, que atinxe a 24 concellos que recibiron hai moi poucos meses tamén o recoñecemento da Unesco, o máis alto recoñecemento por parte da Unesco, como patrimonio da humanidade. Obvia-

mente, este recoñecemento non é casual, non hai unha casualidade, hai detrás moito traballo de moitas persoas, institucións, de moitos anos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...hai un bo traballo técnico e por suposto tamén hai un gran...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas conselleiro.

(Aplausos.)

Réplica do señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

Do que vostede acaba de dicir, subliñaría eu especialmente dúas circunstancias: unha de ledicia e agrado, que é o recoñecemento internacional cara aos camiños, singularmente o recoñecemento feito pola Unesco como patrimonio mundial ao respecto dos camiños Norte e Primitivo; e outro aspecto que subliñaría, pola transcendencia que representa, é a referencia que vostede fixo á futura lei de patrimonio cultural como oportunidade para potenciar e dinamizar os camiños de Santiago. Cremos que, efectivamente, esta última posibilidade abre unha importante expectativa, tratándose dunha lei que pronto estará en sede parlamentaria. O que nos interesaría sería coñecer, se é posible, máis polo miúdo de qué maneira se vai artellar ou de qué maneira se pode artellar a través desa lei de patrimonio cultural a protección dos camiños de Santiago.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Baamonde.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Grazas, señor deputado.

Creo que compartimos todos que a Galicia contemporánea non se entende sen o Camiño, os camiños de Galicia, os camiños de Santiago. É unha parte substancial de Galicia, e Galicia pois é o Camiño. E a verdade que se ten feito moito dende o ano 93 para aquí. ¿Que era o Camiño antes do 93 e que é hoxe o Camiño? Creo que o Camiño transcende do carácter espiritual, que é a orixe do propio Camiño, e adopta un potencial enorme dende o punto de vista económico e sobre todo unha transcendencia significativa para os territorios por onde transcorre. Estamos falando fundamentalmente de concellos rurais, onde o camiño pois é un potencial económico, é unha oportunidade económica moi singular. E creo que por iso temos que seguir traballando na protección do Camiño. Aínda que se fixo moito, queda tamén moito por facer, queda moitísimo por facer. E temos en marcha un instrumento xurídico, neste caso a nova lei de patrimonio, que ten como obxectivo, como un dos fundamentos básicos, pois potenciar a protección, potenciar a conservación, potenciar a sensibilización e tamén potenciar a posta en valor do Camiño como un elemento estruturante da Galicia contemporánea, como un valor en si mesmo e cunha transcendencia moi importante máis alá mesmo do ámbito cultural e patrimonial, tamén no ámbito social e no ámbito económico.

Estamos traballando para que neste período de sesións que se abre agora poida entrar no Parlamento, se poida depositar no Parlamento, pois o texto para que os diferentes grupos políticos tamén poidan contribuír cos seus aportes positivos a mellorar unha lei. E nese sentido tamén abrimos e facemos unha chamada aos grupos para que adopten unha visión proactiva e positiva sobre a nova lei de patrimonio que, como xa dixemos, ten como obxectivos fundamentais protexer o Camiño.

Obviamente, o recoñecemento do Camiño e o esforzo que facemos os galegos para mellorar e potenciar o Camiño non é cuestión única e exclusiva da Administración autonómica, dicíao antes. O Camiño Norte, sen ir máis lonxe, é o resultado do traballo de moitas persoas privadas, de moitos estudosos, de moitas institucións, de moitas organizacións, de moitos técnicos que tamén estiveron traballando sobre o mesmo, tamén da acción da Administración autonómica, que nos últimos anos pois fixo un investimento na mellora importante destes camiños. Dende o ano 2009 investíronse máis de 12 millóns de euros en mellorar o que é a traza dos camiños do norte. E tamén contamos con instrumentos

importantes que están traballando e potenciando o Camiño de Santiago; sen ir máis lonxe, por exemplo, o Comité Aesor do Camiño de Santiago.

Creo que nese sentido todo o que se faga e todo o que estamos a facer dende a Administración e dende o conxunto da sociedade para mellorar o Camiño, para potenciar o Camiño e para pór o Camiño como un eixo estrutural e vertebral da nosa Galicia pois é pouco, porque volvendo, digamos, a unha frase clásica que se di habitualmente, non só Galicia senón que tamén Europa se construíu, en parte, grazas ao Camiño.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Beatriz Sestayo Doce e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración pola Xunta de Galicia dos riscos que en materia de saúde pública puido ter para a poboación de Ferrol e os concellos de Ares, Mugardos, Narón e Fene a subministración de auga potable

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Sestayo para formular a súa pregunta.

A señora SESTAYO DOCE: Grazas, señora presidenta.

Ben, hoxe traemos aquí unha das crises que se ten producido na auga en Ferrol e que afecta á responsabilidade da Xunta de Galicia, a numerosas consellerías, entre elas a de Sanidade, que supoño que será quen me vai contestar.

O día 16 de xullo, efectivamente, entraba en Ferrol unha chamada telefónica xunto con fax a través da delegada territorial que informa sobre a necesidade de restrinxir o consumo da auga potable en Ferrol xa que existe unha alerta de alta presenza de trihalometanos na auga potable que obriga a suspender, como digo, o seu consumo.

A delegada territorial –isto é o día 16, xoves– despídese dicindo que xa falarán do tema o luns. Polo tanto, catro días que ían transcourir sen auga potable despois de dar a noticia que afectaba a auga potable en cinco municipios da provincia, por tanto, ámbito supramunicipal no que respecta, ade-

mais, á competencia normativa. E a Consellería de Sanidade, neste caso con competencia en materia de saúde pública, ademais das que lle outorga a Lei de augas de Galicia, réxime local así como o Estatuto de autonomía, se inhibía de calquera tipo de competencia.

Durante todos os días da crise, a Consellería de Sanidade estivo ausente. Constituíuse un gabinete de crise o primeiro día á hora inmediata de coñecerse a existencia de trihalometanos, a presenza de alto nivel de trihalometanos, e pediuse á Consellería de Sanidade e á Xunta de Galicia que tivera presenza nese comité de crise. A resposta por parte da Xunta de Galicia foi que non era necesario, que non era urxente e que non estaría.

Efectivamente, ese mesmo día constitúese un gabinete de crise con presenza de todos os concellos afectados da ría, con presenza de técnicos das empresas que xestionan a auga, pero non da Consellería de Sanidade, que non fai acto de aparición ata o domingo 19 en que vén exclusivamente a insultar, iso si, a membros do Goberno, algo que fai tamén diante dos medios de comunicación, do que existe constancia.

Mentres tanto, o conselleiro Rueda afirmaba que non existía ningún risco para a poboación; polo tanto, pois non era necesario que actuara a Xunta de Galicia. E non existía ningún risco para a poboación a pesar das palabras do ilustre portavoz do Partido Popular de Galicia que nun twitter –que ao señor Santalices lle preocupa tanto– alertaba que o Goberno de Ferrol estaba envelenando a poboación de Ferrol. Isto dicíao o portavoz e está a constancia en captura de pantalla e publicación...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayo. Moitas grazas.

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Sestayo, rematou o seu tempo. Non se está a gravar a pregunta, señora Sestayo.

(Aplausos.)

Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señora Sestayo.

Pregunta vostede pola existencia de risco para a saúde da poboación de Ferrol e dos outros municipios afectados. A verdade creo que xa lla explicou claramente a directora xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública o venres pasado, pero simplemente quero dicirlle que, no caso que nos ocupa, a orixe ou causa do problema parece estar na existencia de material orgánico máis aló do habitual na auga que alimenta a planta potabilizadora procedente do embalse das Forcadas. Isto obrigou a usar máis cloro para a súa potabilización, o que conlevou o aumento dos trihalometanos.

En resposta á preocupación dos posibles efectos adversos destes produtos, dos trihalometanos, todos están regulados normativamente, e están clasificados como posibles canceríxenos pola Axencia Internacional de Busqueda e Resultados do Cancro. O que indica esta clasificación é que existen algunhas probas de que poden causar cancro en humanos, pero de momento están lonxe de ser concluíntes; se non, estarían noutro tipo de clasificacións. Polo tanto, non existe evidencia de que unha exposición curta aos niveis que publican, ao límite establecido normativamente, supoña un risco inmediato para a saúde. Non obstante, a directiva europea, a directiva da Comisión Europea, por un principio de precaución que rexe todos estes ámbitos de protección da saúde, establece que o umbral máximo tolerable é de 100 miligramos por litro, o que obriga a considerar como non apta ou non potable as augas que superan estes límites.

Dito isto, tampouco podó aceptar que a Consellería de Sanidade e os seus técnicos estiveran ausentes. Mire, o día 13 de xuño ás 14.35 a Empresa Mixta de Augas de Ferrol, Emafesa, que é unha empresa mixta co 51 % do Concello de Ferrol e o 49 % da empresa Urbaser, mediante un fax comunica á Consellería, a través da súa xefatura territorial, que hai unha alteración destes límites da auga que se está a consumir nos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Mugar dos, porque os límites están por riba destes 100, en concreto en 185 microgramos por litro. E ademais comunica que dentro de quince días, ao mellor, poñerá en marcha os límites ade-

cuados para volver aos límites de menos de 100, e propón non comunicar nada aos cidadáns.

Evidentemente, a xefa territorial dille que non está de acordo con ningunha das dúas decisións e que é necesario poñer en marcha accións que permitan revertir estes límites e, por suposto, comunicarllelo aos cidadáns. E o día 16 é cando, á vista de que realmente a empresa non está a facer nada, comunica aos alcaldes que teñen que tomar as medidas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Ten a palabra a señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE: Si, señora conselleira.

A verdade é que non me contestou nada. Mire, o certo é que a Consellería de Sanidade non estivo presente –insisto– no gabinete de crise, algo evidente do que existe documentación suficiente –mesmo visual e gráfica–, non estivo presente ata o último día.

O certo é que a Lei de augas de Galicia, a Lei 9/2010, atribúe, primeiro, dentro dos principios de coordinación e cooperación coas administracións públicas implicadas en materia de auga, o dereito de información e transparencia, no artigo 4, a adopción e medidas de protección adicionais e recursos hídricos e ecosistemas; por certo, do que vostede estaba falando, pero vese que nin a planta potabilizadora, nin a EDAR, –do que falaremos fondamente neste Parlamento–, a estación depuradora que non funcionaba, non sabemos se con coñecemento da Xunta ou coa súa pasividade, pero esa é outra cuestión. Bueno, pois tampouco parece que vostedes vixiaban, efectivamente, a alta presenza de materia orgánica.

Pero é que, ademais, tamén o artigo 4 establece a necesidade, por parte da Xunta de Galicia, as competencias de establecer medidas extraordinarias en caso de necesidade para garantir o subministro de auga, señora conselleira. Estamos a falar de 150.000 habitantes que quedaron sen auga potable, e sen prexuízo da barbaridade do portavoz do Partido Popular –ao que xa estamos acostumados– respecto ao envelenamento, o cal demostra, sen dúbida, unha incapacidade para asumir responsabilidades, o certo é que, en todo

caso, vostedes non estiveron presentes dentro da competencia normativa da Xunta de Galicia, señora conselleira.

Así mesmo, dentro da Lei de emerxencias existe a competencia da Xunta de Galicia naquelas xestións de emerxencia que superen os medios de resposta de que dispón cada entidade local.

Así mesmo, tamén son intermediarios respecto a outras administracións, como tivemos que facer dende o Concello, para garantir a asistencia por parte de Defensa...

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayo.

Señora Sestayo, rematou o seu tempo.

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Perdón.

Señora conselleira, ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Mire, señora Sestayo, quen converteu un problema técnico nun problema político foi o alcalde de Ferrol. Eu mesma, nalgunha das conversacións que tiveron con el, comuniqueille que tiña dúas responsabilidades: unha como presidente da empresa xestora de augas e outra como alcalde responsable... *(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Sestayo!

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...da calidade da auga que se subministra. E ofrecinlle a colaboración dos técnicos da Xefatura Territorial por se necesitaba apoio para apoiar as decisións que tivera.

Mire, ao longo deste verán, como case todos os veráns, en moitos concellos da nosa xeografía, da nosa comunidade autónoma, houbo problemas coa auga, e todos os alcaldes cumpriron as súas responsabilidades.

Mire: *“Un vertido deixa Malpica sin agua potable durante 30 horas. El alcalde comunica un fallo de la traída de Malpica” (A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Sestayo!

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Todos os alcaldes se fixeron responsables *(Murmurios.)* e como, realmente, o alcalde de Ferrol, nin como presidente da empresa nin como alcalde, asumiu as súas responsabilidades...

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayo, vouna chamar á orde. *(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Sestayo, está a repostar a conselleira, respecte o turno, por favor. Igual que vostede quere ser escoitada, supoño que a conselleira terá o dereito a explicarse.

Bueno, non vou discutir con vostede, non vou discutir con vostede. Se volve interromper a conselleira chámola á orde.

Ten a palabra, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Mire, o día 17, como –repito– o alcalde de Ferrol non asumiu as súas responsabilidades, nin como presidente da empresa nin como alcalde de Ferrol, o día 17 *(Murmurios.)* a Consellería de Sanidade, cuxa responsabilidade é velar pola seguridade e a saúde da poboación, ten que iniciar ela a realización das analíticas para ter seguridade de que estamos a cumprir e de que realmente non hai un risco real para a poboación.

Ese mesmo día 17 tómanse mostras nos cinco concellos que están afectados polo aumento de trihalometanos, e esa mesma tarde do día 17 comunícanse os resultados –vostede di que estivemos ausentes ata o día 19–; o día 17 tomamos mostras en todos os concellos, o día 18 –sábado pola mañá– volvéronse realizar as tomas analíticas para ver como estaban, pola tarde tivemos os resultados: todos os concellos estaban por debaixo de 100, agás Ferrol, o que se lles comunica novamente aos alcaldes, *(Murmurios.)* como é a nosa

responsabilidade de vixilancia e control... *(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Ten unha segunda chamada á orde, señora Sestayo.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...e, desde logo, cólgase tamén na páxina web da Consellería, como se fai sempre que se fan analíticas que o Concello e a empresa deberían realizar.

E, ao día seguinte –domingo–, tamén se toman as mostras en todos os concellos, precisamente para ratificar se xa seguen sendo negativas, e aquí tamén dan negativas no concello de Ferrol, o cal se lles comunica –unha vez máis– aos alcaldes e cólgase na páxina web.

É dicir, que realmente considero que a Consellería de Sanidade, en todo momento, estivo presente, por suposto, e desde o día 13, que a empresa nos comunica os resultados do día 29 e o [...] do día 6, que non nolo comunicara...

A señora PRESIDENTA: Señor Tellado, ¿para que quere a palabra?

(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Sestayo!

Señor Tellado.

Déanlle voz ao escano do señor Tellado, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Trinta segundos, que son suficientes, simplemente para aclararlle á señora Sestayo...

En primeiro lugar, doulle as grazas por seguir a miña conta de Twitter; en segundo lugar, dígolle que non é o mesmo dicir que envelenaron a auga que que a auga estaba envelenada, e o certo é que, gústelle ou non lle guste, a auga non era potable, a auga era insalubre, e a auga non era apta para o consumo humano...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor tellado, moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e naquel momento os que gobernaban eran vostedes.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O certo é que, nese momento, señora Sestayo, o que lle molesta é que eu lle dixera que o seu...

A señora PRESIDENTA: Señor tellado, xa rematou.

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. Señor Tellado, rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Pregunta de D. José Antonio Sánchez Bugallo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns que xustifican os cambios introducidos na licitación para a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta.

Novamente, boas tardes.

Boas tardes, señora conselleira.

O tema que traemos hoxe aquí vén derivado dunha reunión mantida hai varios meses con diferentes empresarios do sector do transporte urxente sanitario –a petición deles– á que asistimos, en representación do Grupo Parlamentario Socialista, a deputada Carmen Acuña –que hoxe non está aquí presente por razóns de todos coñecidos–, e eu mesmo.

Nesa reunión, estes empresarios manifestáronnos a súa profunda preocupación, indignación e demais, con relación ao que, segundo eles, estaba a ocorrer co concurso para o transporte urxente.

Entendían estes empresarios que había unha manipulación, entendían que o concurso estaba amañado, e entendían que este concurso ía en grave prexuízo dos pequenos empresarios –ou da maioría dos empresarios de Galicia– e en beneficio dalgúns poucos que estaban moito máis informados en colaboración cunha empresa de ámbito estatal.

Bueno, a partir desta reunión, por parte dos dous deputados que asistimos, tal e como era a nosa obrigaón, procedemos a revisar o prego de condicións e a comprobar o que eles nos dixeran con relación ao mesmo.

Puidemos comprobar que, efectivamente, o concurso se convocou o día 26 de novembro cun prazo de presentación de plicas de 15 días –é dicir, do 26 de novembro ao 10 de decembro–; casualmente, coa ponte da Constitución polo medio, con dous domingos, etc.: quedaban exclusivamente 11 días hábiles.

O segundo que comprobamos é que a duración do concurso era por 4 anos prorrogables por dous máis, e o terceiro que comprobamos inmediatamente é que o importe deste concurso era a nada desdeñable cantidade de 121 millóns de euros máis IVE e, se había prórroga, 197 millóns de euros, IVE incluído.

Comprobamos tamén que, efectivamente, se modificaban as características técnicas que se esixían con anterioridade a estes vehículos, e comprobabamos tamén que se introducía un novo cambio que consistía en que os adxudicatarios tiñan que ser posuidores do vehículo, totalmente equipado e carrozado no momento da adxudicación –en contra do que era habitual, que era que os adxudicatarios tiñan un prazo para adquirir o vehículo e carrozalo–.

O certo é que, á volta do mes de agosto, comprobamos que o concurso se resolvera exactamente nos termos que, premonitoriamente, nos anunciaron varios meses antes estes empresarios. A principal empresa adxudicataria é unha empresa denominada Ambuibérica, que é unha empresa con sede social fóra de Galicia, cun rapidísimo crecemento, é dicir no ano...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...dous mil... Bueno, a pregunta sería...

A señora PRESIDENTA: Está por escrito, grazas señor Bugallo.

(Aplausos.)

Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señora presidenta.

Boa tarde outra vez, señorías.

Señor Bugallo, mire, a verdade é que o proceso ao que se refire eu creo que foi absolutamente rigoroso e transparente e, dende logo, falar de graves anomalías é faltar absolutamente á verdade e sen argumentacións.

Mire, que causara un gravísimo prexuízo a moitas pequenas empresas galegas, isto tampouco se axusta á realidade: a inmensa maioría das empresas galegas que están a realizar o servizo a día de hoxe presentáronse a esta licitación; para o seu coñecemento, direille que se presentaron vinte e tres empresas, entre elas, Ambulancias As Burgas, UT Empresa Monforte, Ambulancias Ferrolanas, Ambulancias de Pontevedra, Ambulancias de Quiroga, Ambulancias da Costa da Morte. É dicir, que todas se presentaron e todas foron quen de cumprir os pregos que se pedían.

Por outra parte, dise que nesta licitación, con relación á anterior, se introducen toda unha serie de cambios relativos a cuestións como as características dos vehículos e, moi especialmente, se esixe aos licitadores ser posuidores dos vehículos xa acondicionados no momento da adxudicación.

Bueno, respecto aos cambios, pois, evidentemente, houbo un cambio normativo, o Real Decreto 836 do 2012, do 25 de maio, establece as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación do persoal dos vehículos de transporte sanitario por carreteras; e, á súa vez, o Real Decreto 22 do 2014, de 17 de xaneiro, establece o carácter básico destas características técnicas.

Polo cal, nós tivemos que adaptar a nosa normativa a estas características e a estes reais decretos de ámbito nacional –e, como digo, de obrigado cumprimento–. E, así, o 14

de abril do 2015 publicamos o Decreto 52/2015, coñecido por todos os empresarios das ambulancias e, por suposto, ao que se adaptan os pregos a que vostede fai referencia. É dicir, a normativa obríganos a cambiar os pregos.

Pero mire, na cláusula 8.23 do prego das cláusulas administrativas dise: “Vehículos novos. No caso de ofertar vehículos novos, o adxudicatario disporá dun prazo máximo de 6 meses dende a notificación da adxudicación para a súa renovación.”

É dicir, non se lle obriga a ter, no momento da adxudicación, os vehículos novos, senón que se lle dá un prazo de 6 meses –como acontecía por outra parte no concurso do ano 2007–. É dicir, que tampouco é certo que se lles obrigue a ter este requirimento respecto aos vehículos novos no momento da adxudicación.

E desde logo, pódolle dicir que, en todo caso, estes pregos teñen os informes da asesoría xurídica da Intervención Xeral do Estado –como non pode ser doutra maneira– e, desde logo, cumpren co texto refundido do contrato do sector público, como tampouco non pode ser doutra maneira. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira. Moitas grazas.

Réplica do señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Ben, teño que dicirlle que hai temas que non contestou. 15 días para un concurso: ¿11 días hábiles para un concurso de 197 millóns de euros? ¿É ese un prazo habitual? O prazo normal na Lei de contratos do Estado son 26 días hábiles; aquí son 11. Incluso, para a declaración de urxencia, que se reduce o prazo á metade, son 13 días hábiles; aquí quedan 11 días hábiles.

Eu non vin ningunha motivación de por que hai esa urxencia. Por outra parte, sabe vostede que a urxencia debe ser motivada en feitos sobrevidos, imprevistos e imprevisibles. Isto aquí non se xustifica en ningún lado. Dá a impresión de que isto é un elemento limitador claro da competencia.

Por certo, nos concursos que puidemos comprobar fóra de aquí, o prazo normal son 45 días. Eu non sei por que aquí ese prazo se reduce a 15.

En segundo lugar, hai algo que tamén é importante –que non llo dixen antes–, e é que, a partir do mes de setembro, se nos fai chegar unha serie de documentación que nós tampouco nos podemos responsabilizar da mesma, pero que, aparentemente, plantexa cuestións que poñen en evidencia este concurso; unha delas é un presuposto, formulado por unha empresa o día 18 de outubro de 2014, para carrozar estas ambulancias, e –insístolle na data, 18 de outubro de 2014– o concurso convocouse o 26 de novembro de 2014; é dicir, preséntase o presuposto seis semanas antes de que o concurso sexa convocado.

Segundo dato, que me parece aínda máis sorprendente: dásenos copia dun informe, dun detective privado, no que se nos fala de que determinadas ambulancias foron matriculadas o día 3 de decembro –o concurso convocouse o 26 de novembro–, estaban carrozadas o día 17 de xaneiro, gardadas nun almacén, e a pregunta que nós nos facemos é se é normal...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...que alguén compre ambulancias, as carroce...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. *(O señor Sánchez Bugallo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, señor Bugallo. *(Aplausos.)*

Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Mire, señor Bugallo, a verdade é que descoñezo absolutamente todo o que me está falando. No que si que lle podo insistir é que o proceso foi, en todo momento, claro e transparente. O Consello da Xunta –previo informe, evidentemente, da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Estado– aprobou este concurso o 20 de novembro do 2014, adoptou o acordo de autorizar que a Fundación pública 061 sacara este concurso. Evidentemente, por dúas razóns: primeiro, polo seu importe, como vostede di –que, evidentemente é obrigado levalo ao Consello da Xunta– e tamén por ser por seis anos, catro máis dous, como vostede di.

Os cambios operados na normativa estatal obrigáronnos, evidentemente, a cambiar parte dos pregos. En todo momento houbo unha mesa de contratación de técnicos do 061, e de técnicos do Servizo Galego de Saúde que –non teño ningunha dúbida– avaliaron totalmente as ofertas presentadas.

Como lle dixen, presentáronse todas as empresas que están hoxe prestando o servizo en todos os lotes de Galicia –vese que que lles deu tempo–. Evidentemente, levabamos moito tempo dicindo que iamos sacar este concurso, e eles sabían as condicións en que ía saír o concurso; todos, non soamente algunha empresa, como di vostede, que non está no ámbito de Galicia, senón todos os empresarios galegos sabían, evidentemente, que este concurso se estaba a preparar e que as características técnicas dos vehículos ían ser as que recolle o real decreto nacional e o decreto galego. Non podía ser doutra maneira.

Desde logo, creo que os técnicos que están a avaliar ou que avaliaron os procedementos e as ofertas presentadas, non creo que teñan ningún interese en ningunha das ofertas. Pero ademais, dígolle máis: houbo algúns recursos xa presentados contra este concurso e, de momento, todos estes recursos foron fallados a favor do 061, da Fundación 061. Esperamos, en outubro, ter xa todos os recursos resoltos e ser capaces de firmar os contratos.

E, desde logo, cando vexamos as adxudicacións veremos que hai moitas empresas galegas que van ser adxudicatarias dos distintos lotes que compoñen o 061. Evidentemente, o importe é moi alto, pero é que estamos prestando o servizo mellor valorado polos galegos e polas galegas que é o do 061, as ambulancias do 061. Temos ambulancias en todas as comarcas galegas, temos ambulancias medicalizadas e temos ambulancias básicas para servir a todos os galegos nas urxencias e nas emerxencias.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela e D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para a recuperación dos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla, O Cabido e o Boído

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Rodas, para formular a súa pregunta.

O señor RODAS CHAPELA: Moi boa tarde.

Moi boa tarde, señora conselleira.

Unha vez máis traemos aquí a situación dramática que está a vivir a ría de Arousa coa desaparición de recursos nos Lombos do Ulla e coa presión do Boído e do Cabido. Non hai mais que botarlle unha visual aos seus datos para comprobar a evolución de vendas anuais de bivalvos nas diferentes lonxas da Arousa, e comprobar como, a partir do 2008, a caída vai en picado. Como ben sabe, no 2012 detectouse a martelia, que está a provocar a mortalidade do berberecho común, o *Cerastoderma edule*.

Tiñamos reclamado medidas para evitar a proliferación, pero hoxe xa está detectada tamén na ría de Pontevedra e Vigo. Preguntámonos se vai adoptar algunha medida para impedir que chegue á ría de Muros e Noia.

A martelia supón a morte do berberecho, e na Arousa representa nada máis e nada menos que unha perda do 40 % dos ingresos. ¿Vai facer algo?

Desaparecido o berberecho, hai maior presión sobre as ameixas, que, xunto coa mortalidade provocada polas últimas riadas, supón que diminúan as capturas tamén doutros moluscos. ¿Algunha medida para que o noso país produza, dunha vez, semente de berberecho e ameixa para poder reboar os nosos bancos marisqueiros? Aí está o microcriadoiro de Camariñas, toda unha imaxe do seu compromiso pola produción da nosa semente.

O ano pasado pedía, por estas datas, tempo e paciencia, encontrándonos que unha semana antes non estaban publicados os informes para poder abrirse ao que é o libre marisqueo; dentro de dúas semanas imos estar exactamente na mesma situación. ¿E agora que?, preguntámonos. Nin foi quen de tomar medidas no ano 2012, cando se detectou a martelia, nin no ano 2013, nin no 2014 nin tampouco neste, que xa imos para alá do 2015.

¿Que lle di este ano aos centos de mariscadores que cada venres se concentran nos diferentes concellos da Arousa,

señora conselleira? ¿Que solución lle traslada ao sector a dúas semanas da apertura do libre marisqueo?

Cando haxa que pechar os Lombos do Ulla por non haber capturas, ¿de que vai vivir toda esta xente?, ¿como van afrontar este inverno? Ao non haber marisqueo haberá tamén, como está a suceder, máis presión sobre outras artes –xa se están a queixar de que non hai polbo nin nécora, que non se pode traballar ao enmalle–. ¿Que...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: ...solución lle dá, señora...
(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Rodas, en primeiro lugar quixera poñer de manifesto que esta consellería ten traballado, traballa e traballará por dar unha solución á difícil situación na que se atopan os bancos de libre marisqueo da ría de Arousa.

Permítame aquí que destaque unha incoherencia que creo que delata unha visión nesgada da nosa actuación, e que lle pido que cambie para sumarse á liña de propostas de solucións, xa que vostede fala de fallas de medidas e, no mesmo parágrafo, comenta os estudos de avaliación da presenza de bivalvos realizados pola Xunta de Galicia.

Déixeme facer outra apreciación, porque vostede –e algún máis– fala de que as accións se deberan facer antes, especialmente as análises das existencias de recursos, e hai que dicir que isto se fai así porque, para coñecer a biomasa de talla comercial das distintas especies, se precisa unha avaliación o máis recente posible, e porque o recrutamento do ano non se debe avaliar ata que remata a tempada de fixación.

Sirvan estes estudos realizados, que vostede cita, como botón de mostra de que non existe nin abandono nin deixa-

mento de funcións neste ámbito, nin en diálogo nin en accións. Vostede debería coñecelo porque os medios recolle-ron moitas destas accións profusamente.

A raíz do estudo levado a cabo dende a Consellería e na procura de adiantar solucións á situación actual da escaseza de berberecho nestes bancos da ría de Arousa, sinalábanse cinco posibilidades a analizar para a súa execución e así foron amosadas ao sector en dúas xuntanzas. Neste senso, desbotouse o dragado por considerar que non resolve a situación actual das poboacións de ameixas e que, sen embargo, prexudicaría o recrutamento deste ano, retrasando a recuperación da produción do banco. Esta conclusión coincide coa obtida no iniciado no ano 2002 –e rematado no ano 2004–, estudo que comprobou que o dragado do canal non tiña ningún efecto sobre a baixada xeneralizada da salinidade da zona. Pero o resto das accións foron aprobadas e algunhas xa están executadas, xa que se procedeu á remoción do sedimento nunha parte do Boído, que actualmente non era produtiva, abordouse a limpeza de restos de algas depositadas nos fondos dunha parte do banco do Cabido e executouse un control de depredadores que levou á retirada de máis de 3 toneladas de canaíllas, de busano e de postas de ambas as especies na enseada do Grove durante o mes de xullo. Queda por abordar o traslado de reló de talla superior a 35 milímetros por fóra dos bancos marisqueiros do Boído e do Cabido.

E, xa que logo, estamos traballando desde hai anos, e non desde onte, para a recuperación destas zonas de traballo e para que isto sexa unha realidade. Confiamos nos técnicos e sabemos que non existen variñas máxicas, pero experiencias como as da ría de Pontevedra fannos pensar nun moito de traballo e nun pouco de agardar bos resultados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, conselleira.

Réplica do señor Rodas Chapela.

O señor RODAS CHAPELA: Señora conselleira, cando che-gou esgrimía o seu compromiso de profesionalizar as maris-cadoras e aumentar os seus ingresos. Hoxe a realidade é bastante máis dramática: non só baixan o número de marisca-doras, senón que os seus ingresos caen en picado: 6.482

euros o ano pasado, 5.720 hai dous anos. Esa é a triste realidade.

As medidas reais contra a martelia foron que o berberecho leva desaparecido desde o 2012, que o mesmo xa pasou a Pontevedra e a Vigo e que non hai nin unha soa medida para enfrontar que poida chegar á ría de Muros e Noia. O único que leva presentado aquí é a actividade que leva desenvolvido durante 10 días, que é remover o Boído, retirada de algas e eliminación de depredadores. Esa é a única bagaxe nunha situación altamente complexa, que non son quen de poñer ningunha actuación precisa encima da mesa. Pero o peor son os seus incumprimentos de escoitar e acompañar o sector; e non o dicimos nós, dío o propio sector, que xa a desautorizou o ano pasado, que, igualmente que co cerco, como se veu anteriormente, está sendo desautorizada por impor as CPI (cotas pesqueiras individuais) e asumir o reparto da xarda, por exemplo.

Os patróns maiores acúsana, señora conselleira –acusábana o ano pasado– de pasotismo, recorreron ao vicepresidente e agora mesmo están recorrendo ao señor presidente. Vostede xa non é a interlocutora válida nin para o marisqueo, nin para a pesca, nin para o leite nin para o lume. Carece de proxecto para o sector, non cumpriu as promesas de profesionalizar o sector nin de aumentar as rendas, nin de acompañamento, nin de pór en valor as marcas inmateriais, nin de regular os parques de cultivo nin as tallas fóra do banco natural nin do relojito. Nada de nada de nada, señora conselleira.

Pola contra, vostede está...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodas. *(O señor Rodas Chapela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas.

Moitas grazas.

Réplica da conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana. *(Aplausos.)*

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Señora presidenta, señorías.

Señor Rodas, a verdade é que non sei se me van dar tempo os tres minutos para dicirlle e desmontarlle todas e cada unha das súas aseveracións.

Punto primeiro, que non me consideran interlocutora: hai ben pouquiño recibín unha carta de agradecemento do presidente da Acerga polos esforzos feitos en Madrid para conseguir maiores cupos de pesca. Iso, por un lado.

Segundo: primeiro, identificar cal era o patóxeno que tiña o berberecho, iso fano os científicos e para iso hai que destinar cartos para facer medidas de investigación; nestes momentos xa sabemos que patóxeno é o que afecta ao berberecho e estamos traballando nunha liña de investigación para conseguir unha especie que sexa resistente a esta enfermidade; pódolle dicir que en tan pouquiño tempo é difícil que haxa ninguén tan comprometido co estudo e co avance que se ten conseguido na identificación da martelia do berberecho.

Tamén lle podó dicir que é unha especie foránea, que alguén, indebidamente, introduciu nas nosas augas; dende logo, non a administración da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)*

Pódolle dicir que no ano 2012 se detectou a enfermidade e que nestes momentos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* os resultados preliminares que hai sobre a situación do berberecho nos bancos da ría da Arousa acreditan que este ano houbo moita fixación e que é posible que ese berberecho chegue á talla comercial. Nos bancos de Pontevedra hai fixación, moita fixación de berberecho e espere-mos tamén que poida ser comercializado. E non me vou referir á ría de Muros e Noia porque creo que o luns foi portata en todos os periódicos.

En canto á interlocución e ás reunións co sector –têñoas aquí anotadas para que non se me olvide ningunha–: o 14 de xaneiro tiveron reunión co secretario xeral do Mar, o 15 de abril reunión cos representantes para tratar o tema da explotación do reló, o 28 de xullo presentouse o estudo de Seaga e discutíronse as medidas, o 14 de agosto seguíronse analizando as medidas postuladas de cara á súa execución e, mañá, teñen reunión coa que lles está a falar para decidir que medidas máis imos poñer enriba da mesa e para analizar nos próximos días os resultados definitivos da situación na que se atopan os moluscos na zona dos lombos do Ulla.

Tamén lle quero facer unha matización: o que se atopa mal na ría de Arousa son, precisamente, os bancos de libre marisqueo, non os bancos das zonas de autorización e concesión das confrarías onde traballan as mariscadoras, que elas mesmas din que os seus bancos están bastante mellor que aqueles do libre marisqueo. Logo haberá que pensar que ao mellor temos que modificar algunha medida de xestión para que os bancos onde traballan os de a flote estean na mesma situación que os bancos onde traballan as mariscadoras a pé.

Unha boa xestión moitas veces é significado de que ao ano seguinte imos ter mellores resultados e así se acaba de acreditar na ría de Noia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e seis deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas propostas pola Xunta de Galicia para a saída da situación de emerxencia que sofren as explotacións gandeiras

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Sánchez, para formular a súa pregunta.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, ¿que imos esperar dun Goberno que non dubida en utilizar as administracións públicas, como a Consellería de Sanidade, para poñelas ao servizo do Partido Popular e crear alarma entre a poboación para desestabilizar un Goberno? ¿Que imos esperar dun Goberno que ten un presidente que practicou esta mañá, unha vez máis, o escapismo político, a elisión das súas responsabilidades e...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ese é o nivel, ese é o nivel. *(Murmurios.)*

O señor Feijóo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, o señor Feijóo, o que pasa é que non saben nin que estou falando da cuestión; iso é que non se enteran, iso si que é certo. *(Murmurios.)* O señor Feijóo hoxe volveu facer un exercicio de escapismo, de elisión de responsabilidades, de non exercer de presidente da Xunta de Galicia e manifestou que a oposición incitaba o sector a non aceptar o acordo proposto polo Ministerio de Agricultura. Eu dígolle

ao señor Feijóo que ese non é o problema, o problema non é o que pense a oposición do acordo do Ministerio de Agricultura; o problema é que o propio sector non acepta ese acordo como válido para solucionar os seus problemas, ese é o verdadeiro problema.

Primeiro, porque ese acordo é un conxunto de xeneralidades, de inconcrecións e de cuestións que xa lles dixeron anteriormente que ían ser solucionadas. Ese é un problema engadido tamén á falla de credibilidade do señor Feijóo –que xa asinou un acordo hai tres anos co sector no que se comprometía a unhas cuestións que, evidentemente, non cumpriu–, á falla de credibilidade dun Goberno que propuxo en sucesivas ocasións paquetes normativos que non foron eficaces para solucionar o problema.

Onte xa falamos dos problemas estruturais –non vou volver falar da súa falta de previsión e da tardanza na súa reacción–, agora é o momento de preguntar polas solucións a curto prazo, porque a nós nos dá a impresión de que este goberno non traballou para solucionar o problema do leite senón que traballou para quebrar a resistencia dos gandeiros que se estaban a mobilizar; traballou para quebrar a súa resistencia acosando, dividindo e, como ben se dixo onte aquí, o problema non era un problema do sector, o problema para o Partido Popular eran as mobilizacións. Esta xente chegou a ter que sufrir un acoso de, incluso, desembarco de antidisturbios para desaloxalos dos bloqueos das industrias, cando están simplemente loitando por ter un prezo digno que lles sirva para vivir; aí si que se aplican duramente os instrumentos do Estado para sancionar, contra os gandeiros, pero contra a industria e contra a distribución non.

Señora conselleira, ¿en que están traballando, en que solucións están traballando que afecten o sector gandeiro para poder...?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Sánchez, a verdade é que a súa introdución para expoñer a pregunta que ía facer pézeme que é como se non estiveran vivindo todos estes días en Galicia, non sei onde estiveron, non sei se participaron do debate que houbo... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, pois ao mellor estiveron un pouco de vacacións e non se enteraron de que o presidente da Xunta non deu nin escapismo, de que estivo en todo momento reunido co sector, de que alá polo 5 de agosto –cando non había mobilizacións– *(Murmurios.)* *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)* o presidente da Xunta estaba reunido...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Fajardo!

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): ...con todos os eslabóns da cadea. Eu non sei se isto é intencionado ou non, o que si sei é que parece que vostedes así o valoran.

Eu pediríalle que revisara o acordo que se firmou no ano 2012 e que me diga que punto dos que aparece nese acordo, que fora competencia da Xunta de Galicia, non se cumpriu. Simplemente o reto a iso, porque todos os puntos que aparecen nese acordo que eran competencia da Xunta de Galicia, absolutamente todos, se cumpriron.

O noso compromiso está, dende logo, co sector: soamente neste ano 2015 lévanse pagado xa máis de 140 millóns de euros; a curto prazo temos medidas para amortiguar o impacto das dificultades que teñen que atravesar nestes momentos determinadas explotacións; no pasado Consello da Xunta aprobamos as moratorias de dous anos nos pagos dos créditos dos plans de mellora sen custes de intereses para o sector, axilizamos as xestións para anticipar máis do 70 % das axudas da PAC do ano 2016 –ata agora podía anticiparse só o 50 %–, que empezarán a cobrar a partir do 16 de outubro do ano 2015, e isto significará que antes de decembro do 2015 as explotacións terán percibido unha media de 17.000 euros por explotación. Ademais, imos darlle apoio para os circulantes, que permitirán un acceso a 10 millóns de euros de capital.

A medio prazo estamos facendo xa a campaña de valoración do noso produto de calidade, do leite galego 100 %,

e temos unha iniciativa promocional de repartir máis de 100.000 tetrabriks entre os nenos pequenos para que se acostumen a tomar leite. E a longo prazo, á parte de consolidar a promoción do leite galego 100 %, estaremos promovendo a reestruturación do sector.

Nós estamos convencidos de que o sector o que ten é que estar unido. A nós nunca se nos poderá acusar de dividir o sector, outros saberán onde están, nós en buscar que todos formen parte dunha única organización. Imos apoiar os investimentos industriais no sector e a concentración empresarial con máis de 30 millóns de euros, temos os exemplos de integración cooperativa de Acolat e de Lasurgal.

Nesas liñas, señor Sánchez, imos seguir traballando, que non lle caiba a menor dúbida.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, conselleira.

Ten a palabra, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, a mellor calidade como Goberno é que vostedes non se poñen colorados nunca, nin cando din estas cousas.

Mire, ¿dígolle un punto? O primeiro punto: liderar na redacción da Lei da cadea alimentaria un punto que establecese un prezo de referencia para evitar que se venda por debaixo dos custes de produción. Estoullo dicindo de memoria, señora conselleira. ¿Ese era un punto do acordo do 2012, si ou non, señora conselleira? ¿Cumpriuse si ou non? ¿Liderou o Partido Popular a redacción da Lei da cadea alimentaria para establecer un prezo de referencia? Non, señora conselleira. Deixen de mentir, ¡deixen de mentir! Son un Goberno fracasado, ¡son un Goberno fracasado!

Vostedes non solucionan o problema de fondo, que é que poidan percibir un prezo digno, e vostedes nin sequera foron capaces de evitar que neste país se vendese a perdas e se utilizase o leite como produto reclamo. Iso son competencias da Xunta, señora conselleira.

¿Que fixeron vostedes para evitar que se vendese o leite nas grandes superficies por debaixo do custe de referencia

que pon o Observatorio de Prezos do Ministerio de Agricultura? ¿Que fixeron vostedes, señora conselleira? Déame unha relación das sancións que quixeron impoñer e non me diga que vostede fixo algo para estar ao lado dun sector, cando vostedes foron os artífices desa estafa masiva que foi Alimentos Lácteos.

Vostede vén aquí vender como solución as axudas europeas, como se fosen limosnas aos gandeiros, señora conselleira. ¿As axudas europeas, que se levan recibindo ininterrompidamente neste país desde que se entrou na Unión Europea, vén vostede vendermas como solución do sector? Vostede non ten máis porque vostede non pinta nada.

Os gandeiros xa non esperan nada de vostede, o único ao que vén aquí é a manipular e a mentir unha vez máis. Pero iso sí, o sector xa a coñece. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Conselleira, ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Sánchez, alégrome de que me coñeza o sector porque saben que nunca lles mentín nin lles mentirei nin lles vou mentir, por moito que vostede se empeñe en dicir todo o contrario.

Nós lideramos a redacción da Lei da cadea alimentaria. É a primeira vez na historia que hai esa lei en España, é unha lei que nos están pedindo dende a Unión Europea e esa lei foi liderada dende Galicia e púidose poñer todo o que legalmente se podía poñer. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Cando nós quixemos poñer algo máis, houbo un informe do Tribunal da Competencia que nolo impediu.

A señora PRESIDENTA: Señor Sánchez

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): E pode dicirille... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Porque é moi fácil xogar con onde nós non podemos [...], pero hai expedientes sancionadores abertos a todos aqueles que incumpriron a Lei da cadea alimentaria... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Sánchez!

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): ...señor Sánchez, e vostede sábeo. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Hai expedientes abertos, señor Sánchez.

Non me diga que nós estamos enganando o sector, o único que estamos dicindo é que este acordo é un paso histórico. Na Inlac estaban ata o momento reunidos os produtores –os seus representantes– mais os representantes da industria. Dende a existencia da Inlac, a primeira vez que foron capaces de firmar un documento en conxunto foi hai quince días para chegar a unha proposta de acordo diante do ministerio e, ademais desa proposta en conxunto que fai o sector produtor máis a industria, deciden tamén que se incorpore a distribución a este acordo. Polo tanto, están todos para retratarse a título individual: *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* industria, distribución –a título individual– e os representantes do sector produtor.

Cremos que é un paso histórico, cremos que é un momento no que se recolle por fin a figura do mediador, no que o sector produtor lle di ao ministerio que ten que ser el o garante de que se cumpran estes acordos.

Polo tanto, imos traballar todos xuntos na defensa deste sector. Non xoguen a dividir o sector, non xoguen a facelo máis pequeno; xoguemos todos, empuxemos todos para facelo máis grande.

Nestes días, en toda España estaba comercializándose leite e os gandeiros de Galicia, por unha decisión de non se quen pero, dende logo, non do sector, non podían entregar o seu leite e tiñan que estragalo. Iso é unha imaxe moi negativa para o sector e alá quen lle impediu ao noso sector poder estar entregando o seu leite, mentres o leite do resto de España si que se estaba comercializando, si que se estaba industrializando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señor García!

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR
(Quintana Carballo): Esas perdas veremos quen as vai pagar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, conselleira.

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Boa noite e moitas grazas.

Remata a sesión ás sete da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Blanco Rodríguez, Noela	(PSdeG-PSOE)
9.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Mouteira, María Sol	(PP)
13.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
14.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
15.- Dorado Soto, Javier	(PP)
16.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
17.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
19.- Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)
20.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
21.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
22.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
23.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
24.- García Pacín, Isabel	(PP)
25.- Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
26.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
27.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
28.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
29.- Iglesias Sueiro, Carme	(M)
30.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
31.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
32.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
33.- Martínez García, María Consuelo	(M)
34.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
35.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
36.- Mouriño Villar, Antonio	(PP)
37.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
38.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
39.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
40.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
41.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
42.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
43.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
44.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
45.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
46.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
47.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
48.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
49.- Prado del Río, Paula	(PP)
50.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
51.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
52.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
53.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
54.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
55.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Pérez, Ramón	(PP)
65.- Santos Regueiro, Francisco	(PP)
66.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
67.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
68.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
69.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
70.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
71.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73.- Vázquez Blanco, Emilio	(PSdeG-PSOE)
74.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25